XUNTA DE GALICIA
Saída 474649 / RX 585683
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 04/04/2022 19:16:18

o Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se ne interior da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, comunícase a apertura do trámite de audiencia no procedemento de elaboración do *anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia*.

De conformidade co exposto, achégase o texto do anteproxecto aos efectos da remisión das observacións que estimen oportunas no prazo máximo de quince días hábiles dende a recepción desta notificación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Nicolás Vázquez Iglesias

PESCAENVERDE – GRUPO DE BIOTECNOLOXÍA AMBIENTAL DA USC

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 1ª planta
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
sxt.medio-rural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

Asinado por: VAZQUEZ IGLESIAS, NICOLAS
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 04/04/2022 08:50:43

CVE: 3hJgCDuIJQV3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE
XUNTA DE GALICIA
Saída 474649 / RX 585683
REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 04/04/2022 19:16:18

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Galicia, grazas á súa posición xeográfica, ao seu longo e sinuoso perfil costeiro e á súa accidentada orografía, contén unha gran diversidade de microclimas que, unida a presenza de solos moi diversos, deu lugar a unha rica agricultura produtora de materias primas dun inmenso valor culinario, que se suman á variadísima oferta de produtos da pesca, a acuicultura e o marisqueo. A esta influencia do medio natural hai que engadirlle o saber facer xeracional das mulleres e homes do noso agro, preservando o patrimonio xenético que representan as variedades e razas autóctonas, facendo uso de técnicas de cultivo, produción e elaboración tradicionais e enchendo de vida o noso rural.

Esta riqueza de materias primas de primeira calidade ten dado lugar a unha variada gastronomía, que é un dos principais atractivos da nosa oferta turística, o que aumenta a importancia e o valor da actividade das persoas que traballan no mar e no agro en Galicia e das empresas que transforman e comercializan os nosos produtos alimentarios. Ademais, estas materias primas e esa cultura culinaria son a base do que xa se coñece como "Dieta atlántica", que dá un papel principal a peixes e mariscos, verduras e hortalizas, pero tamén inclúe hidratos de carbono, lácteos, aceite de oliva e un consumo moderado de carne e viño. Esta dieta contén todos os ingredientes necesarios para unha alimentación saudable.

O sector agroalimentario galego está conformado principalmente por pequenas explotacións agrarias, a maioría de tipo familiar, e un bo número de industrias que transforman as materias primas que aquelas lles fornecen. Neste sector agroindustrial conviven empresas de considerable tamaño con multitude de microempresas. Estas agroindustrias atópanse espalladas por toda a xeografía galega, moitas veces próximas ás zonas de produción das materias primas e, polo tanto, afastadas das zonas máis desenvolvidas da comunidade autónoma, polo que son un elemento importante para xerar riqueza e dinamizar áreas do noso territorio nas que son escasas outras actividades industriais. Ademais, determinadas actividades agrarias, como a gandería extensiva e a viticultura, son fundamentais para a protección do territorio, para o freo do abandono do medio rural, para o mantemento da paisaxe e a biodiversidade e para a prevención dos incendios forestais.

Así mesmo, a actividade pesqueira, do marisqueo e da acuicultura reflicte unha situación similar en canto á tipoloxía das empresas que integran o sector.

Son moitas as empresas alimentarias galegas que están a facer unha importante aposta pola diversificación das súas producións e pola calidade destas, pola innovación e pola apertura cara a novos mercados. Certamente, a calidade e a diversidade da produción alimentaria de Galicia constitúe un dos seus principais activos, o que contribúe non só a engrandecer o noso patrimonio cultural e gastronómico, senón que permite ofrecer unha vantaxe competitiva ás persoas operadoras alimentarias.

Á súa vez, a cidadanía aumentou a demanda de produtos de calidade e máis sostibles, así como a de produtos tradicionais e locais. Por iso, a industria alimentaria debe seguir apostando polo valor engadido, a sostibilidade, a innovación tecnolóxica e a dixitalización, para camiñar cara a unha Galicia con máis calidade, máis verde e máis innovadora. Ao mesmo tempo, o sector necesita comunicar ás persoas consumidoras as características da súa produción, identificando correctamente os seus produtos no mercado, todo iso no marco dunha competencia leal.

Neste senso, os avances tecnolóxicos deben levar aos operadores alimentarios a perseguir o desenvolvemento de solucións holísticas de rastrexabilidade cunha visión integral da cadea alimentaria. Estas solucións deben ter por obxectivo unificar, enriquecer e establecer estándares de reporting, así como a creación de sistemas de marcado físico que permitan identificar o produto ou lote de forma unívoca, posibilitando a captura dos datos de maneira automatizada e o seu rexistro nunha base de datos compartida e inalterable.

Os cambios experimentados na produción e na comercialización alimentaria, a incorporación de novas tecnoloxías e formas de comercialización e o incremento dos intercambios entre Estados, fan necesario acometer unha adaptación da normativa á nova situación, establecendo medidas que permitan controlar os alimentos destinados á Comunidade Autónoma de Galicia ou procedentes dela.

Tamén se debe ter en conta que o Parlamento Europeo publicou a Resolución do 14 de xaneiro de 2014 sobre a crise alimentaria, as fraudes na cadea alimentaria e o control ao respecto (2013/2091(INI)) na que se recoñece un gran incremento da fraude alimentaria e na que se insta á Comisión Europea e aos estados membros para que incrementen e reforcen os controis oficiais, ademais dos medios humanos e materiais dispostos para loitar contra a fraude alimentaria, e tamén declara o seu apoio á proposta da Comisión Europea de endurecer as sancións impostas polos incumprimentos da lexislación alimentaria para que estas sexan efectivas na disuasión das condutas fraudulentas

Neste contexto adquiren especial relevancia a protección, o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permiten ás persoas consumidoras recoñecer os produtos con valores e utilidades que merezan a súa confianza así como asegurar rendas dignas aos produtores e produtoras que compensen o seu esforzo. Con esta finalidade e, en xeral, coa de garantir a calidade dos alimentos que se produzan ou que se comercialicen en Galicia, hai xa máis de dezaseis anos que se

publicou a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Aínda que o desenvolvemento do sector foi positivo e a lei mostrouse como unha ferramenta útil para a evolución da calidade dos produtos alimentarios galegos, persisten problemas e hai novos retos que fan necesaria a súa actualización.

A evolución que sufriu o sector alimentario e a experiencia acumulada nestes anos de aplicación, así como os cambios que se produciron no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, fan preciso proceder a unha nova regulación da calidade alimentaria en Galicia. Neste contexto, hai que sinalar que o marco normativo comunitario e español sobre a calidade alimentaria, tanto no relativo á calidade alimentaria estándar – a relacionada co cumprimento de normas obrigatorias- como no relativo á calidade alimentaria diferenciada -a vinculada ao cumprimento de normas de carácter voluntario-, sufriu unha profunda modificación nos anos transcorridos desde a aprobación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro. Así, no ámbito da calidade alimentaria estándar, en 2017 aprobouse un novo regulamento sobre o control oficial dos alimentos, o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios e, anos antes, a normativa comunitaria sobre a etiquetaxe dos alimentos, o Regulamento (UE) nº 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor.

Pola súa parte, no ámbito da calidade diferenciada a normativa europea tamén mudou profundamente dende a aprobación da citada Lei 2/2005, do 18 de febreiro. Así, con posterioridade á aprobación desa lei publicáronse os seguintes regulamentos, algúns deles con especificacións que tamén afectan a aspectos da calidade estándar: o Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios -que regula as denominacións de orixe protexidas (DOP) e as Indicacións xeográficas protexidas (IXP) do sector alimentario e as especialidades tradicionais garantidas (ETG)-; o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios -que regula as DOP e IXP do sector vitivinícola; o Regulamento (UE) 2019/787 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, sobre a definición, designación, presentación e etiquetaxe das bebidas espirituosas, a utilización dos nomes das bebidas espirituosas na presentación e etiquetaxe doutros produtos alimenticios, a protección das indicacións xeográficas das bebidas espirituosas e a utilización de alcohol etílico e destilados de orixe agrícola nas bebidas alcohólicas, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 110/2008; e o Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello.

Así mesmo, a normativa estatal tamén sufriu importantes cambios nos últimos anos. Así, no eido da calidade alimentaria estándar aprobouse a Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, que centra o seu obxecto nos aspectos técnicos das regulamentacións técnico-sanitarias e na normativa da Unión Europea e nacional que regula as características dos alimentos ou os seus procesos de produción e que teñen contido esencialmente económico por estar dirixidos a tentar previr fraudes alimentarias e mellorar a calidade dos bens postos no mercado, superpoñendo a todas elas uns sistemas comúns de autocontrol acreditado, control oficial administrativo e réxime sancionador do seu incumprimento.

Ademais, dentro do campo da calidade diferenciada, a nivel estatal aprobouse a Lei 6/2015, do 12 de maio, de Denominacións de Orixe e Indicacións Xeográficas Protexidas de ámbito territorial supra-autonómico, que aínda que regula principalmente as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas cuxo ámbito territorial abrangue máis dunha comunidade autónoma, tamén ten algúns preceptos de aplicación básica. A aprobación tardía desta normativa estatal fronte á normativa que se aprobara con anterioridade desde varias comunidades autónomas, como é o caso de Galicia, e a formulación dalgúns conflitos de competencia resoltos no Tribunal Constitucional, tamén fan necesaria a modificación da lexislación galega para adecuala a estes cambios e facilitar a súa aplicación.

Doutra banda, desde a aprobación da Lei 2/2005, produciuse un importante avance na profesionalización do funcionamento dos consellos reguladores como entidades de xestión das denominacións de orixe protexidas e as indicacións xeográficas protexidas, especialmente no que se refire á súa actividade de control e certificación, función que se delegou nos consellos reguladores de maior dimensión económica e que, polo tanto, teñen unha estrutura organizativa mínima que fai viable esa delegación. Pero a norma internacional á que debe axustarse o funcionamento dos organismos de certificación de produtos tamén cambiou desde a aprobación da Lei 2/2005, polo que hoxe os consellos reguladores nos que se delegou a tarefa de certificar os produtos amparados deben adecuar o seu funcionamento á norma UNE-EN-ISO/IEC 17065: 2012 para poder contar coa acreditación da Entidade Nacional de Acreditación (ENAC).

A creación no ano 2018 da Axencia Galega da Calidade Alimentaria supón unha importante aposta da Xunta de Galicia para o fortalecemento da calidade alimentaria diferenciada galega e de apoio a profesionalización dos consellos reguladores, non só pola vía das axudas públicas ao seu funcionamento e ás súas actividades de promoción e de control e certificación da produción, senón tamén mediante o acompañamento na súa xestión ordinaria. O obxectivo final é o impulso do conxunto da calidade alimentaria diferenciada galega como unha actividade que dea rendibilidade aos diferentes elos das respectivas cadeas de valor, procurando o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e medioambientalmente sostible.

Sen prexuízo deste labor de actualización lexislativa, son obxecto desta lei o impulso da calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia e o establecemento das

bases para o control oficial do cumprimento dos requisitos establecidos para a comercialización dos produtos alimentarios e a persecución da fraude alimentaria.

A produción agroalimentaria en Galicia mantén o prestixio que historicamente fai que sexa recoñecida no resto do Estado español pola súa calidade, asociándose a producións sostibles moi vencelladas ao territorio e con capacidade para fixar poboación no rural grazas ao mantemento e creación de postos de traballo. A loita contra as prácticas desleais na produción e comercialización de alimentos debe ser un obxectivo prioritario. Este labor de control, sustentado no Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a aplicación da lexislación en materia alimentos e pensos, constitúe un elemento indispensable para garantir a lealdade das transaccións comerciais, a seguridade xurídica das diferentes persoas operadoras e para non defraudar as expectativas das persoas consumidoras. Así mesmo, o citado regulamento, no seu artigo 139, prevé que os Estados membros establecerán normas sobre as sancións aplicables ás infraccións da lexislación en materia de alimentos e tomarán todas as medidas necesarias para garantir a súa aplicación. Indica ademais que as sancións establecidas deberán ser eficaces, proporcionadas e disuasorias.

Por outra parte, esta lei impulsa a calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia, mellorando, integrando e desenvolvendo a súa regulación e reforzando a posta en valor dos produtos de calidade a través do apoio ás denominacións de orixe protexidas, ás indicacións xeográficas protexidas e a outras figuras de protección, para que os produtos galegos alcancen unha nova dimensión no mercado, máis competitiva e atractiva para a cidadanía. Preténdese así favorecer tamén o desenvolvemento local, a creación de emprego e a diversidade produtiva e achegar ás persoas consumidoras todas as garantías de que o produto que se ofrece pasou rigorosos controis de calidade e estivo sometido a un especial coidado no proceso de produción e comercialización.

En relación co impulso ás producións de calidade diferenciada ao que nos estamos a referir, esta lei tamén regula os consellos reguladores, entidades que se constitúen como corporacións de dereito público para a xestión das figuras de protección da calidade daqueles sectores e produtos de calidade diferenciada que teñen unha maior capacidade autoorganizativa.

Estas figuras de protección da calidade diferenciada poden coexistir con outras marcas de calidade, de titularidade pública ou promovidas por calquera Administración, que garanten a calidade das nosas producións e que poden ser instrumentos útiles para a súa promoción no mercado.

A demanda de produtos diferenciados e exclusivos, debido ao seu carácter local e artesanal, que ofrece a artesanía alimentaria, móstrase útil como motor de desenvolvemento das economías rurais ao propiciar a instalación de pequenas industrias e explotacións agrarias, contribuíndo con iso ao asentamento da súa poboación. A produción artesanal alimentaria é unha actividade de suma importancia para a Comunidade Autónoma de Galicia, sendo preciso conservar, protexer e regular aqueles métodos de produción artesanais realizados por pequenas empresas ou

explotacións agrarias, nas que a intervención persoal dos seus titulares é relevante no proceso produtivo. A Comunidade Autónoma de Galicia apostou decididamente pola produción artesanal aprobando o Decreto 174/2019, de 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria.

O Regulamento (UE) 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor, destaca a importancia das novas tecnoloxías na comercialización de produtos alimentarios, en particular a venda a distancia, polo que resulta necesario que sexa obxecto desta lei o reforzo do seu control oficial.

Nos últimos anos produciuse un incremento substancial dos sistemas privados de certificación da calidade. Estas certificacións están baseadas en normas internacionalmente recoñecidas, confiando a garantía de que os produtos cumpren os requisitos establecidos a unha terceira parte independente dos intereses das empresas que operan no mercado e das persoas consumidoras: as entidades de control e certificación. En moitos mercados, este tipo de certificacións estase convertendo nunha condición imprescindible para o acceso a eles. Neste contexto, regulase nesta lei a necesidade de que estas entidades de control e certificación, cando exerzan actividades relacionadas coa verificación do cumprimento de esquemas de certificación públicos, realicen unha declaración responsable ante a autoridade competente, pasando a formar parte dun Rexistro de entidades de certificación.

No ámbito da calidade e como mecanismo para garantir a transparencia nas transaccións comerciais e o equilibrio na cadea comercial, o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios establece a obrigatoriedade da clasificación de canais de gando vacún e porcino, así como a voluntariedade para cada Estado membro da aplicación da clasificación de canais no caso do gando ovino e caprino. Para garantir o correcto cumprimento das disposicións recollidas na normativa comunitaria e buscando unha maior transparencia comercial e seguridade xurídica dos operadores faise necesario establecer un réxime de infraccións e sancións específico neste ámbito.

A transformación dos sistemas alimentarios e de uso da terra do mundo é necesaria para lograr os obxectivos para o clima e o desenvolvemento sostible establecidos nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e o Acordo de París sobre o cambio climático. As autoridades públicas xogan un rol importante dado o seu papel no establecemento e promulgación de regras económicas e sociais. A importancia particular das administracións na creación da contorna propicia para o cambio cara a unha agricultura máis produtiva e rexenerativa debe verse reflectida na incorporación da sostibilidade alimentaria neste texto, de xeito que esta lei se converta nunha ferramenta para desencadear e acelerar o tránsito cara á uns sistemas alimentarios máis sostibles na Comunidade Autónoma.

A transición a unha economía hipocarbónica, máis sostible, eficiente no uso dos recursos e circular, en consonancia cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, é

fundamental para garantir a competitividade a longo prazo da economía da Unión. Recoñecendo este reto, a Comisión presentou o Pacto Verde Europeo en decembro de 2019. O Pacto Verde Europeo constitúe unha nova estratexia de crecemento destinada a transformar a Unión nunha sociedade equitativa e próspera, cunha economía moderna, eficiente no uso dos recursos e competitiva, na que non haberá emisións netas de gases de efecto invernadoiro a partir de 2050 e o crecemento económico estará disociado do uso dos recursos. En relación coa produción agraria destaca a importancia dos agricultores europeos na xestión da transición cara aos obxectivos fixados pola Unión e a importancia de apoiar os esforzos para facer fronte ao cambio climático, protexer o medio ambiente e preservar a biodiversidade, a través da definición de sistemas alimentarios sostibles.

En liña co anterior, o 20 de maio de 2020 a Comisión Europea adoptou a Estratexia sobre a biodiversidade e a Estratexia «da granxa á mesa» en prol dun sistema alimentario equitativo, san e respectuoso co medio ambiente. As dúas estratexias refórzanse mutuamente, xa que conxugan a natureza, os agricultores e agricultoras, as empresas e as persoas consumidoras en prol dun futuro sostible e competitivo. En consonancia co Pacto Verde Europeo, ámbalas dúas estratexias propoñen accións e compromisos ambiciosos da UE para poñer coto á perda de biodiversidade e converter os nosos sistemas alimentarios en modelos para o mundo en prol da sustentabilidade competitiva e a protección da saúde humana e planetaria, sen esquecer os medios de subsistencia de todas as partes na cadea de valor alimentaria. En definitiva, os obxectivos da UE son reducir a pegada ambiental e climática do seu sistema alimentario e reforzar a súa resiliencia, garantir a seguridade alimentaria fronte ao cambio climático e a perda de biodiversidade, e liderar unha transición global cara á sostibilidade competitiva «da granxa á mesa», aproveitando as novas oportunidades. Isto contribuirá a lograr a «aspiración a unha contaminación cero» do Pacto Verde da UE.

De acordo con estes antecedentes, nesta lei recóllese a creación dun referencial que servirá para identificar no mercado os produtos que se obtiveron conforme a normas que garanten a súa sostibilidade, entendida esta non só dende o punto de vista ambiental, senón tendo en conta tamén os aspectos económicos e sociais. Os produtores primarios do agro e do mar desempeñan un papel crave na transición cara a un sistema alimentario máis equitativo e sustentable, e recibirán apoio da política agrícola común e da política pesqueira común a través de novos fluxos de financiamento e réximes ecolóxicos para que adopten prácticas sostibles. Polo tanto, facer da sostibilidade unha marca abre novas oportunidades de negocio e diversifica as fontes de ingresos tanto para os homes e mulleres do campo e do mar como para as empresas alimentarias.

En liña co anterior, seguindo os principios de responsabilidade social e ambiental e as recomendacións da Unión Europea e da FAO, introdúcese a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido durante o seu ciclo de vida e que acheguen beneficios medioambientais e sociais. Así, introdúcense os criterios para que nas compras

públicas se favoreza a presenza de produtos frescos, de tempada, ecolóxicos e de calidade diferenciada así como produtos procedentes de empresas que asumen determinados compromisos sociais.

Esta lei dítase de conformidade coa ordenación básica estatal e en execución, cumprimento e desenvolvemento do dereito da Unión Europea, sistematizando nunha única disposición a complexa normativa na materia da calidade alimentaria, favorecendo a mellora da seguridade xurídica dos operadores e axentes implicados na Comunidade Autónoma de Galicia.

II

Esta lei estrutúrase nunha exposición de motivos, onde se resumen de forma breve os obxectivos do texto e as novidades introducidas na regulación da calidade alimentaria e unha parte dispositiva, dividida nun título preliminar, sete títulos e as disposicións adicionais, transitorias, derrogatoria e finais necesarias para a súa aplicación e entrada en vigor.

O Título Preliminar establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os fins desta lei, así como as súas definicións xerais.

O Título I ten por obxecto as competencias e a organización administrativa e institucional no ámbito da calidade alimentaria, dividíndose en dous capítulos, destinados a regular as competencias e organización administrativa e os órganos de asesoramento, consulta e participación. En particular, establécese neste Título a regulación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e créanse dous novos órganos de consulta e participación, o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia.

O Título II regula a aseguranza da calidade alimentaria. No Capítulo I establécese o concepto e ámbito da aseguranza da calidade alimentaria. No Capítulo II regúlanse as obrigas dos operadores e operadoras alimentarias en relación co cumprimento dos requisitos de calidade así como o autocontrol e a súa modulación e recolle a posibilidade de establecer maiores esixencias para cada produto, sector ou tipo de persoa operadora. Igualmente, establécese a necesidade de sistemas de aseguranza baseados na rastrexabilidade que sexan efectivos, de xeito que permitan identificar e localizar ás persoas subministradoras e receptoras e que obriguen ás persoas operadoras a levar un sistema de rexistros. Así mesmo, regula os produtos non conformes, que deben ser retirados dos canais de comercialización e determina os destinos que se lles poden dar e a súa forma de identificación. Asemade, incorpórase un Capítulo III que ten por obxecto o sistema de certificación da sustentabilidade do sector agroalimentario galego.

O Título III contén as disposicións relativas á calidade alimentaria diferenciada, no que se regulan, no Capítulo I, as diferentes figuras de protección de calidade diferenciada; no Capítulo II, as denominacións xeográficas de calidade; no Capítulo III,

as especialidades tradicionais garantidas; no Capítulo IV, a produción ecolóxica; no Capítulo V, a artesanía alimentaria; no Capítulo VI, os produtos alimentarios tradicionais de Galicia; e no Capítulo VII, as obrigas dos operadores alimentarios de calidade diferenciada. Neste Título procedeuse a incorporar as novidades normativas introducidas con respecto á normativa anterior e, ademais, regúlase no Capítulo VIII a promoción de marcas de garantía.

O Título IV contén a regulación da xestión das figuras de protección da calidade diferenciada. O Capítulo I regula a xestión destas figuras directamente pola Administración. No capítulo II recóllese a posibilidade de delegación desas tarefas de xestión en consellos reguladores para o caso das denominacións de orixe protexidas, das indicacións xeográficas protexidas e para a produción ecolóxica. Esta delegación de tarefas de xestión, que pode incluír tamén as relativas ao control oficial do cumprimento das normas específicas da figura de protección da calidade polas persoas operadoras inscritas, poderá realizarse cando se dean determinados requisitos que a fagan posible, requisitos que se recollen neste capítulo. Ademais, a regulación dos consellos reguladores que se fai neste título esténdese aos seus recursos e financiamento, ao que se dedica o Capítulo III, e á súa supervisión, auditoría e tutela, cuestións que se abordan no Capítulo IV. Así mesmo, desenvólvese o réxime de incumprimentos das funcións dos consellos reguladores no Capítulo V, no que se detallan as medidas aplicables polo incumprimento nas funcións de xestión e, de ser o caso, nas funcións de control delegadas, así como a posibilidade de revogar a súa autorización e de suspender e disolver os seus órganos de goberno. Pola súa parte, o Capítulo VI prevé a creación de entidades asociativas sectoriais para aquelas figuras de protección da calidade diferenciada que non conten con entidades de xestión.

O Título V establece as medidas de fomento aplicables no sector alimentario, facendo mención especial das medidas relativas á calidade diferenciada.

O Título VI establece as disposicións relativas ao control oficial e regula, no Capítulo I, o control oficial da calidade de xeito xeral, a toma de mostras no Capítulo II e, no Capítulo III, as especificidades do control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada.

O Título VII ocúpase de determinar o réxime de inspección e sancionador. Os Capítulos I, II e III regulan a inspección, o establecemento e a adopción de medidas cautelares e as normas comúns en materia sancionadora. O Capítulo IV incorpora o catálogo de infraccións para todas as persoas operadoras alimentarias, en materia de calidade estándar e diferenciada e en control de canais, así como para as entidades de control e certificación. Esta regulación faise ao corresponder á comunidade autónoma ditar as normas administrativas sancionadoras naquelas materias substantivas nas que ten competencia, trala Sentenza 142/2016, do 21 de xullo, ditada no recurso de inconstitucionalidade interposto en relación con diversos preceptos da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, que declarou inconstitucional o catálogo de infraccións que con carácter básico contiña e que obrigaba, a falta de regulación autonómica, á aplicación supletoria do Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria. Como novidade fronte a actual

regulación da Lei 2/2005 do 18 de febreiro, o réxime de infraccións e sancións recollidos nesta lei aplícase tamén ao viño e aos produtos derivados da uva e do viño e, en particular, ao vinagre de viño, á augardente de bagazo e ao mosto.

Pola súa banda, as disposicións adicionais establecen as normas relativas á colaboración interadministrativa e a constitución dos órganos colexiados creados na lei.

A lei conta con dúas disposicións transitorias, que establecen o réxime aplicable aos procedementos anteriores e previsións sobre o desenvolvemento regulamentario relacionado cos consellos reguladores e a adaptación destes organismos a el.

Mediante a disposición derrogatoria única déixanse sen efecto as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ás disposicións desta lei e, en particular, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

As disposicións derradeiras primeira e segunda inclúen as habilitacións para o desenvolvemento regulamentario da lei, así como para actualizacións do importe das sancións e penalizacións establecidos nela.

Asemade, a disposición derradeira terceira contén disposicións para a adaptación do Rexistro Industrial de Galicia a esta lei.

Finalmente, establécense nas disposicións derradeiras cuarta e quinta disposicións sobre ás remisións regulamentarias relativas á artesanía alimentaria contidas nesta norma e sobre á súa entrada en vigor.

Este texto legal dítase ao amparo dos puntos 3 e 4 do artigo 30.1.º do Estatuto de autonomía para Galicia, que outorga á nosa Comunidade Autónoma competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, en materia de agricultura e gandería así como de denominacións de orixe, esta última en colaboración co Estado.

No devandito marco competencial aprobáronse os Reais decretos 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado en materia de denominacións de orixe, e 2165/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de defensa contra fraudes e calidade alimentaria.

A lei foi axustada aos principios de boa regulación aos que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. En concreto, os principios de necesidade e eficacia, ao perseguir o interese xeral de mellorar o marco regulatorio da calidade alimentaria e tratarse do instrumento máis adecuado para garantir os obxectivos expostos. En cando aos principios de seguridade xurídica e eficiencia, esta norma é coherente co resto do ordenamento xurídico e, en particular, unifica a normativa sancionadora dispersa na materia. Ademais, no seu contido procurouse establecer unha regulación clara que non supoña un incremento das cargas administrativas.

No procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación cidadá a través do Portal de transparencia e Goberno aberto. Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de lei seguíronse os trámites previstos na normativa aplicable, incluído o sometimento ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na actualidade na Directiva 2015/1535 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se establece un procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regras relativas aos servizos da sociedade da información, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, así como o informe do Consello Agrario Galego e o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Polo exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei da calidade alimentaria de Galicia.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta lei ten por obxecto:

a) Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

b) Fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Regular os consellos reguladores cando estas entidades realicen a xestión de figuras de protección da calidade diferenciada.

d) Determinar, en materia de calidade estándar e diferenciada dos produtos alimentarios, as obrigas dos operadores en Galicia, así como regular a actuación de inspección e control da administración autonómica e establecer o réxime sancionador.

e) Mellorar a eficacia do sistema de control oficial, perseguir a comisión das prácticas fraudulentas e establecer sancións disuasorias.

f) Impulsar a sostibilidade da produción alimentaria galega tanto dende o punto de vista ambiental como o económico e o social.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei aplícase á totalidade das actuacións que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conformidade dos procesos de produción, transformación e comercialización de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias.

2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

a) Os aspectos relativos á saúde, á seguridade física das persoas ou os animais, á materia laboral, á sanidade animal e vexetal e ao benestar animal.

b) Os aspectos regulados pola normativa específica sobre requisitos hixiénico-sanitarios e seguridade alimentaria.

c) As cuestións relacionadas coa produción primaria, excepto os que teñan que ver coas obrigas específicas dos operadores que produzan materias primas que se pretendan comercializar, directamente ou tras un proceso de transformación, baixo algún distintivo de calidade diferenciada e aquelas obrigas que teñan os operadores primarios en aspectos relacionados coa comercialización e a rastrexabilidade.

d) Os aspectos regulados pola normativa específica sobre rastrexabilidade, etiquetaxe e información ás persoas consumidoras dos recursos mariños en fresco en relación coa descarga, primeira venda e a súa comercialización, excepto os que teñan que ver coas obrigas específicas dos operadores que produzan materias primas que se pretendan comercializar, directamente ou tras un proceso de transformación, baixo algún distintivo de calidade diferenciada.

e) A oferta para a venda á persoa consumidora final. Non obstante, cando pola natureza das investigacións ou polo tipo de infracción que se persiga se considere necesario, poderá estenderse a inspección e control ao comercio polo miúdo.

f) Os aspectos relacionados coa materia de disciplina de mercado e os de defensa das persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 3. *Fins*

Os fins desta lei son os seguintes:

a) Garantir e protexer a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados en Galicia e contribuír a xerar un alto nivel de confianza neles.

b) Protexer os dereitos dos operadores da industria alimentaria e das persoas consumidoras, garantindo o cumprimento do principio xeral de veracidade e

demostrabilidade da información que figure na etiquetaxe dos produtos alimentarios e tratando de evitar a confusión ás persoas consumidoras.

c) Contribuír á unidade de mercado e á competitividade, ademais da transparencia e claridade do sector alimentario galego.

d) Garantir a coordinación do control exercido sobre a calidade alimentaria polas autoridades competentes.

e) Vixiar que os procesos de elaboración e transformación dos produtos alimentarios se axusten á normativa vixente.

f) Colaborar coa industria alimentaria para abordar cuestións que afecten os obxectivos desta lei.

g) Fomentar a diversidade e a calidade dos produtos alimentarios galegos.

h) Potenciar unha produción alimentaria de calidade, con equidade social e sustentabilidade ambiental e económica.

i) Promover a participación dos axentes sociais e económicos do sector e fomentar a cooperación entre as empresas alimentarias acollidas ás diferentes figuras de protección da calidade alimentaria para a posta no mercado dos seus produtos.

j) Contribuír, desde a unidade de mercado, a garantir prácticas equitativas no comercio dos produtos alimentarios.

k) Promover e protexer as producións e elaboracións dos produtos alimentarios de calidade diferenciada como ferramenta imprescindible para alcanzar unha mellor posición competitiva que permita facer fronte aos retos que se presentan aos operadores e operadoras do sector alimentario galego.

l) Regular a titularidade, o uso e a xestión das figuras de protección da calidade diferenciada no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o réxime xurídico aplicable ao seu control e certificación.

m) Valorizar a peculiaridade dos produtos agrarios tradicionais e innovadores de Galicia, fomentando os signos distintivos de orixe e calidade e o prestixio e a rendibilidade da industria alimentaria galega como instrumento básico de desenvolvemento económico no medio rural. De xeito específico, mellorar as rendas percibidas polos produtores primarios para acadar unha remuneración xusta do seu traballo.

n) Garantir a protección das figuras de calidade diferenciada, tanto polos medios establecidos nesta lei como, de ser o caso, pola normativa da Unión Europea.

o) Fomentar a produción local e os circuítos curtos de comercialización.

p) Protexer os intereses lexítimos dos produtores, os demais operadores alimentarios e os consumidores.

q) Colaborar na formación e a cualificación profesional dos operadores e operadoras alimentarios.

r) Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todas as actividades relacionadas coa produción e comercialización alimentaria.

s) Promover o desenvolvemento da investigación e a incorporación das novas tecnoloxías no sector alimentario e nos seus produtos.

t) Establecer unha regulación simplificadora, transparente e comprensible do sector alimentario, para facilitar o seu coñecemento e o cumprimento por todas as persoas destinatarias dela.

u) Contribuír a compatibilizar a mellora da calidade dos produtos alimentarios coa protección do medio ambiente, o uso responsable dos recursos naturais e o desenvolvemento sostible do medio rural e do mar.

Artigo 4. *Definicións xerais*

Para os efectos desta lei, estarase ás seguintes definicións:

a) Alimento ou produto alimentario: segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, é calquera substancia ou produto destinados a ser inxeridos polos seres humanos ou con probabilidade razoable de selo, tanto se foron transformados enteira ou parcialmente coma se non. Inclúe as bebidas, a goma de mascar e calquera substancia, incluída a auga, incorporada voluntariamente ao alimento durante a súa fabricación, preparación ou tratamento. Igualmente, para os efectos desta lei terán a consideración de alimento ou produto alimentario os moluscos bivalvos, os equinodermos, os tunicados e os gasterópodos recolectados ou producidos e, de ser preciso tratados, con destino ao consumo humano, tanto se foron transformados total ou parcialmente coma se non.

b) Análise arbitral ou dirimente: análise realizada polas autoridades competentes empregando un dos exemplares obtidos durante o control oficial nos casos nos que existan diferenzas entre a análise inicial e a análise contraditoria, co fin de dirimir se existe ou non un incumprimento da normativa vixente ou para determinar a cualificación da infracción detectada.

c) Análise contraditoria: análise realizada, de ser o caso, por petición da persoa operadora co exemplar da mostra obtido durante o control oficial e que quedou no seu poder ou á súa disposición.

d) Análise inicial: primeira análise realizada polas autoridades competentes para a comprobación do cumprimento das disposicións vixentes en calidade alimentaria, empregando un dos exemplares obtidos durante o control oficial.

e) Auditoría: o exame sistemático e independente para determinar se as actividades e os seus correspondentes resultados cumpren as disposicións previstas, e se as ditas disposicións se aplican eficazmente e son adecuadas para lograr os obxectivos.

f) Autocontrol: conxunto de actuacións, procedementos e controis que, de forma específica, programada e documentada, realizan os operadores alimentarios para asegurar que os alimentos, materias ou elementos para a produción e comercialización alimentarias cumpran os requisitos establecidos pola normativa que sexa de aplicación.

g) Autoridades competentes: as así definidas no artigo 3, punto 3 do Regulamento n.º (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

h) Autoridade de control ecolóxico: unha organización administrativa pública para a produción ecolóxica e a etiquetaxe de produtos ecolóxicos á que a autoridade competente atribuíra, na súa totalidade ou en parte, as súas competencias en relación coa aplicación da normativa europea sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos. Na súa actuación axustarase ao réxime xurídico dos organismos delegados de control.

i) Cadea alimentaria: conxunto de actividades que levan a cabo os distintos operadores e operadoras que interveñen na produción, transformación, distribución e comercialización de alimentos ou produtos alimentarios directamente ou por vía electrónica, excluíndo as actividades da hostalería e a restauración. En particular, inclúense as actividades de produción, fabricación, elaboración, transformación, manipulación, procesamento, preparación, tratamento, acondicionamento, envasado, embotellado, embalaxe, etiquetaxe, depósito, almacenaxe, exposición, conservación, expedición, transporte, circulación, importación, exportación, distribución, presentación do produto, venda e subministración á persoa consumidora final.

j) Calidade alimentaria: conxunto de propiedades e características dun alimento relativas ás materias primas ou ingredientes utilizados na súa elaboración, á súa natureza, composición, pureza, identificación, orixe, e rastrexabilidade, así como aos procesos de elaboración, almacenamento, envasado e comercialización utilizados e á presentación do produto final, incluíndo o seu contido efectivo e a información á persoa consumidora final, especialmente a etiquetaxe.

k) Calidade diferenciada: conxunto de características dun produto alimentario que son consecuencia do cumprimento de requisitos establecidos en disposicións de carácter voluntario, relativos á súa orixe xeográfica, ás súas materias primas ou

procedementos de produción, transformación ou comercialización, e adicionais ás esixencias de calidade estándar obrigatorias para un produto alimentario.

l) Calidade estándar: conxunto de características dun produto alimentario que son consecuencia do cumprimento de requisitos establecidos en disposicións de carácter obrigatorio. Esta definición aplícase tamén a produtos alimentarios con mencións facultativas reservadas reguladas na normativa comunitaria que voluntariamente empregue a persoa operadora alimentaria.

m) Circuíto curto de comercialización: cadea de subministración formada polo trato directo, ou como máximo cun intermediario, entre o produtor e o consumidor final ou, no caso dos produtos pesqueiros e acuícolas, entre a lonxa ou establecemento autorizado de primeira venda e o consumidor final. Para estes efectos, non se considerarán intermediarias as entidades asociativas de produtoras e produtores, baixo calquera fórmula xurídica, constituídas ou que se constitúan para a comercialización en común de produtos alimentarios. A comercialización mediante estes circuítos curtos implica a operadores comprometidos coa cooperación, o desenvolvemento económico local e a sustentabilidade ambiental.

n) Certificación de produto: Confirmación, por medio dun documento emitido por unha entidade de control e certificación ou dun organismo público, de que un ou varios tipos de produtos elaborados e/ou envasados por unha persoa operadora cumpren cos requisitos do prego de condicións dunha denominación xeográfica de calidade ou documento equivalente noutras figuras de protección da calidade diferenciada.

o) Comercialización: a posesión, tenencia, almacenaxe ou depósito de produtos alimentarios e de materias e elementos para a produción e a distribución co obxectivo de vendelos, de ofrecelos á venda ou de sometelos a calquera outra forma de transferencia ou cesión, gratuíta ou non.

p) Consumidor ou consumidora final: a última persoa consumidora dun produto alimentario, que non empregará o dito alimento como parte de ningunha operación ou actividade mercantil no sector da alimentación.

q) Conformidade dun produto, materia ou elemento para a produción e a comercialización alimentarias: adecuación do devandito produto, materia ou elemento ao establecido nesta lei e nas demais normas, tanto de calidade estándar como diferenciada, que lle sexan de aplicación.

r) Consellería competente en razón da natureza do produto: considerarase como tal á consellería competente en materia de agricultura, para os produtos de orixe agraria, o que inclúe os produtos agrícolas, gandeiros e forestais; e á consellería competente en materia de pesca, para os produtos de orixe mariña, incluíndo, ademais da pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura mariña ou continental.

s) Control: realización dunha serie programada de observacións ou medicións co fin de obter un seguimento do grao de cumprimento da lexislación alimentaria.

t) Control oficial: o así definido no artigo 2 apartado 1 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de marzo de 2017.

u) Denominacións xeográficas de calidade: figuras de protección da calidade alimentaria aplicables a produtos cuxas características de calidade están, en maior ou menor medida, vinculadas a unha orixe xeográfica concreta e que poden adoptar a forma de denominacións de orixe protexidas ou de indicacións xeográficas protexidas.

v) Documento único: resumo dos principais elementos do prego de condicións, de acordo co establecido no artigo 8.1, letra c), do Regulamento (UE) 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012 (no caso dos produtos agrícolas e alimentarios diferentes dos viños, dos produtos vitivinícolas aromatizados e das bebidas espirituosas); no artigo 94.1, letra d), do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 (no caso dos produtos vitivinícolas); e no artigo 23.1, letra c), do Regulamento (UE) 2019/787 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019 (no caso das bebidas espirituosas).

w) Entidades de control e certificación: organismos privados, obxectivos e imparciais, acreditados segundo as normas pertinentes para realizar o control dos procesos de produción, elaboración, transformación e comercialización e das características fisicoquímicas, organolépticas e específicas que definen un produto alimentario amparado por unha figura de protección da calidade diferenciada. Inclúense as entidades que certifican mencións voluntarias reguladas polas administracións públicas e baseadas nun prego de condicións ou documento equivalente.

x) Evocación: a utilización de elementos denominativos ou figurativos na etiquetaxe, na presentación e na publicidade de produtos alimentarios que aínda que non presenten semellanza fonética, visual ou conceptual con outro produto comparable, provocan unha proximidade conceptual, de maneira directa e unívoca, que condiciona ou pode condicionar a decisión de compra do consumidor.

y) Falsificación: comercialización de produtos agroalimentarios como produtos amparados por figuras de protección da calidade diferenciada ou de maior valor comercial cando en realidade son de natureza distinta ou se someteron a prácticas non autorizadas nas que os seus compoñentes esenciais ou caracterizantes foron subtraídos ou substituídos por outros co obxecto de incrementar, de xeito enganoso, o seu valor comercial, facéndoos parecer orixinais ou xenuínos.

z) Figuras de protección da calidade diferenciada: calquera norma de carácter administrativo promovida pola administración para a protección de produtos alimentarios que recoñeza unha calidade diferenciada debida ás súas características específicas, ás materias primas empregadas, á orixe xeográfica ou a métodos e técnicas de produción determinadas.

aa) Guía de prácticas correctas: documento elaborado pola industria alimentaria para a correcta aplicación dos principios do sistema de análise de perigos e puntos

críticos de control (APPCC), conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 852/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

bb) Inspección: exame de todos os aspectos relativos á calidade alimentaria co fin de verificar que os operadores cumpren os requisitos legais establecidos na normativa vixente aos que están sometidos.

cc) Inmobilización cautelar: medida provisional adoptada no marco dun procedemento pola cal as autoridades competentes garanten que os animais e as mercadorías suxeitas a controis oficiais non son desprazados nin manipulados indebidamente á espera dunha decisión sobre o seu destino; inclúe o almacenamento polas persoas operadoras seguindo as instrucións e baixo o control das autoridades competentes.

dd) Lote ou partida: conxunto de unidades dun produto alimentario ou de materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias producidas, fabricadas ou envasadas en circunstancias practicamente idénticas.

ee) Materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias: todo produto ou substancia, materia prima, aditivo, produto intermedio, produto acabado e outros produtos de adición, así como os envases, etiquetas, útiles, ferramentas, instalacións, documentos, actividades e servizos utilizados na produción, transformación ou comercialización alimentaria ou con probabilidade razoable de ser utilizados. Para os efectos da aplicación do título VII desta lei, tamén terán esta consideración os abonos e os substratos de cultivo.

ff) Mostraxe: toma de mostras co fin de verificar mediante análise se se cumpren os requisitos da normativa alimentaria vixente.

gg) Organismo delegado: unha persoa xurídica distinta das autoridades competentes na que estas teñan delegado determinadas funcións de control oficial ou determinadas funcións relacionadas con outras actividades oficiais.

hh) Persoa operadora alimentaria (ou persoa explotadora da empresa alimentaria): persoa física ou xurídica, así como as súas agrupacións, que desenvolvan por conta propia, con ou sen ánimo de lucro, algunha das actividades relacionadas con calquera das etapas de produción, transformación, distribución e comercialización dun produto alimentario. O concepto de persoa operadora alimentaria exclúe ás persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións de produción primaria, excepto no suposto dos rexistrados en denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada respecto das obrigas inherentes á súa pertenza a estas. Esta persoa física ou xurídica será a responsable de garantir o cumprimento dos requisitos da lexislación alimentaria na empresa alimentaria baixo o seu control.

ii) Plan de control: a descrición elaborada polas autoridades competentes que contén información sobre a estrutura e a organización do sistema de control oficial e

do seu funcionamento, así como da planificación detallada dos controis oficiais que han de efectuarse ao longo dun período de tempo.

jj) Pregos de condicións: documento que establece as condicións que debe cumprir un produto para obter a protección que se outorga ás denominacións de orixe ou indicacións xeográficas, e que contén os elementos especificados no artigo 7.1 do Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios; no artigo 94.2 do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os Regulamentos (CEE) nº 922/72, (CEE) nº 234/79, (CE) nº 1037/2001 e (CE) nº 1234/2007; e no artigo 22 do Regulamento (UE) 2019/787 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de abril de 2019, sobre a definición, designación, presentación e etiquetaxe das bebidas espirituosas, a utilización dos nomes das bebidas espirituosas na presentación e etiquetaxe doutros produtos alimenticios, a protección das indicacións xeográficas das bebidas espirituosas e a utilización de alcohol etílico e destilados de orixe agrícola nas bebidas alcohólicas, e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 110/2008.

kk) Transformación alimentaria: calquera acción que altere substancialmente o produto inicial, incluído o tratamento térmico, o afumado, a curación, a maduración, o secado, a marinada, a extracción, a extrusión ou unha combinación destes procedementos.

ll) Rastrexabilidade: capacidade de coñecer a orixe e destino dos produtos alimentarios ou das materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias, así como a identidade, lote ou partida e localización dos operadores e operadoras que interveñen ao longo de todas as etapas, no espazo e o tempo, da súa produción, transformación, distribución e comercialización, incluído o transporte, mediante un sistema documentado.

TÍTULO I

Competencias, organización administrativa e institucional

CAPÍTULO I

Competencias e organización administrativa

Sección 1ª. Competencias e organización administrativa

Artigo 5. *Competencias da Consellería do Medio Rural*

A Consellería do Medio Rural, respecto dos produtos alimentarios e sen prexuízo das funcións que realice a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, exercerá as seguintes competencias no ámbito desta lei:

a) Ordenación, fomento e mellora das industrias agroalimentarias.

b) Fomento da actividade de transformación, comercialización e promoción das producións agrarias e alimentarias.

c) Elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política alimentaria.

d) Formación, promoción e fomento do asociacionismo alimentario.

Artigo 6. *Competencias da Consellería do Mar*

A Consellería do Mar, respecto dos produtos alimentarios de orixe mariña e acuícola, exercerá as seguintes competencias no ámbito desta lei:

a) Fomento e mellora das industrias alimentarias dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

b) Fomento da comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

c) Elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política alimentaria referida aos produtos do seu ámbito.

d) Formación, promoción e fomento do asociacionismo alimentario referida aos produtos do seu ámbito

e) Realización de accións de promoción dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

f) Fomento das denominacións de orixe e distintivos de calidade no sector da pesca, do marisqueo e da acuicultura.

g) Control oficial do cumprimento dos pregos de condicións das denominacións xeográficas de calidade dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo, antes da comercialización.

Sección 2ª. Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Artigo 7. *Natureza da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 8. *Obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria ten por obxecto:

a) Operar como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de control da calidade alimentaria así como no de promoción do consumo dos produtos agroalimentarios en xeral e, en particular, dos acollidos ás distintas figuras de protección da calidade diferenciada.

b) Investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario.

c) Desenvolver as actividades de I+D+i nos sectores agrario, gandeiro e forestal.

d) Realizar aqueloutras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellería de adscrición.

Artigo 9. *Funcións da Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de calidade alimentaria*

1. En materia de calidade alimentaria estándar, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria desenvolverá, ademais das funcións relacionadas coa promoción das producións agroalimentarias, as actuacións relacionadas coa defensa contra as fraudes e os incumprimentos na calidade alimentaria, así como as relativas á coordinación, control de calidade e unidade de criterio dos traballos do persoal que realiza funcións de inspección nesta materia. En particular, correspóndenlle as actuacións referentes á execución do Programa Nacional de Control Oficial da Calidade Alimentaria ou instrumento análogo que se estableza no futuro.

2. No ámbito da calidade diferenciada, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria realizará funcións relacionadas co control, o fomento e a posta en valor da produción agroalimentaria de Galicia e, en particular, desenvolverá as seguintes:

a) Elaborar as liñas estratéxicas que permitan o impulso do conxunto da calidade alimentaria diferenciada galega como unha actividade que dea rendibilidade aos diferentes elos das respectivas cadeas de valor, procurando o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e medioambientalmente sostible.

b) Aliñar a evolución das figuras de protección da calidade alimentaria diferenciada galegas aos obxectivos que veñen recollidos pola normativa europea xerada no ámbito do Pacto verde europeo, na procura dun marco alimentario sostible.

c) Executar accións destinadas á promoción do consumo dos produtos de calidade diferenciada e crear e xestionar liñas de axuda con ese fin ou co obxecto de fomentar a elaboración e comercialización destes produtos.

d) Deseñar a planificación estratéxica da promoción da calidade alimentaria diferenciada galega de xeito coordinado cos consellos reguladores e coas propostas da Mesa da calidade alimentaria diferenciada.

e) Executar os programas de control oficial relacionados coa comprobación dos requisitos que deben cumprir, antes da súa comercialización, os produtos acollidos a

algunha denominación xeográfica de calidade do ámbito agroalimentario, así como os recoñecidos como especialidades tradicionais garantidas. Do mesmo xeito, a axencia fará o control oficial da produción ecolóxica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións implican tanto a realización de actividades de control directamente sobre os operadores como a supervisión da actividade dos organismos nos que se teña feito delegación de tarefas de control.

f) Realizar o control e a certificación dos operadores que pretendan comercializar produtos baixo a marca Artesanía Alimentaria e xestionar o Rexistro da artesanía alimentaria de Galicia.

g) Supervisar e tutelar a actividade dos consellos reguladores do ámbito da súa competencia.

h) Asesorar os consellos reguladores do ámbito da súa competencia no seu funcionamento, especialmente no caso daqueles que, polo seu reducido número de operadores ou pola escasa facturación do conxunto de ditos operadores teñan dificultades para o cumprimento dos requisitos establecidos nesta Lei para o seu recoñecemento como entidades de xestión da correspondente figura de calidade alimentaria diferenciada.

i) Recompilar e analizar a información estatística relacionada coa actividade produtiva das diferentes denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas e outras figuras de protección da calidade diferenciada e elaborar informes relacionados con estas producións.

j) Identificar posibles novas denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas do ámbito agroalimentario e apoiar aos sectores interesados nos traballos de preparación da documentación precisa para a tramitación da súa inscrición no rexistro europeo. Realizar os trámites necesarios ante a Administración Xeral do Estado e ante a Comisión Europea para a inscrición de novas denominacións xeográficas de calidade e os correspondentes á modificación dos pregos de condicións das xa rexistradas.

3. En relación coa sostibilidade da produción alimentaria, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria aprobará os pregos de condicións da produción sostible aos que se refire o artigo 27, autorizará as entidades certificadoras ás que lle encargue o control dos ditos pregos de condicións e supervisará o seu funcionamento.

Artigo 10. *Adscrición e réxime xurídico e fiscal da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á consellería competente en materia de agricultura, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

2. O réxime xurídico interno da Axencia Galega da Calidade Alimentaria regúlase polo dereito administrativo e o seu réxime xurídico externo rexerase polo dereito privado, salvo cando se exerzan potestades administrativas, nese caso rexerase polo dereito público.

3. Para o desenvolvemento das súas actuacións no ámbito da I+D+i, a Axencia réxese, ademais, pola lexislación básica do Estado nesta materia e, en particular, pola Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación e pola Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, ou normas que as substitúan.

4. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria gozará do tratamento fiscal aplicable á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 11. *Réxime económico e de contratación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, para o cumprimento dos seus fins, dispoñerá dos seguintes bens e recursos económicos:

a) Os importes consignados anualmente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As subvencións e demais achegas públicas ou privadas.

c) O produto das taxas, prezos públicos e demais ingresos que devindique pola súa actividade.

d) Os bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, así como os produtos e rendas destes.

e) As contraprestacións derivadas dos convenios.

f) Os ingresos procedentes das operacións de crédito necesarias para o cumprimento dos seus fins.

g) O produto da execución dos documentos de garantía que impoña no exercicio das súas competencias.

h) Calquera outro recurso económico que lle sexa atribuído legalmente.

2. O réxime xurídico da contratación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria é o establecido pola lexislación sobre contratos do sector público.

CAPÍTULO II

Órganos de asesoramento, consulta e participación

Sección 1ª. Consello Alimentario de Galicia

Artigo 12. *Consello Alimentario de Galicia*

1. Créase o Consello Alimentario de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de agricultura, como órgano colexiado de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento da calidade alimentaria de Galicia.

2. Son funcións do Consello Alimentario de Galicia, entre outras, as seguintes:

a) Asesorar sobre os plans estratéxicos e proxectos normativos en materia alimentaria.

b) Formular propostas estratéxicas para a mellora da actividade económica, do emprego e a formación no sector alimentario e cantas outras medidas fomenten a incorporación de mulleres e mozas á actividade agraria e agroalimentaria.

c) Propoñer liñas de investigación e estudo sobre cuestións de interese para a calidade alimentaria de Galicia.

d) Calquera outras que regulamentariamente se lle atribúan ou deleguen.

3. O Consello Alimentario de Galicia estará integrado por unha presidenta ou presidente, unha vicepresidenta ou vicepresidente e un número máximo de vinte e cinco vogais, que representarán ás administracións públicas con competencias en materia alimentaria, o Clúster Alimentario de Galicia, ás universidades que conforman o Sistema Universitario de Galicia e as organizacións máis representativas da industria alimentaria, da distribución, dos consumidores, as cooperativas alimentarias, as entidades de xestión das figuras de protección da calidade diferenciada, as organizacións profesionais agrarias, as organizacións de produtores pesqueiros e confrarías de pescadores, os grupos de desenvolvemento rural e aquelas institucións públicas ou privadas que se determinen regulamentariamente.

As persoas titulares das consellerías competentes en materia de agricultura e de pesca ocuparán, respectivamente, a presidencia e a vicepresidencia do Consello Alimentario de Galicia.

4. O réxime de elección dos membros do consello, a composición, organización e funcionamento interno estableceranse regulamentariamente e deberá procurarse a presenza equilibrada entre mulleres e homes no devandito órgano.

Sección 2ª. Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia

Artigo 13. Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada

1. Créase a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada como órgano de carácter técnico para o asesoramento e impulso do sector alimentario da calidade diferenciada de Galicia.

2. A Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada está adscrita á consellería competente en materia de agricultura e estará composta por representantes de todas e cada unha das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica e ata un máximo de tres en representación das principais asociacións sectoriais da artesanía alimentaria. Participarán tamén, con voz e sen voto, representantes da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e da dirección xeral competente en mercados da pesca. Así mesmo, tamén poderán participar, con voz e sen voto, expertos de recoñecido prestixio nas materias que competen á Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada, ata un máximo de cinco, designados por acordo maioritario da Mesa.

3. A presidencia da Mesa corresponderá á persoa representante da figura de protección da calidade diferenciada que elixan os seus vogais e a duración do mandato será por dous anos.

4. Na toma de decisións, cada figura de protección da calidade diferenciada terá como mínimo un voto. Ademais, en función do valor económico da produción e do número de operadores inscritos nos diferentes rexistros, cada figura de protección da calidade diferenciada poderá ter un ou varios votos adicionais, ata un máximo de cinco, de acordo coas normas que se establezan regulamentariamente.

5. A consellería competente en materia de agricultura, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, facilitará á Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia os medios persoais e materiais necesarios para o exercicio das funcións contempladas nesta lei.

6. Os membros da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada terán dereito á información relativa ás materias sobre as que teñan competencia, con acceso e consulta, en calquera momento e nun tempo razoable, respecto de datos ou documentos dos que dispoña a administración da que depende o órgano consultivo.

7. As funcións da Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada son:

a) Coñecer os proxectos formulados para o desenvolvemento lexislativo e regulamentario da normativa de calidade alimentaria diferenciada.

b) Propoñer actuacións que supoñan unha maior coordinación e fomento da calidade diferenciada.

c) Coñecer os plans de actuación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e, se procede, formular observacións e suxestións.

d) Coñecer a evolución e as perspectivas do sector alimentario, os plans de modernización e a orientación produtiva, ser informado diso e, de ser o caso, emitir informes sobre estas cuestións.

e) Asesorar á Axencia Galega da Calidade Alimentaria en relación coas súas actividades e funcións, e en relación coas materias e os estudos que lle sexan encomendados.

f) Establecer relacións de cooperación e colaboración con outras entidades que contribúan aos obxectivos de Axencia Galega da Calidade Alimentaria en materia de calidade alimentaria diferenciada.

g) Elevar propostas de acción ou medidas para a promoción de políticas de calidade no sector alimentario ás consellerías competentes en materia de agricultura e de pesca.

h) Garantir a participación activa e dinámica dos sectores representativos da calidade alimentaria diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Estudar e propoñer novas actividades artesanais alimentarias.

j) Buscar fórmulas de cooperación entre as distintas figuras de protección da calidade diferenciada para aproveitar as sinerxías que permitan mellorar a súa posición comercial no mercado.

k) Identificar tendencias do mercado para tratar de adaptarse a este e aproveitar as novas oportunidades que se vaian producindo.

l) Analizar en cada momento as debilidades e fortalezas do sector e as ameazas e oportunidades que o mercado presenta e, de acordo con iso, facer propostas de mellora dirixidas tanto ao conxunto das figuras de protección da calidade diferenciada como á administración.

m) Recibir e avaliar as propostas que lle trasladen os consellos reguladores, as asociacións sectoriais ás que se refire o artigo 61 e as asociacións sectoriais de empresas artesanais alimentarias.

n) Asesorar a Axencia Galega de Calidade Alimentaria na coordinación da promoción da calidade alimentaria diferenciada nos diferentes medios e mercados.

o) Calquera outra función que lle poida ser encomendada.

TÍTULO II

Aseguranza da calidade alimentaria e da sostibilidade da cadea alimentaria

CAPÍTULO I

Aseguranza da calidade alimentaria

Artigo 14. *Aseguranza da calidade alimentaria*

1. Por aseguranza da calidade alimentaria enténdese o conxunto de principios e actuacións que se desenvolvan para garantir a conformidade e calidade dos alimentos e das materias e elementos destinados á produción e comercialización alimentarias, así como a leal competencia nas transaccións comerciais dos operadores alimentarios e a defensa dos intereses económicos dos consumidores.

2. A responsabilidade da aseguranza da calidade alimentaria recaerá na persoa operadora a través do seu autocontrol, sen prexuízo do control oficial realizado pola autoridade competente.

3. No caso dos operadores alimentarios que utilicen sistemas dixitais de rastrexabilidade, a través de sensores ou outros procesos de recollida de datos automática, a información recollida relativa á seguridade alimentaria deberá formar parte dun rexistro de datos compartido e accesible pola autoridade competente ou outros operadores que participen nas transaccións comerciais. O dito rexistro de datos debe ser inalterable.

Artigo 15. *Ámbito da aseguranza da calidade alimentaria*

1. A aseguranza da calidade alimentaria, tanto no relativo aos produtos alimentarios como ás materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias, esténdese a toda á cadea alimentaria.

2. Corresponde aos operadores e operadoras asegurar e garantir que os alimentos e as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias cumpran coa normativa vixente en materia de calidade e avaliación da conformidade.

3. Os gastos que se deriven das actuacións de autocontrol necesarias para garantir o cumprimento desta esixencia incluídos, de ser o caso, os correspondentes aos sistemas dixitais de rastrexabilidade aos que se refire o apartado 3 do artigo 14, serán por conta das respectivas persoas operadoras.

CAPÍTULO II

Obrigas dos operadores e operadoras para a aseguranza da calidade alimentaria

Artigo 16. *Obrigas xerais das persoas operadoras alimentarias*

1. As persoas operadoras alimentarias con instalacións situadas en Galicia deben cumprir esta lei e a normativa que a desenvolve así como as demais normas concordantes, tanto do ámbito autonómico como do estatal e do europeo. Tamén deben cumprilas as persoas físicas ou xurídicas que importen, exporten, almacenen, distribúan, subministren, preparen, vendan ou entreguen ao consumo produtos alimentarios, materias ou elementos empregados na produción alimentaria.

2. As persoas operadoras alimentarias serán responsables do cumprimento dos requisitos de calidade establecidos na lexislación básica en materia de defensa da

calidade alimentaria e demais normativa de aplicación, e deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Asegurar e garantir que os produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias son conformes coa lexislación alimentaria vixente en todas as etapas da produción, a transformación e a distribución nas que a persoa operadora participa.

b) Dispoñer dun sistema documentado de autocontrol das operacións que se realicen nas etapas de produción, transformación, distribución e comercialización necesarias, que permita asegurar a calidade e rastrexabilidade dos alimentos e de calquera materia e elemento para a produción e comercialización alimentaria, procurando en todo caso a simplificación administrativa en beneficio das persoas operadoras alimentarias.

c) Pór en coñecemento dos órganos competentes calquera forma de fraude, falsificación, alteración, adulteración, abuso, neglixencia ou algunha outra práctica enganosa ou que induza a erro a outros operadores ou operadoras alimentarias ou ás persoas consumidoras e prexudique ou poña en perigo a calidade dos produtos alimentarios, a protección das persoas consumidoras ou os intereses xerais, económicos ou sociais do sector alimentario.

d) Dispoñer dos elementos necesarios que demostren a veracidade e exactitude das informacións facilitadas ou que figuren na etiquetaxe, nos documentos de acompañamento, nos documentos comerciais, na publicidade e na presentación dos produtos alimentarios, materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias que comercialicen, así como dos produtos utilizados na súa produción ou transformación e informar con veracidade e exactitude sobre os produtos na etiquetaxe, os documentos de acompañamento e a publicidade.

e) Etiquetar ou identificar os produtos alimentarios comercializados ou con probabilidade de comercializarse de acordo co que establece a lexislación alimentaria.

f) Conservar, en condicións que permitan a súa comprobación por parte das autoridades competentes, a documentación acreditativa do cumprimento das súas obrigas durante un prazo mínimo de cinco anos. No caso de que a vida útil do produto sexa superior a cinco anos, este prazo ampliarase en seis meses a contar desde o cumprimento da data de duración mínima do produto ou da data de caducidade.

g) Calquera outras obrigas establecidas nesta lei e demais normativa de aplicación.

3. Durante os controis oficiais e outras actividades oficiais, os operadores alimentarios deberán prestar asistencia técnica e cooperar co persoal das autoridades competentes no exercicio das súas funcións.

Artigo 17. *Sistema de autocontrol*

1. As persoas operadoras alimentarias son as responsables de garantir que os produtos que elaboran, producen ou transforman cumpran coa normativa que lles sexa de aplicación. Para tal efecto, deberán dispoñer dun sistema de autocontrol que garanta que os devanditos produtos cumpren con estes requisitos.

2. O sistema de autocontrol mencionado no apartado anterior deberá estar documentado e abarcará todas as operacións da cadea alimentaria nas que a persoa operadora participe. Reflectirá a rastrexabilidade dos produtos, a identificación do produto, os seus ingredientes e procedementos de elaboración, produción e transformación e especificará, para cada fase, os riscos de incumprimento e as medidas preventivas para evitalos. Existirá un plan de control de calidade que prevexa, polo menos, os procedementos, a periodicidade e a frecuencia das tomas de mostras, as especificacións e o destino dos produtos no caso de que non se axusten á normativa. Este plan tamén deberá xustificar a necesidade ou non de que as persoas operadoras dispoñan dun laboratorio de control.

3. O sistema de autocontrol poderá estar integrado no sistema de análise de perigos e puntos críticos de control (APPCC) ou guía de prácticas correctas co que conte a persoa operadora.

4. As persoas operadoras alimentarias deberán dispor dun sistema documental de rexistro e xestión das reclamacións recibidas, que inclúa o tratamento destas, a análise das causas e, de ser o caso, a adopción de accións correctivas para tratar de evitar a súa repetición.

5. Igualmente, as persoas operadoras alimentarias deberán prever un sistema de retirada rápida dos produtos non conformes que se atopen no circuíto de distribución ou comercialización.

O sistema deberá permitir coñecer con exactitude o destino dos produtos que teñan que ser retirados, e antes dunha nova posta en circulación estes deberán ser avaliados de novo polo control de calidade.

6. A documentación e rexistros correspondentes ao autocontrol deberán estar ao dispor dos servizos de inspección e, de ser o caso, das entidades de control e certificación nos locais ou explotación da persoa operadora.

7. A persoa operadora é a responsable de efectuar as correccións necesarias no sistema de autocontrol que garantan a eficacia deste. Nos casos en que a persoa operadora detecte deficiencias no sistema deberá aplicar as medidas correctoras necesarias no prazo de quince días desde que se tivo coñecemento daquelas, salvo que por causa xustificada sexa necesario un prazo máis amplo.

Artigo 18. *Modulación do autocontrol*

1. Sen prexuízo de que disposicións de ámbito sectorial determinen requisitos específicos, as normas de desenvolvemento desta lei poderán establecer maiores esixencias para cada produto, sector ou tipo de operador, particularmente en función

da súa natureza e do especial risco dos produtos ou actividades, da complexidade dos procesos de transformación, da dimensión do operador e do volume e a frecuencia dos intercambios de produtos.

2. Non obstante o disposto nos artigos anteriores, o autocontrol da persoa operadora entenderase suficiente cando dispoña, polo menos, dos procedementos documentados dos procesos que leve a cabo, o plan de mostraxe e análise e o procedemento de rastrexabilidade segundo os requisitos establecidos polo Regulamento (CE) n.º 178/2002 ou segundo a lexislación sectorial específica, nos supostos seguintes:

a) Cando a actividade da persoa operadora consista, unicamente, na comercialización, no almacenamento, ou no transporte do produto, sen intervención na súa transformación ou manipulación.

b) Cando a actividade da persoa operadora consista na produción agrícola primaria.

c) Cando a actividade da persoa operadora consista na comercialización do produto en circuíto curto de comercialización.

Artigo 19. *Rastrexabilidade*

1. Os operadores e operadoras alimentarias deberán asegurar, en todas as fases da cadea alimentaria, a rastrexabilidade dos alimentos e materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias. No caso de que se utilicen sistemas dixitais de rastrexabilidade a través de sensores ou outros procesos de recollida de datos automática, a rastrexabilidade deberá garantirse mediante un rexistro seguro, inalterable e válido.

2. As persoas operadoras alimentarias establecerán sistemas e procedementos adecuados e comprensibles da rastrexabilidade, os cales deben permitir coñecer en todo momento a identidade e a localización dos subministradores e dos receptores dos lotes ou das partidas de produtos alimentarios e materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias cos que traballen, así como as informacións relativas aos devanditos produtos e, en particular, a súa identificación, a natureza, a orixe, os rexistros dos produtos, as características cualitativas e máis as condicións de produción e comercialización.

3. A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, promoverá a implantación de sistemas e procedementos de rastrexabilidade que leven a cabo un rexistro descentralizado e sincronizado en todas as fases da cadea alimentaria a través de ferramentas dixitais que validen a información e non permitan modificala.

4. As persoas operadoras alimentarias deberán ter á disposición dos servizos de inspección e control oficial e das entidades de control e certificación toda a información relativa ao sistema e aos procedementos de garantía da rastrexabilidade, así como os datos que conteñan. No caso de ter un sistema de rastrexabilidade dixital

baseado na tecnoloxía blockchain, deberán configurar un acceso de usuario específico para os servicios de inspección e control oficial.

5. As informacións que non poidan ser verificadas nin contrastadas pola propia persoa operadora e polos servizos de inspección e control oficial e as entidades de control e certificación non poderán ser incluídas nos sistemas e nos procedementos de garantía da rastrexabilidade.

6. Os sistemas de aseguranza da rastrexabilidade que deben levar as persoas operadoras alimentarias deberán conter, como mínimo, e sen prexuízo das normas sectoriais de aplicación, os seguintes elementos:

a) A identificación da persoa subministradora e da receptora e os seus enderezos, así como do produto ou produtos.

b) Os rexistros dos produtos, incluíndo, de ser o caso, o lote.

c) A documentación de acompañamento do transporte dos produtos.

d) As operacións de manipulación ás que a persoa operadora alimentaria sometese o produto ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias.

7. Naqueles supostos nos que a persoa operadora alimentaria tivese distintas liñas de produción, deberá implantar procedementos de xestión que posibiliten a rastrexabilidade na cadea produtiva e nos produtos que manexa, con clara distinción entre os produtos que gocen da protección de figuras de calidade diferenciada e os que non tivesen tal carácter. No caso de que estas persoas operadoras teñan sistemas de rastrexabilidade dixital conforme o indicado no artigo 14.3, os procedementos de xestión deberán incluír ferramentas de sensorización.

Artigo 20. *Identificación da persoa subministradora, da persoa receptora e de produtos*

1. As persoas operadoras alimentarias deberán implantar sistemas efectivos que permitan identificar e localizar ás persoas subministradoras e receptoras de calquera lote ou partida dun produto alimentario ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias.

2. Os produtos alimentarios ou as materias e os elementos para a produción e a comercialización alimentarias acabados, susceptibles de seren comercializados con destino á persoa receptora ou á consumidora final, deberán ser convenientemente identificados mediante a etiquetaxe ou o marcado regulamentario.

3. No suposto de produtos a granel, as persoas operadoras están obrigadas a identificar os depósitos, silos, contedores ou calquera outro tipo de envase que os conteña. Esta identificación farase de forma clara mediante unha rotulación ou marcado único, visible, lexible, indeleble e inequívoco, e haberá de quedar rexistrada e en correlación cos rexistros aos que fai referencia o artigo 22 e, se procede, coa

documentación descritiva dos produtos, sen prexuízo doutras disposicións adicionais que estableza a normativa específica.

4. Queda prohibido o depósito ou almacenamento de produtos non identificados, en calquera instalación ou medio de transporte.

5. Cando non conste claramente o destino dos produtos alimentarios acondicionados en depósito ou almacenamento presumirase que son para a súa venda, salvo que poida demostrarse un destino ou finalidade distintos.

Artigo 21. *Accesibilidade e claridade da identificación dos produtos alimentarios*

1. Na identificación dos produtos alimentarios comercializados na Comunidade Autónoma de Galicia usarase unha linguaxe clara e comprensible. Así mesmo, a información alimentaria obrigatoria indicarase nun lugar destacado, de maneira que sexa facilmente visible, claramente lexible e, no seu caso, indeleble. En modo algún estará disimulada, tapada ou separada por ningunha outra indicación ou imaxe, nin por ningún outro material interposto

2. A Xunta de Galicia promoverá campañas para dar a coñecer entre as persoas consumidoras os aspectos básicos da información que as persoas operadoras lles deben subministrar na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios e o significado de cada unha das mencións específicas e dos distintivos de calidade dos produtos alimentarios.

Artigo 22. *Rexistros dos produtos*

1. Sen prexuízo do que dispoña, de ser o caso, a normativa específica, as persoas operadoras alimentarias deberán ter actualizado un sistema de rexistros para a conservación da información ou a contabilidade material dos produtos alimentarios e das materias e os elementos que utilicen para a produción, a transformación e a comercialización alimentarias.

2. Os rexistros deberán ser suficientes e adecuados para que, en todo momento, se poida dispor da información necesaria para poder contrastar a identificación dos produtos que hai nas instalacións coas características principais destes produtos e, en particular, a identificación e o domicilio da persoa subministradora ou da receptora, a súa natureza, a orixe, a composición, as características esenciais e cualitativas, a designación e a cantidade.

3. Nos rexistros anotaranse as entradas e saídas dos produtos, materias primas e os elementos para a produción e comercialización alimentaria das instalacións da persoa operadora, así como as manipulacións, tratamentos e prácticas realizadas.

4. O rexistro de produtos que procedan doutras instalacións da mesma ou doutra persoa operadora, deberá reproducir fielmente os datos identificativos, así como as características que consten no documento que acompaña o seu transporte, ou na documentación comercial.

5. Os rexistros de todas as operacións realizadas haberán de conservarse durante un período mínimo de cinco anos ao dispor dos servizos de inspección e control, salvo que se dispoña outra cousa nunha norma específica. No caso de que a vida útil do produto sexa superior a cinco anos, este prazo ampliarase en seis meses a contar desde a data de duración mínima do produto ou data de caducidade.

Artigo 23. *Produtos non conformes*

1. Terán a consideración de produtos alimentarios, materias e elementos para a produción e comercialización alimentaria non conformes, os seguintes:

a) Os que non cumpran o establecido nesta lei ou nas normas específicas que lles sexan de aplicación respecto da calidade.

b) Todos aqueles do mesmo lote, partida ou remesa á que pertenza o produto, materia ou elemento non conforme, a non ser que a persoa operadora acredite a súa conformidade coa norma.

2. Os produtos alimentarios así como as materias e elementos para a produción e comercialización alimentaria non conformes, non poderán utilizarse nin comercializarse dentro do sector alimentario nos supostos nos que non sexa posible a súa regularización de acordo co disposto nesta lei.

3. Detectada a non conformidade dun produto alimentario, materia ou elemento para a produción e comercialización alimentaria, a persoa operadora poderá optar por algún dos seguintes destinos para o devandito produto, materia ou elemento:

a) A inmediata regularización. Para produtos de persoas operadoras alimentarias acollidas a unha figura de protección da calidade diferenciada que non sexan conformes coa normativa específica desa figura, a regularización pode consistir, de ser o caso, na súa descualificación, para a posterior comercialización sen o amparo desta, sempre que o produto cumpra a normativa xeral da calidade estándar que lle sexa de aplicación.

b) A reexpedición ao lugar de orixe.

c) A entrega a entidades sociais para a alimentación de colectivos vulnerables, sempre que estea garantida a súa calidade hixiénico-sanitaria.

d) O destino de forma controlada a un sector distinto do alimentario.

e) A destrución.

Os devanditos destinos non son excluíntes entre si. Deberá quedar constancia documental no autocontrol do operador de cal foi o destino ou destinos dos produtos non conformes. Cando se opte polos destinos recollidos nas letras d) ou e), deberase cumprir en todo caso o establecido na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

4. Os produtos alimentarios e materias e elementos para a produción e comercialización alimentaria non conformes identificaranse debidamente con etiquetas ou rótulos que fagan referencia á súa non conformidade e deberán almacenarse de maneira separada ou delimitada para evitar a súa confusión cos produtos conformes.

5. As existencias, entradas e saídas de produtos alimentarios e materias e elementos para a produción e comercialización alimentaria non conformes serán obxecto de rexistro conforme o que dispón o artigo 22 desta lei. Nos documentos de acompañamento dos produtos non conformes farase constar expresamente esta condición.

Artigo 24. *Documentos de acompañamento*

1. No caso de exencións da etiquetaxe regulamentaria, calquera transporte ou circulación de produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias deberá ir acompañado dun documento no que constarán os datos necesarios para que a persoa receptora ou a consumidora da mercadoría teña a adecuada e suficiente información, salvo nos casos nos que a normativa sectorial non o esixa. Este documento, como mínimo, deberá incluír a identificación e o domicilio da persoa subministradora e da destinataria, as características principais do produto, en particular a calidade, a natureza, a orixe, a composición, a utilización, a finalidade, a designación, a denominación, a categoría, a data de duración mínima ou de caducidade e, de ser o caso, as instrucións de uso e as condicións de produción e distribución.

2. Os orixinais dos documentos de acompañamento de produtos recibidos e as copias dos documentos de acompañamento de produtos expedidos débense conservar durante un período mínimo de cinco anos á disposición dos servizos de inspección e control. No caso de que a vida útil do produto sexa superior a cinco anos, este prazo ampliarase en seis meses a contar desde a data de duración mínima do produto ou data de caducidade

3. Regulamentariamente poderanse establecer outros sistemas de identificación e codificación que substitúan os documentos de acompañamento dos produtos durante o seu transporte e circulación.

Artigo 25. *Substancias e materias primas non autorizadas*

Nas instalacións das persoas operadoras alimentarias queda prohibida a tenza de calquera substancia ou materia prima non autorizada na elaboración ou comercialización dos produtos alimentarios que elabora ou comercializa.

Artigo 26. *Rexistro Industrial de Galicia*

1. As persoas operadoras alimentarias que participen nas fases de transformación, envasado e/ou etiquetaxe, deberán inscribir as actividades que desenvolvan e as súas

instalacións no Rexistro Industrial de Galicia, segundo as condicións e coas exencións que se establezan regulamentariamente.

2. A inscrición neste rexistro non exime da inscrición naqueloutros que legalmente estean establecidos.

CAPÍTULO III

Sostibilidade da cadea agroalimentaria

Artigo 27. *Sistema de certificación da sustentabilidade do sector agroalimentario galego*

1. Co fin de mellorar a sostibilidade da produción agroalimentaria galega nas súas vertentes ambiental, social e económica, establécese un sistema de certificación da sostibilidade do sector agroalimentario galego, que será xestionado e coordinado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

2. O sistema de certificación da sostibilidade basearase nun conxunto de normas de produción e boas prácticas, encamiñadas a garantir o respecto ao medio ambiente, a calidade e a seguridade alimentaria, a protección das persoas traballadoras e a cidadanía, e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso dos operadores primarios. Este conxunto de normas de produción e boas practicas serán definidas en pregos de condicións específicos, axeitados ás características dos diferentes ámbitos do sector agroalimentario galego.

3. O sistema de certificación da sostibilidade constará dos seguintes elementos:

a) Os comités de sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector agroalimentario galego, aos que lle corresponderá elaborar e propoñer os pregos de condicións á Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a súa aprobación, de ser o caso.

b) Os correspondentes pregos de condicións, que fixarán as normas de produción e boas prácticas e os requisitos do produto en cada un dos ámbitos do sector agroalimentario galego. Estes pregos de condicións serán aprobados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, logo da proposta do correspondente comité de sostibilidade.

c) O sistema de seguimento da sostibilidade dos diferentes ámbitos do sector agroalimentario galego. Este sistema comprenderá a identificación dos indicadores de seguimento que se utilizarán para definir e actualizar a disciplina de produción á que se refire o sistema de certificación, así como para avaliar o impacto das eleccións realizadas e os resultados alcanzados.

4. A adhesión ao sistema de certificación será voluntaria e implicará o sometemento a controis por parte dunha entidade de certificación que avaliará a conformidade da produción cos requisitos do prego de condicións. A conformidade do proceso produtivo cos requisitos do prego de condicións acreditarase cun certificado de conformidade emitido pola entidade de certificación que realice os controis. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria será a encargada de autorizar as entidades certificadoras así como de supervisar a súa actividade.

5. O conxunto de normas de produción e boas prácticas revisarase periodicamente, procedendo ás actualizacións necesarias co obxectivo de adoptar as directrices máis recentes sobre sostibilidade económica, ambiental e social.

6. Os produtos certificados baixo o sistema definido neste artigo serán distinguidos por un logotipo público específico e recoñecible polas persoas consumidoras. Con este fin, poderase rexistrar unha marca de garantía que acolla os produtos agroalimentarios sostibles de acordo co establecido neste artigo e nas normas que o desenvolvan.

7. Regulamentariamente definiranse as normas comúns que deban conter os pregos de condicións aos que se refire este artigo, a composición e as normas de funcionamento dos comités de sostibilidade e os requisitos para a autorización das entidades certificadoras.

TÍTULO III

Figuras de promoción e de protección da calidade alimentaria

CAPÍTULO I

Figuras de promoción e de protección da calidade diferenciada

Artigo 28. *Clasificación das figuras de promoción e de protección da calidade diferenciada*

1. Considéraranse figuras de promoción da calidade diferenciada as seguintes:

a) As denominacións xeográficas de calidade (denominacións de orixe protexidas, DOP; e indicacións xeográficas protexidas, IXP).

b) As especialidades tradicionais garantidas (ETG).

c) A produción ecolóxica.

d) A artesanía alimentaria.

e) Outros réximes de calidade diferenciada públicos, de conformidade coas normas da Unión Europea e as ditadas polo Estado ou a Comunidade Autónoma galega no exercicio das súas competencias.

f) As marcas de garantía que se regulan no capítulo VIII deste título.

2. Para os efectos desta lei, teñen a consideración de figuras de protección da calidade as recollidas nas letras a) a e) do apartado 1 deste artigo.

CAPÍTULO II

Denominacións xeográficas de calidade

Artigo 29. *Ámbito*

1. Para os efectos desta lei, son denominacións xeográficas de calidade, as seguintes:

a) As denominacións de orixe protexidas e as indicacións xeográficas protexidas de produtos agrarios e alimentarios ás que se refire o Regulamento (UE) 1151/2012 do 21 de novembro.

b) As denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas dos produtos vitivinícolas ás que se refire o Regulamento (UE) 1308/2013 do 17 de decembro.

c) As indicacións xeográficas de bebidas espirituosas ás que se refire o Regulamento (UE) 2019/787 do 17 de abril.

2. Esta lei aplícase a aquelas denominacións xeográficas de calidade que non superen o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, o réxime inspector e sancionador que se recolle no Título VII desta lei será de aplicación ás infraccións que se detecten en Galicia en relación coas denominacións xeográficas doutro ámbito territorial.

3. As zonas de produción, elaboración e, de ser o caso, de maduración, de envellecemento ou a relativa a outras operacións posteriores á elaboración dos produtos amparados por cada denominación xeográfica de calidade, deben delimitarse no prego de condicións, de acordo cos criterios agronómicos, climáticos, ambientais e humanos que correspondan.

Artigo 30. *Natureza, titularidade e uso dos nomes protexidos*

1. Os nomes protexidos asociados cunha denominación xeográfica de calidade, son bens de dominio público autonómico, non susceptibles de apropiación individual, venda, alleamento ou gravame, en tanto que a súa respectiva área xeográfica se sitúe integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Calquera persoa física ou xurídica poderá facer uso dos nomes protexidos sempre que así o solicite e cumpra os requisitos establecidos no correspondente prego de condicións, salvo por perda temporal ou definitiva do dereito de uso do nome protexido ou por calquera outra causa legalmente establecida.

Artigo 31. *Protección*

1. As denominacións xeográficas de calidade gozarán da protección ofrecida pola normativa da Unión Europea e, de conformidade con ela, coa establecida neste artigo.

2. Os nomes protexidos por unha denominación xeográfica de calidade non poderán utilizarse para a designación doutros produtos comparables non amparados.

3. A protección estenderase a todas as etapas de produción, transformación, distribución e comercialización dos produtos afectados, así como á publicidade e aos documentos comerciais deles.

4. A protección aplícase contra calquera uso indebido, imitación ou evocación e implica a prohibición de empregar calquera indicación falsa ou enganosa en canto á procedencia, a orixe xeográfica, a natureza ou as calidades esenciais dos produtos na designación, no envase ou na embalaxe, na publicidade ou nos documentos relativos a eles.

5. Os nomes que sexan obxecto dunha denominación xeográfica de calidade non poderán ser empregados na designación, na presentación ou na publicidade de produtos similares aos que non lles foi asignado o nome ou que non cumpran os requisitos do devandito tipo de protección ou designación, aínda que tales nomes vaian traducidos a outras linguas ou precedidos de expresións como "tipo", "estilo", "imitación", "sabor", "parecido" ou outras similares; nin aínda cando se indique a verdadeira orixe xeográfica do produto. Tampouco poderán empregarse expresións tales como "producido en", "fabricado en" ou outras análogas.

O anterior será de aplicación tamén nos casos nos que o nome do produto protexido se utilice como ingrediente.

6. Os nomes obxecto dunha denominación xeográfica de calidade están protexidos fronte ao seu uso nos dominios da internet que consistan, conteñan ou evoquen as ditas figuras de protección da calidade diferenciada, cando o seu titular careza de dereito de uso sobre eles ou os empregue para a promoción ou comercialización de produtos non amparados por elas.

7. As persoas operadoras alimentarias deberán introducir nas etiquetas e a presentación dos produtos acollidos a unha denominación xeográfica de calidade, elementos suficientes para diferenciar de maneira sinxela e clara a súa designación ou tipo de protección e a súa orixe xeográfica ou procedencia, para evitar a confusión nas persoas consumidoras.

8. Non poderá esixirse ás persoas operadoras dunha determinada denominación xeográfica de calidade o uso de marcas en exclusiva para os produtos da devandita denominación. En calquera caso, a designación e presentación dos produtos da devandita persoa conterá elementos identificativos suficientes para evitar que se induza a erro ou confusión aos consumidores e consumidoras.

9. Co fin de evitar a evocación, a protección outorgada á denominación xeográfica de calidade na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos, esténdese tamén ao uso dos nomes das comarcas, concellos ou outros nomes xeográficos notoriamente vinculados á denominación de orixe protexida ou indicación xeográfica protexida.

Artigo 32. *Recoñecemento*

1. Toda agrupación ou grupo de produtores e produtoras dun alimento determinado poderá solicitar o recoñecemento e inscrición dunha denominación xeográfica de calidade nos rexistros comunitarios correspondentes, de conformidade co establecido na normativa da Unión Europea. Cando concorran os requisitos esixidos na dita normativa, poderá ser considerada agrupación unha persoa física ou xurídica única.

2. O prazo máximo do procedemento en fase nacional, incluíndo os trámites do procedemento nacional de oposición esixido, de ser o caso, pola normativa da Unión Europea, será de doce meses desde a presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa, poderá entenderse que esta é desfavorable á solicitude de recoñecemento e rexistro da denominación, por afectar a un ben de dominio público.

O órgano competente para resolver será a persoa titular da consellería competente en razón da natureza do produto. Se a resolución fose favorable, esta publicarase no Diario Oficial de Galicia e comunicarase á Comisión Europea na forma legalmente establecida.

3. Regulamentariamente establecerase o procedemento para a tramitación do recoñecemento das denominacións xeográficas de calidade, de conformidade coa normativa da Unión Europea e a lexislación básica estatal.

O procedemento incluirá unha primeira fase, cun prazo máximo de seis meses, na que deberá verificarse se a solicitude está xustificada e cumpre as condicións do réxime de calidade correspondente. No caso de que o resultado da devandita verificación fose desfavorable, ditarase unha resolución motivada desestimatoria da solicitude de rexistro, a cal poñerá fin ao procedemento. Neste caso, o solicitante poderá presentar unha nova solicitude adaptada ao contido da resolución.

Se tras os trámites de verificación, a resolución fose favorable, esta publicarase no Diario Oficial de Galicia. A devandita publicación incluirá o ou os enlaces ao sitio web da Xunta de Galicia onde se poidan consultar tanto o prego de condicións como o documento único. Tamén se publicará un anuncio no Boletín Oficial del Estado co contido da devandita resolución e o dos citados enlaces á web da Xunta de Galicia.

Dende a publicación máis tardía de ambas iniciarase o cómputo do período de oposición, que non será inferior a dous meses.

4. De conformidade co establecido no dereito da Unión Europea, unha vez que a solicitude de inscrición no rexistro comunitario fose transmitida á Comisión, poderase conceder unha protección nacional transitoria. A concesión corresponderá á persoa titular da consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate e a resolución mediante a que se substancie deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial del Estado. A devandita resolución incluirá o prego de condicións do produto ou un enlace á web da Xunta de Galicia onde se poida consultar.

Ademais, da publicación da resolución de concesión, deberá informarse ao ministerio competente.

5. Regulamentariamente establecerase o procedemento para a tramitación das modificacións dos pregos de condicións das denominacións xeográficas xa rexistradas, de acordo coa normativa da Unión Europea e da lexislación básica estatal.

6. Corresponde á Axencia Galega da Calidade Alimentaria a tramitación do expediente de solicitude de recoñecemento das denominacións xeográficas do ámbito agroalimentario. No caso das denominacións xeográficas de calidade relativas a produtos pesqueiros, incluíndo, ademais da pesca extractiva, o marisqueo e a acuicultura, tanto continental como mariña, a dita competencia corresponderá á consellería que teña as competencias en materia de pesca.

Artigo 33. *Prego de condicións das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas*

1. As denominacións de orixe protexidas e as indicacións xeográficas protexidas deben ter un prego de condicións, que debe permitir comprobar as condicións pertinentes de produción dos produtos amparados pola denominación xeográfica de calidade e o seu vínculo co territorio.

2. O contido dos pregos de condicións así como a súa aprobación e modificación deberá axustarse á normativa da Unión Europea que resulte de aplicación atendendo á natureza do produto de que se trate.

CAPÍTULO III

Especialidades tradicionais garantidas

Artigo 34. *Réxime xurídico e protección*

1. As persoas produtoras ou transformadoras que queiran protexer un produto como especialidade tradicional garantida, deberán presentar un prego de condicións do produto e cumprir cos restantes requisitos establecidos na normativa comunitaria e demais regulación aplicable sobre réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimentarios, en particular co establecido no Título III do Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios.

2. O procedemento para o recoñecemento e inscrición dunha especialidade tradicional garantida ou para a modificación do seu prego de condicións adecuarase ao disposto nas normas da Unión Europea, no artigo 32 desta lei e no regulamento que se dite en desenvolvemento deste.

3. A protección de especialidades tradicionais garantidas implica a prohibición de todo uso indebido, imitación ou evocación ou calquera práctica que poida levar a erro

ás persoas consumidoras, de conformidade co disposto no artigo 24 do Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012.

CAPÍTULO IV

Produción ecolóxica

Artigo 35. *Réxime xurídico e protección*

A produción ecolóxica gozará de protección de conformidade co Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello, e afectará a todas as fases de produción, elaboración e comercialización dos produtos, incluíndo a presentación, etiquetaxe e publicidade e documentación comercial, os seus ingredientes e as materias primas para a alimentación animal.

CAPÍTULO V

Artesanía alimentaria

Artigo 36. *Definicións*

1. Considérase artesanía alimentaria a actividade de elaboración, manipulación e transformación de produtos alimentarios que, ademais de cumprir os requisitos que establece a normativa vixente, están suxeitos a unhas condicións durante todo o seu proceso produtivo que son respectuosas co medio ambiente e garanten ao consumidor un produto final individualizado, seguro desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de calidade e con características diferenciais, resultado da produción en cantidades limitadas controladas pola intervención persoal do artesán ou artesá.

2. Artesán ou artesá alimentario/a é a persoa que realiza unha actividade de artesanía alimentaria e cumpre os requisitos que regulamentariamente se establezan. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria fará a súa acreditación como tal mediante a expedición da correspondente carta de artesán ou artesá.

3. As empresas artesanais alimentarias son aquelas que están inscritas no Rexistro de artesanía alimentaria ao que se refire o artigo 40 desta lei e que realizan unha actividade artesanal alimentaria, a través de procesos de elaboración que dean lugar a un produto final individualizado, respectuoso co medio ambiente e con características diferenciais, nas cales a intervención persoal do artesán constitúe un factor predominante.

4. Considéranse produtos artesáns aqueles que, elaborados por empresas artesanais, se obtiveran consonte os procesos de elaboración que, para cada actividade, se aproben na norma técnica correspondente.

Artigo 37. *Réxime xurídico*

1. Os requisitos para a obtención da carta de artesán/artesá á que se refire o apartado 2 do artigo 36 estableceranse regulamentariamente.

2. As condicións técnicas de carácter xeral necesarias para a produción artesanal dos produtos alimentarios referidos nesta lei determinaranse regulamentariamente.

Pola súa parte, as condicións particulares aplicables ás diferentes producións recolleranse na correspondente norma técnica específica. As ditas normas técnicas deberá aprobalas a consellería competente en razón da natureza do produto, e contemplarán o emprego de materias primas seleccionadas, a presentación singular e, de ser o caso, a elaboración tradicional, requisitos que dan ao produto final unha calidade diferencial.

3. Para garantir a elaboración tradicional, nos produtos para os cales exista algunha denominación xeográfica de calidade coa que se puidesen confundir, a norma técnica correspondente esixirá que estes produtos estean acollidos á devandita denominación, alén doutros requisitos específicos que poidan establecerse.

4. Corresponderalle á Axencia Galega da Calidade Alimentaria adoptar as medidas de fomento da actividade artesanal alimentaria, coa finalidade de recoñecer e impulsar os valores económicos, culturais e sociais que esta representa para a Comunidade Autónoma de Galicia.

5. A inspección e o réxime sancionador, en caso de incumprimento das condicións técnicas xerais e específicas legalmente establecidas para a actividade de produción artesanal de alimentos adecuarase ao establecido no Título VII desta lei.

6. O control do cumprimento polas empresas artesanais alimentarias galegas das especificacións establecidas e a certificación dos produtos da artesanía alimentaria que elaboren e comercialicen serán realizados pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Artigo 38. *Produtos artesáns de montaña e caseiros*

1. Considéranse produtos artesáns de montaña aqueles produtos artesanais elaborados por empresas artesanais alimentarias radicadas en zonas cualificadas como «de montaña» de acordo co que establece o artigo 32 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello, e que utilicen na súa elaboración materias primas procedentes desas zonas. Estes produtos cumprirán, ademais, as especificacións que se establecen nos artigos 1 a 6 do Regulamento delegado (UE) nº 665/2014 da Comisión, do 11 de marzo, que completa o Regulamento (UE) nº 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe ás condicións de uso do termo de calidade facultativo «produto de montaña».

Os produtos definidos no parágrafo anterior poderán utilizar o termo de calidade facultativo «artesán de montaña».

2. As empresas artesanais alimentarias que, de acordo co regulamento de desenvolvemento desta lei e, de ser o caso, as normas técnicas específicas, utilicen como base fundamental para a elaboración dos seus produtos materias primas procedentes da propia explotación agraria á que estean ligadas poderán facer alusión a iso utilizando as mencións «artesán da casa» ou «artesán caseiro».

Artigo 39. *Protección dos termos referidos á artesanía alimentaria*

Os termos «artesán», «artesanal», «caseiro», «da casa» e outros análogos só poderán utilizarse na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos que cumpran os requisitos contemplados na presente lei e normas que a desenvolvan.

Non obstante o anterior, os produtos artesáns alimentarios producidos e elaborados legalmente noutras comunidades autónomas do Estado español ou outros estados membros da Unión Europea e dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), partes contratantes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (EEE), de acordo cunha normativa oficial específica de artesanía alimentaria, poderán comercializarse no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia baixo esa mesma denominación.

Artigo 40. *Rexistro da Artesanía Alimentaria de Galicia*

1. O Rexistro da Artesanía Alimentaria, creado mediante a Lei 2/2005 do 18 de febreiro, está adscrito á Axencia Galega de Calidade Alimentaria e ten como función a inscrición das empresas que realicen unha actividade artesanal alimentaria.

2. Mediante unha norma regulamentaria determinaranse as normas de funcionamento deste rexistro.

CAPÍTULO VI

Produtos alimentarios tradicionais de Galicia

Artigo 41. *Produtos alimentarios tradicionais de Galicia*

1. Para os efectos desta lei, entenderase que un alimento é tradicional de Galicia cando se acredite un mínimo de trinta anos de produción, elaboración e comercialización en Galicia.

2. Poderán adoptarse medidas que permitan seguir utilizando métodos tradicionais para garantir as características dos alimentos tradicionais de Galicia, de acordo co establecido no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 2074/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, polo que se establecen medidas de aplicación para determinados produtos conforme o disposto no Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e para a organización de controis oficiais conforme

o disposto nos Regulamentos (CE) nº 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e (CE) nº 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, se introducen excepcións ao disposto no Regulamento (CE) nº 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e se modifican os Regulamentos (CE) nº 853/2004 e (CE) nº 854/2004.

Artigo 42. *Catálogo de produtos alimentarios tradicionais de Galicia*

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, en colaboración co sector, elaborará e manterá actualizado un catálogo de produtos alimentarios tradicionais, no que se recollerá a identificación e a definición dos produtos típicos e tradicionais de Galicia, con independencia de que estean ou non protexidos mediante un distintivo referido á orixe ou a calidade do produto, co fin de preservar e revalorizar estes, efectuando a súa caracterización e seguimento histórico.

CAPÍTULO VII

Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción, elaboración e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada

Artigo 43. *Obrigas das persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada*

1. As persoas operadoras alimentarias relacionadas coa produción e comercialización das figuras de protección da calidade diferenciada estarán obrigadas a:

a) Cumprir as normas de aseguranza da calidade alimentaria establecidas no Título II desta lei.

b) Inscribirse no rexistro ou rexistros da figura de protección da calidade diferenciada que lles corresponda. Para tal efecto, deberán notificar os datos que sexan necesarios ao consello regulador da figura de protección da calidade diferenciada ou, no seu defecto, á autoridade competente para o seu control.

c) Cumprir o prego de condicións da denominación xeográfica de calidade ou da especialidade tradicional garantida, as disposicións en materia ecolóxica ou as do réxime de calidade correspondente, así como as normas necesarias para a súa correcta aplicación.

d) Subministrar toda clase de información sobre instalacións, produtos, servizos ou sistemas de produción ou elaboración, permitindo a comprobación directa no marco do control oficial.

e) Mostrar, durante o desenvolvemento das actuacións de control, a documentación administrativa, industrial, mercantil, contable ou calquera outra relativa á súa actividade, mesmo a relacionada con outras producións non protexidas

coas figuras de calidade diferenciada, e facilitar a obtención de copias ou a súa reprodución.

f) Permitir, durante as actuacións de control, que se practique a oportuna toma de mostras ou calquera outro tipo de control ou ensaio sobre os produtos ou mercadorías que produzan, elaboren, distribúan ou comercialicen e sobre as materias primas, aditivos ou materias e elementos para a produción e a comercialización que utilicen.

g) Someterse á verificación do cumprimento do prego de condicións na elaboración do produto amparado, que afecta a todas as fases e actividades da produción, a manipulación, a elaboración, a transformación, o envasado, o almacenamento, a etiquetaxe, a presentación e o transporte.

h) Facilitar os medios materiais e humanos necesarios de que dispoñan para o desenvolvemento das actuacións de control oficial.

i) Comunicar as etiquetas comerciais á autoridade competente no control oficial da figura de protección da calidade diferenciada ou, de habela, á entidade de xestión da dita figura, polo menos quince días antes da súa posta en circulación, para a verificación da súa conformidade co disposto no prego de condicións e, de ser o caso, nos estatutos, no manual de calidade da figura de protección da calidade diferenciada ou outras disposicións da dita entidade de xestión.

j) Utilizar exclusivamente as mencións, abreviaturas, símbolos ou calquera outros signos referentes á calidade dos produtos, de conformidade coas normas do réxime de calidade correspondente.

k) Cumprir as obrigas que, de ser o caso, estableza a normativa propia do consello regulador.

l) Colaborar cos consellos reguladores e as autoridades competentes para defender e promocionar as figuras de protección da calidade diferenciada e os produtos amparados por elas.

m) Colaborar cos consellos reguladores e coas autoridades competentes achegando os datos da súa actividade necesarios para a elaboración das estatísticas e os estudos económicos da figura de protección da calidade diferenciada. Estes datos serán tratados de xeito confidencial e, de seren publicados, o serán de forma agregada, para evitar dar información empresarial individual. As persoas operadoras están obrigadas a achegar datos fiables, presumíndose que o son os sustentados en declaracións fiscais.

n) Contribuír economicamente ao financiamento dos consellos reguladores da figura de protección da calidade para o exercicio das funcións que lle son propias. Para iso, deberán aboar as cotas que, de ser o caso, lles sexan de aplicación.

o) Aboar o custo correspondente ás auditorías e outras actividades de avaliación e vixilancia que se lles realicen para a comprobación do cumprimento do prego de condicións ou dos requisitos específicos que se apliquen á figura de protección da calidade diferenciada.

p) Calquera outra obriga establecida nesta lei e demais normas de aplicación.

2. Para poder comercializar produto amparado, as persoas operadoras deberán terse sometido á verificación do cumprimento do prego de condicións ou da normativa correspondente á figura de protección da calidade diferenciada. Así mesmo, deberán ter vixente o certificado de conformidade correspondente, agás que o produto xa estivese preparado para a comercialización con anterioridade á perda de vixencia e fose conforme coa normativa.

CAPÍTULO VIII

Promoción de marcas de garantía

Artigo 44. *Promoción de marcas de garantía sectoriais*

1. Co obxecto de organizar e dinamizar os diferentes sectores produtivos do ámbito alimentario, a Xunta de Galicia promoverá o rexistro, de conformidade co disposto na lexislación comunitaria ou estatal, de marcas de garantía. Estas marcas, ademais de cumprir a lexislación que as regula, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Contar cun regulamento de uso, informado favorablemente polo órgano administrativo competente de acordo co que se indica no número 2 deste artigo, que estableza obrigas detalladas en relación con métodos de produción e elaboración que garantan características específicas, e unha calidade do produto final que exceda a calidade estándar do tipo de produto de que se trate.

b) Que se atribúa a comprobación do cumprimento dos anteriores extremos a unha entidade de control e certificación que actúe con independencia e imparcialidade.

c) Estar abertas a todos os produtores que cumpran os requisitos establecidos.

2. O órgano administrativo competente para informar os regulamentos de uso das marcas de garantía ás que se refire o punto 1 anterior será a consellería competente en razón da natureza do produto.

3. As marcas rexistradas conforme o establecido neste artigo poderán ser obxecto dun especial recoñecemento pola administración autonómica e favorecerse das accións que, para a súa promoción, realice a Xunta de Galicia.

Artigo 45. *As marcas de garantía no sector público galego para a promoción da produción alimentaria de calidade de Galicia*

1. A Xunta de Galicia, co obxecto de promocionar os produtos alimentarios de calidade da comunidade autónoma, poderá utilizar unha marca de garantía rexistrada conforme o disposto no artigo 68 da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de Marcas.

2. O establecido no apartado anterior será de aplicación ás marcas de garantía xa rexistradas do Sector Público Galego que, de acordo cos seus Regulamentos de Uso e os criterios de calidade que teñan establecidos ou establezan, inclúan entre as súas finalidades, distinguir, ademais doutros produtos e servizos, os produtos alimentarios destinados ao consumo humano certificados polo titular da marca en función das súas características e respecto dos que non posúan dita certificación, sempre que sexan producidos, elaborados ou transformados no territorio de Galicia, teñan unha calidade superior ou cumpran uns requisitos específicos de calidade que os distingan doutros da mesma natureza e de acordo coas as especificacións que se establezan.

TÍTULO IV

Xestión e control das figuras de protección da calidade diferenciada

CAPÍTULO I

Xestión pública

Artigo 46. *Xestión a través da Administración competente en materia de calidade alimentaria*

1. A xestión das figuras de protección da calidade diferenciada ás que se refire este título realizaraa a consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate. No caso das denominacións xeográficas relativas aos produtos agroalimentarios e no da produción ecolóxica e o da artesanía alimentaria, estas funcións da consellería competente en materia de agricultura exerceranse a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

2. No caso das denominacións xeográficas de calidade, a consellería competente en razón da natureza do produto poderá delegar estas funcións en consellos reguladores, constituídos de conformidade co disposto no Capítulo II do Titulo IV.

3. Para o caso da produción ecolóxica, a consellería competente en materia de agricultura poderá delegar a xestión desta figura de protección da calidade diferenciada nun consello regulador constituído de conformidade co disposto no Capítulo II do Título IV.

CAPÍTULO II

Xestión das denominacións xeográficas e da produción ecolóxica a través de consellos reguladores

Artigo 47. *Natureza dos consellos reguladores*

1. A xestión dunha ou varias denominacións xeográficas de calidade poderá realizala un consello regulador. A mesma previsión cabe respecto da xestión da produción ecolóxica en Galicia.

2. Os consellos reguladores terán personalidade xurídica propia baixo a forma de corporacións de dereito público e gozarán de autonomía financeira e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Axustarán o seu funcionamento ao dereito privado, excepto cando exerzan potestades públicas, situación na que se rexerán polo dereito administrativo.

3. Os consellos reguladores autorizados como entidades de xestión poderán exercer tamén actividades de control da figura de protección da calidade diferenciada que se trate actuando como organismos delegados, de acordo co establecido no Capítulo III do Título VI.

4. Nos consellos reguladores estarán representadas as persoas operadoras alimentarias inscritas nos seus rexistros.

5. Os consellos reguladores poderán participar ou relacionarse con toda clase de asociacións, fundacións, sociedades civís ou mercantís, agrupacións de produtores, organizacións interprofesionais, así como coas Administracións Públicas, establecendo os oportunos acordos ou convenios de colaboración.

Igualmente, para o desenvolvemento das súas actividades os consellos reguladores poderán colaborar entre si ou asociarse con terceiros mediante a integración en entidades asociativas de nivel superior.

Artigo 48. *Requisitos dos consellos reguladores para actuar como entidades de xestión*

1. Os consellos reguladores, para poder realizar actuacións como entidade de xestión de figuras de protección da calidade diferenciada, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter presentado, de conformidade co que se estableza regulamentariamente, unha solicitude na que conste o acordo dun número mínimo de dez persoas operadoras alimentarias, que deben representar a maioría da produción amparada baixo a figura de protección da calidade diferenciada de que se trate.

A devandita solicitude, no caso das denominacións xeográficas de calidade, haberá de presentarse con posterioridade á inscrición da figura de protección da calidade diferenciada no rexistro da Unión Europea.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Dispoñer dos medios persoais, técnicos e económicos adecuados para o desempeño das súas funcións e o cumprimento das súas obrigas. Estes medios deben incluír unha xerencia con solvencia profesional acreditada para o desempeño dos labores de xestión do consello regulador e de execución dos acordos do seu pleno así como das funcións de secretariado. Esta xerencia poderá ser compartida entre varios consellos reguladores que así o acorden. Ademais, de ser o caso, para poder actuar como órgano delegado para o control oficial, os consellos reguladores deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017 relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

d) Ter unha estrutura organizativa e un réxime de funcionamento interno democráticos.

e) Os órganos de goberno serán a presidencia, a ou as vicepresidencias e o pleno. O pleno é o máximo órgano de goberno e de decisión do consello regulador e nel estarán representados, de maneira equilibrada, todos os intereses económicos e sectoriais que participen de forma significativa na obtención do produto protexido.

f) Elaborar uns estatutos de conformidade co establecido no artigo 49 desta lei.

2. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario cuxo escaso volume de actividade lles dificulte inicialmente a disposición dos medios persoais, técnicos e económicos adecuados aos que se refire a letra c) do apartado 1 deste artigo, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria poderá darlle o apoio técnico necesario para a correcta realización das súas funcións e obrigas. A estes efectos se entenderá que teñen un escaso volume de actividade cando no ano natural inmediatamente anterior ao da entrada en vigor desta lei tiveran un valor da produción certificada inferior a un millón e medio de euros.

Artigo 49. *Estatutos dos consellos reguladores*

1. Os consellos reguladores das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas e da produción ecolóxica rexeranse polos seus estatutos, nos cales deben constar os aspectos organizativos internos.

2. Os estatutos deben conter, como mínimo, os seguintes elementos:

a) O seu réxime de funcionamento interno.

b) Os aspectos de réxime electoral específicos.

c) O réxime económico, financeiro e orzamentario.

d) Calquera outra cuestión que complemente o funcionamento da figura de protección da calidade diferenciada e do seu consello regulador.

3. Igualmente, os estatutos que haberán de rexer o funcionamento dos consellos reguladores deberán establecer como obrigas dos seus membros, ademais das recollidas no artigo 43, as seguintes:

a) Aplicar as normas adoptadas polos órganos de goberno do consello regulador en materia de notificación da produción, comercialización e protección do medio ambiente.

b) Facilitar a información solicitada polo consello regulador con fins estatísticos e de seguimento da produción e comercialización, conforme o indicado na letra m) do punto 1 do artigo 43.

c) Remitir as declaracións ou informes a que estean obrigados.

d) Responder dos incumprimentos das obrigas previstas nos estatutos, así como facilitar a supervisión do seu cumprimento.

4. Os estatutos dos consellos reguladores en ningún caso poderán contradicir o disposto nesta lei, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa específica de cada figura de protección da calidade diferenciada.

5. Regulamentariamente estableceranse os requisitos mínimos que deben cumprir os estatutos dos consellos reguladores.

Artigo 50. *Autorización dos consellos reguladores e aprobación dos seus estatutos*

1. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, o procedemento de autorización dun consello regulador como entidade de xestión iniciarase a instancia de parte, coa que deberá achegarse unha proposta de estatutos do consello regulador xunto coa demais documentación que se estableza regulamentariamente.

2. Una vez instruído o procedemento mediante a revisión do contido da solicitude e a comprobación do cumprimento dos requisitos expostos nos artigos 48 e 49 desta lei, a persoa titular da consellería competente en razón da natureza do produto de que se trate emitirá a resolución correspondente.

A dita resolución, de ser estimatoria, autorizará conxuntamente o funcionamento do consello regulador e aprobará os seus estatutos. A resolución deberá publicarase no Diario Oficial de Galicia. Este mesmo procedemento deberá seguirse para a modificación da autorización ou dos estatutos do consello regulador.

3. O prazo máximo para resolver o procedemento de autorización e aprobación dos estatutos do consello regulador será de seis meses, transcorridos os cales sen notificarse a resolución expresa entenderase desestimada a solicitude.

Artigo 51. *Funcións de xestión dos consellos reguladores*

1. Corresponderá aos consellos reguladores a realización das actuacións relacionadas coa xestión da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, que inclúen as da súa representación, defensa, desenvolvemento e promoción da dita figura e dos produtos amparados por ela, sen prexuízo das competencias e funcións que, nestas materias, poidan atribuírse ás consellerías competentes en materia de agricultura e en materia de pesca. Ademais, de acordo co indicado no apartado 3 do artigo 47, tamén poderán realizar actividades de control da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, actuando como organismos delegados, conforme co establecido no Capítulo III do Título VI desta lei.

2. Os consellos reguladores realizarán as súas funcións de acordo coa normativa europea, estatal e autonómica, sen que en ningún caso se facilite ou xeren condutas contrarias á competencia incompatibles cos artigos 101 e 102 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

3. Os consellos reguladores desenvolverán, entre outras, as seguintes funcións sometidas a dereito privado:

a) Velar polo prestixio da figura de protección da calidade diferenciada e polo cumprimento do seu prego de condicións ou, de ser o caso, das disposicións en materia ecolóxica.

b) Denunciar, de ser o caso, calquera uso incorrecto da figura de protección da calidade diferenciada ante os órganos administrativos competentes.

c) Realizar actividades promocionais no marco do correspondente plan de promoción, informando ás persoas consumidoras sobre o produto e, en particular, sobre as súas características específicas de calidade.

d) Propoñer as modificacións do prego de condicións á consellería competente en razón da natureza do produto.

e) Colaborar coas autoridades competentes na materia e cos órganos encargados do control oficial.

f) Exercer as accións xudiciais ou extraxudiciais ao seu alcance para defender o nome protexido ou á indicación reservada fronte á súa utilización ilexítima, ante os órganos administrativos e xurisdicionais competentes, poñendo en evidencia as prácticas non conformes ao establecido no prego de condicións ou nas disposicións en materia ecolóxica, así como calquera uso indebido que supoña unha utilización ilexítima ou que constitúan actos de competencia desleal.

g) Elaborar, con base en datos fiables, as estatísticas de produción, elaboración e comercialización dos produtos amparados pola figura de protección da calidade e remitilas á consellería competente, xunto co resto das informacións que lles sexan solicitadas pola dita consellería para a súa difusión e xeral coñecemento.

h) Colaborar coas distintas administracións públicas na preparación, elaboración e aplicación de normas que afecten a materias propias das figuras de protección da calidade diferenciada, realizando estudos e emitindo informes a requirimento destas.

i) Participar de xeito activo na preparación e elaboración das estratexias sectoriais que afecten á respectiva figura de protección da calidade.

j) Subministrar toda a información que requira a consellería competente en razón da natureza do produto para a elaboración de estudos e informes sectoriais.

k) Propoñer os requisitos mínimos de control oficial en cada unha das etapas da produción, transformación, distribución e comercialización aos que deba someterse cada operador inscrito e, de ser o caso, os requisitos esixidos para a concesión inicial e o mantemento da certificación.

l) Establecer e xestionar as cotas obrigatorias para o seu financiamento, de acordo co disposto polos seus estatutos.

m) Xestionar contraetiquetas, precintos e outros sinais de garantía.

n) Crear e manter actualizados os censos electorais de operadores inscritos.

o) Velar polo desenvolvemento sostible da zona de produción.

p) Impulsar a profesionalización de todos as persoas operadoras alimentarias inscritas nos seus rexistros e fomentar, entre outros aspectos, a súa formación e o aseguramento das súas producións.

q) Elaborar as liñas estratéxicas que permitan o impulso e crecemento da respectiva figura de protección da calidade alimentaria diferenciada, con rendibilidade para os diferentes elos da correspondente cadea de valor e procurar o desenvolvemento dunha actividade no territorio que sexa económica, social e medioambientalmente sostible.

r) Elaborar os orzamentos respectivos así como a memoria de actividades, que deberán aprobarse na forma que determinen os seus estatutos.

s) Outras funcións que lle sexan atribuídas pola normativa de aplicación.

4. Os consellos reguladores realizarán as seguintes funcións sometidas a dereito administrativo:

a) Levar os rexistros oficiais esixidos polas normas de aplicación, incluídos os rexistros de operadores.

b) Adoptar, nos termos previstos na Política Agrícola Común e no marco do prego de condicións aplicable a cada denominación xeográfica de calidade para cada campaña, segundo criterios de defensa e mellora da calidade, os límites máximos de

produción e de transformación ou a autorización de calquera aspecto de conxuntura anual que poida influír nestes procesos. As devanditas decisións faranse públicas de forma que se garanta a posibilidade de acceso a todos os interesados e comunicaranse á consellería competente en razón da natureza do produto, a cal, cando proceda, comunicará á Comisión as medidas adoptadas.

c) Emitir, cando corresponda no exercicio da función de control, logo da solicitude do interesado, os certificados de produto ou de persoa operadora acollida á figura de protección da calidade diferenciada.

d) Verificar o cumprimento dos requisitos adicionais, recollidos no prego de condicións e outras disposicións da entidade de xestión ou nas disposicións en materia ecolóxica, que deben figurar nas etiquetas e envases comerciais, así como levar un inventario de tales etiquetas e envases comerciais.

e) Realizar todas aquelas funcións de carácter público que lles sexan expresamente delegadas pola consellería competente en razón da natureza do produto. Entre estas funcións delegadas poderán estar as relacionadas co control oficial da figura de protección da calidade diferenciada, de acordo co que se establece no Capítulo III do Título VI.

5. Contra os actos e acordos adoptados polos consellos reguladores no exercicio das funcións públicas a que se refire o apartado 4 deste artigo, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da consellería competente en razón da natureza do produto protexido no prazo e cos requisitos que se establecen na lexislación xeral de procedemento administrativo. Non obstante, as decisións sobre a certificación de produtos ou persoas operadoras non serán recorribles ante a consellería competente, salvo que o recurso se fundamente en irregularidades no funcionamento do consello regulador como entidade certificadora.

Artigo 52. *Obrigas dos consellos reguladores*

Os consellos reguladores deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Subministrar toda a información que requiran os servizos de inspección e control oficial e colaborar con eles.

b) Mostrar toda a documentación administrativa, contable e calquera outra relativa á súa xestión, requirida durante as actuacións de inspección e control, así como facilitar a obtención de copias ou a súa reprodución.

c) Denunciar ante as autoridades competentes as irregularidades detectadas na produción e comercialización que afecten gravemente á figura de protección da calidade diferenciada e colaborar coas devanditas autoridades.

d) Manter actualizados os rexistros e realizar as declaracións esixidas.

e) Dar publicidade aos acordos e as decisións adoptadas.

f) Deseñar e presentar ante a consellería competente un plan estratéxico para un horizonte temporal de entre tres e cinco anos, no que se recolla unha diagnose do sector e se fixen os obxectivos estratéxicos e as medidas e accións a desenvolver para alcanzalos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

g) Presentar ante a consellería competente en razón da natureza do produto e con antelación suficiente o orzamento coas previsións de ingresos e gastos para cada período anual e, co ano vencido, a memoria de funcionamento xunto coas contas correspondentes.

h) Deseñar e presentar ante a consellería competente e con antelación suficiente ao seu inicio un plan de promoción anual ou pluriaanul da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, no que se detallen os obxectivos a perseguir no período ao que se refira e a estratexia e as accións deseñadas para acadalos. Este plan deberá ser coherente coa planificación estratéxica da consellería competente e poderá prever a colaboración con outras figuras de protección da calidade diferenciada coas que comparta obxectivos. No caso dos consellos reguladores do ámbito agroalimentario, o devandito plan debe ser validado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria

i) Calquera outra obriga establecida nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 53. *Publicidade dos cargos dos consellos reguladores*

Os consellos reguladores deben comunicar á consellería competente en razón da natureza do produto a composición dos seus órganos de goberno e as modificacións que se produzan. Igualmente, deben comunicar o nomeamento e o cesamento, de ser o caso, da persoa que ocupe a secretaría.

CAPÍTULO III

Recursos e financiamento dos consellos reguladores

Artigo 54. *Recursos e financiamento dos consellos reguladores*

Para o cumprimento das súas funcións, os consellos reguladores financiaranse cos seguintes recursos:

a) Os bens que constitúan o seu patrimonio e os produtos, rendas e vendas deste.

b) As subvencións, legados e doazóns que reciban.

c) As cotas de pertenza que poderán esixir aos operadores que as integren.

d) Os dereitos por prestación de servizos. Cando tales dereitos deriven do exercicio das funcións públicas deberán ser autorizados pola consellería competente en razón da natureza do produto.

e) Calquera outro ingreso que proceda.

CAPÍTULO IV

Tutela, supervisión e auditoría dos consellos reguladores

Artigo 55. *Tutela e supervisión dos consellos reguladores*

1. A consellería competente en razón da natureza do produto velará polo correcto exercicio por cada consello regulador das súas funcións.

No caso das denominacións xeográficas de calidade do ámbito agroalimentario e no da produción ecolóxica o exercicio das funcións de tutela sobre os consellos reguladores queda encomendado á Axencia Galega da Calidade Alimentaria. No caso das denominacións xeográficas de calidade relacionadas cos produtos de orixe pesqueira, marisqueira ou de cultivo acuícola, esta competencia corresponderá á dirección xeral que teña atribuídas as competencias en materia de comercialización pesqueira.

2. As funcións de control oficial delegadas nos consellos reguladores serán obxecto de supervisión por parte da administración autonómica para garantir a certificación correcta dos produtos alimentarios acollidos a unha figura de protección da calidade diferenciada.

3. As autoridades competentes, no exercicio das funcións de tutela e supervisión sobre os consellos reguladores, poden facer as visitas, auditorías e inspeccións que estimen convenientes para comprobar o grao de cumprimento das súas obrigas.

Artigo 56. Auditorías

Os consellos reguladores están sometidos a auditorías técnicas, económicas, financeiras ou de xestión, que deben facer os órganos da consellería competente en razón da natureza do produto a que se refira a figura de protección da calidade diferenciada.

CAPÍTULO V

Incumprimentos dos consellos reguladores

Artigo 57. *Medidas por incumprimento das funcións e das obrigas como entidade de xestión*

1. Cando un consello regulador incumpra algunha das obrigas e funcións que como entidade de xestión lle atribúe esta lei, a persoa titular da dirección da Axencia Galega

da Calidade Alimentaria ou da dirección xeral con competencias en materia de comercialización pesqueira, segundo corresponda en razón da natureza do produto, formulará un apercibimento ás persoas responsables outorgando un prazo para a súa emenda.

No dito apercibimento indicaranse as medidas correctoras a aplicar, de ser o caso, e o prazo, que non excederá de catro meses, para a súa posta en práctica e a comunicación á autoridade competente da súa aplicación.

2. Nos supostos nos que, no prazo sinalado non se proceda a emendar o incumprimento, iniciarase un procedemento co obxecto de determinar as responsabilidades dos membros dos órganos de goberno do consello regulador e poderanse adoptar medidas de suspensión temporal ou definitiva ou a inhabilitación para o exercicio do cargo.

3. O incumprimento reiterado das funcións ou das obrigas que corresponden aos consellos reguladores poderá determinar o inicio dun procedemento de revogación da autorización de funcionamento como entidade de xestión.

Artigo 58. *Revogación da autorización*

1. A consellería competente en razón da natureza do produto resolverá, logo da tramitación do correspondente procedemento, a revogación da autorización de funcionamento do consello regulador como entidade de xestión nos seguintes supostos:

a) Perda dos requisitos establecidos no artigo 48 desta lei para obter a autorización como entidade de xestión.

b) Incumprimentos detectados e non subsanados das funcións contempladas no artigo 51 desta lei.

c) Incumprimento reiterado das obrigas establecidas no artigo 52 desta lei.

2. Resultará competente para a revogación da dita autorización o mesmo órgano que a concedeu, logo da tramitación do correspondente procedemento, no que se dará audiencia ao consello regulador afectado.

3. No acordo de inicio do procedemento de revogación da autorización figurarán a causa e as circunstancias que determinan o inicio do procedemento de revogación da autorización concedida, o prazo para presentar alegacións así como, de ser o caso, a suspensión provisional das funcións do consello regulador.

4. Regulamentariamente poderán desenvolverse as disposicións relativas ás medidas a tomar no caso de incumprimento das funcións dos consellos reguladores así como da tramitación do procedemento de revogación da súa autorización.

Artigo 59. *Medidas por incumprimento das funcións delegadas de control oficial*

1. Nos supostos de incumprimento de funcións delegadas de control oficial, procederase á revogación total ou parcial da dita delegación.

2. Cando se detecte un incumprimento dos requisitos que deron lugar á delegación ou das obrigas derivadas desta, ou calquera outro suposto que puxese en risco o exercicio das tarefas de control delegadas, a Consellería competente en razón da natureza do produto requirirá ao consello regulador que exerce funcións delegadas de control para que nun prazo determinado proceda á corrección. Se o consello regulador non emendase estes incumprimentos ou deficiencias no prazo concedido, por resolución da persoa titular da Consellería revogarase sen demora a dita delegación.

3. En todo caso, procederá a revogación da delegación cando o consello regulador, no exercicio das funcións delegadas de control oficial, non estea a realizar correctamente as funcións delegadas ou non adopte medidas correctoras adecuadas en tempo oportuno para emendar as deficiencias detectadas así como nos supostos nos que a independencia ou a imparcialidade quedasen comprometidas.

4. A resolución de revogación da autorización publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 60. *Suspensión e disolución dos órganos de goberno do consello regulador*

1. A consellería competente en razón da natureza do produto poderá suspender a actividade dos órganos de goberno dos consellos reguladores no caso de que se produzan transgresións do ordenamento xurídico vixente que, pola súa gravidade ou reiteración, fagan aconsellable esa medida, así como no suposto de imposibilidade de funcionamento normal do consello regulador.

No caso das denominacións xeográficas de calidade do ámbito agroalimentario e no da produción ecolóxica, a eventual suspensión se produciría trala proposta da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

2. O acordo de suspensión determinará o seu prazo de duración, que non poderá exceder de seis meses, así como a asunción por parte da consellería competente en razón da natureza do produto, das funcións imprescindibles para a xestión da figura de protección da calidade diferenciada.

No caso das denominacións xeográficas de calidade do ámbito agroalimentario e no da produción ecolóxica, as devanditas competencias serán asumidas pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Se, transcorrido o prazo de suspensión, subsisten as razóns que deron lugar a esta, procederase, dentro do prazo dun mes, á disolución dos órganos do consello regulador, así como a convocar novas eleccións.

No caso de que non puidesen celebrase eleccións no devandito prazo, ou se transcorridos seis meses desde a constitución do novo pleno subsisten as causas que deron lugar á suspensión do consello regulador, procederase á revogación da autorización para a xestión da figura de protección da calidade diferenciada. Nesa situación, a consellería competente en razón da natureza do produto asumirá a xestión do consello regular, iniciándose os trámites para a súa disolución e liquidación.

CAPÍTULO VI

Asociacións sectoriais nas denominacións xeográficas de calidade

Artigo 61. *Asociacións sectoriais nas denominacións xeográficas de calidade sen entidades de xestión*

1. No caso de denominacións xeográficas de calidade nas que, por non cumprirse os requisitos previstos no artigo 48 desta lei ou por falta de interese das persoas operadoras alimentarias, non se teña constituído un consello regulador, a consellería competente en razón da natureza do produto promoverá a constitución de asociacións sectoriais para o fomento e a defensa da correspondente figura de protección da calidade diferenciada.

2. As asociacións sectoriais ás que se refire este artigo deberán estar abertas á integración de calquera persoa operadora que participe na figura de calidade de que se trate e deberán recoller como obxecto social nos seus estatutos a promoción e defensa da figura de protección da calidade diferenciada.

3. As asociacións sectoriais constituídas conforme ao establecido no apartado anterior terán a consideración de interlocutoras coa administración autonómica nos asuntos relacionados coa figura de protección da calidade diferenciada da que se trate e poderán beneficiarse das liñas de apoio á promoción dos produtos de calidade diferenciada que estableza a Xunta de Galicia.

TÍTULO V

Medidas de fomento

CAPÍTULO I

Medidas de fomento da calidade alimentaria

Artigo 62. *Fomento, desenvolvemento tecnolóxico e innovación alimentaria*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, en colaboración co sector alimentario, entre outras, as seguintes actuacións:

a) O fomento da transferencia de coñecemento e a innovación da industria alimentaria.

b) O apoio a iniciativas e proxectos sectoriais ou empresariais para o desenvolvemento da comercialización dos produtos alimentarios.

c) O apoio a proxectos de investigación para xerar o coñecemento necesario que responda á demanda do sector alimentario.

d) O desenvolvemento tecnolóxico para situar ao sector alimentario nunha posición de liderado.

e) O impulso da dixitalización e da innovación no sector alimentario.

f) O fomento da formación ocupacional en materia curricular do ámbito da alimentación que contempla esta lei, así como a formación do persoal da Administración Autonómica da Xunta de Galicia neste ámbito.

2. As actuacións ás que se refire o apartado 1 deste artigo poderanse realizar mediante recursos propios ou en colaboración e poderán subscribirse para iso convenios con institucións, públicas ou privadas, sen prexuízo do establecido na normativa de contratos, de subvencións e demais que sexa aplicable.

3. O resultado dos programas de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación alimentaria desenvoltos mediante recursos propios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou contando coa súa colaboración ou financiamento, deberá ser posto a disposición do sector alimentario co alcance que se determine nas normas reguladoras das axudas ou subvencións.

Artigo 63. *Desenvolvemento e promoción dos produtos alimentarios*

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia fomentará o desenvolvemento e a promoción dos produtos alimentarios do territorio autonómico dando prioridade ás iniciativas e proxectos que teñan algún dos seguintes obxectivos:

a) Incentivar a comercialización das producións amparadas polas figuras de protección da calidade diferenciada así como de alimentos tradicionais de Galicia.

b) Contribuír á promoción dos produtos galegos de calidade no mercado e ao fomento das boas prácticas comerciais.

c) Comercializar produtos alimentarios en novos mercados emerxentes e a consolidación dos mercados existentes.

d) Promover a concentración da oferta e a comercialización conxunta de cara a chegar tanto ao mercado local como ao resto dos mercados.

e) Desenvolver programas orientados á formación e ao asesoramento en materia de comercialización.

f) Promocionar os modelos de produción propios, os mercados internos, a produción local, as canles curtas de comercialización, as variedades locais e a produción ecolóxica.

g) Difundir e informar sobre a calidade dos produtos alimentarios, impulsando o seu coñecemento tanto no mercado interior como no exterior, destacando os aspectos históricos, tradicionais, culturais, a súa vinculación co territorio, as innovacións e as novas elaboracións.

h) Incorporar a promoción de produtos de calidade nas políticas de desenvolvemento rural, turístico e cultural, para destacar a produción alimentaria galega como un elemento adicional na construción da paisaxe, a vertebración territorial do mundo rural e a conservación dos recursos naturais en clave de sustentabilidade.

i) Promover actuacións de colaboración e interacción entre os operadores para a realización de actuacións conxuntas en materia de promoción.

j) Promover a formación técnica nas materias curriculares de alimentación relacionadas co ámbito desta lei.

k) Articular iniciativas públicas e privadas para o desenvolvemento da produción ecolóxica.

l) Fomentar a implantación de sistemas e canles de comercialización que permitan acurtar a distancia entre as persoas produtoras e as consumidoras, priorizando os circuítos curtos de comercialización, os alimentos frescos, de tempada e de calidade diferenciada.

Artigo 64. *Promoción do cooperativismo no sector alimentario*

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de incrementar o nivel de renda no medio rural, promoverá o cooperativismo e outras fórmulas de economía social entre as persoas operadoras do sector alimentario. Así mesmo, favorecerá a integración das cooperativas e doutras entidades de natureza asociativa como medio para lograr os seguintes obxectivos:

a) Mellorar a eficiencia e a competitividade dos operadores e operadoras, incrementando a concentración da oferta, así como a súa posición nos mercados e o control sobre o valor engadido dos seus produtos.

b) Incrementar o protagonismo das persoas operadoras na regulación dos mercados nos que operan, mediante a súa agrupación.

c) Poñer en valor as súas produción, mellorando a formación e especialización dos equipos directivos e de xestión das cooperativas e outras entidades de natureza asociativa, especialmente nas novas ferramentas e instrumentos de xestión e comercialización.

d) Favorecer os procesos de transformación dos produtos alimentarios e mellorar o seu acceso aos mercados.

e) Contribuír á mellora da renda das persoas produtoras agrarias integradas nas empresas de economía social.

Artigo 65. *Contratación pública de produtos alimentarios*

1. Os contratos do sector público autonómico de subministración de produtos alimentarios ou doutros contratos nos que interveñan este tipo de produtos deberán valorar os aspectos sociais, ambientais e de calidade diferenciada, de conformidade coa Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE e 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, agás que non sexa posible por causas xustificadas, que deberán constar no expediente de contratación. Para realizar a dita valoración poderanse establecer, entre outros, os seguintes criterios:

a) Sociais, valorándose a utilización de produtos que cumpran algunha das seguintes características:

1º Producidos por cooperativas agrarias;

2º producidos por organizacións que teñan un 50% ou máis de mulleres asociadas;

3º procedentes de empresas que empreguen maioritariamente a persoas con diversidade funcional ou a persoas en risco de exclusión social;

4º procedentes de empresas que cumpran os requisitos do ámbito social establecidos na certificación de sustentabilidade á que fai referencia o artigo 27 desta lei.

b) Ambientais, valorándose a contribución á preservación do medio e á loita contra o cambio climático, a través da minimización das emisións de CO2 á atmosfera nas actuacións de aprovisionamento e transporte de alimentos e, en especial, da utilización de produtos de circuítos curtos de comercialización, frescos e de tempada.

c) De calidade diferenciada, valorándose a utilización de produtos:

1º rexistrados na listaxe europea de denominacións de orixe protexidas e indicacións xeográficas protexidas; ou

2º con certificación ecolóxica.

2. O Consello da Xunta, por proposta da consellería competente en razón da natureza do produto, poderá tamén establecer as condicións e os requisitos da valoración das circunstancias sinaladas para a contratación das subministracións dos produtos alimentarios entre os que se incluirán:

a) Establecer unha porcentaxe mínima de alimentos de produción ecolóxica ou de outras figuras de protección da calidade diferenciada, de tempada ou procedentes de circuítos curtos de comercialización ou dunha agrupación ou organización de produtores agrarios.

b) Valorar durante a fase de adxudicación as porcentaxes que se sitúen por encima do requisito mínimo aos produtos ecolóxicos, de circuítos curtos de comercialización, frescos e de tempada.

c) Incluír cláusulas contractuais encamiñadas a reducir ao mínimo os residuos alimentarios e de envases de alimentos.

d) Aplicar criterios de selección aos provedores fundamentados na aplicación de medidas de xestión ambiental adecuadas.

CAPÍTULO II

Medidas específicas de fomento da calidade alimentaria diferenciada

Artigo 66. *Fomento da calidade diferenciada*

1. Os órganos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia adoptarán e potenciarán medidas de fomento da calidade alimentaria diferenciada, impulsando a divulgación, o mellor coñecemento, a defensa e a promoción. As medidas responderán aos seguintes obxectivos:

a) Incentivar entre as persoas operadoras alimentarias do sector a utilización das diferentes figuras de protección da calidade diferenciada de produtos alimentarios.

b) Contribuír á promoción dos produtos alimentarios de calidade de Galicia nos mercados nacionais e internacionais e ao fomento das boas prácticas comerciais.

c) Preservar e valorar as técnicas e coñecementos asociados aos produtos alimentarios de calidade de Galicia.

d) Propiciar as iniciativas de colaboración e interacción entre as persoas operadoras alimentarias para a realización de actuacións conxuntas en materia de promoción.

e) Articular as iniciativas públicas e privadas en favor da calidade dos produtos alimentarios.

f) Promover iniciativas dirixidas á clarificación e adecuación das denominacións de venda e definicións dos produtos para unha mellor información ás persoas consumidoras que permita revalorizar e diferenciar a calidade dos produtos alimentarios e a protección das persoas consumidoras e operadoras.

g) Articular iniciativas públicas para o desenvolvemento da produción ecolóxica.

2. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia poderá financiar campañas de información e de promoción de produtos alimentarios de calidade, no marco da normativa europea e a normativa básica estatal.

Estas campañas servirán para difundir e informar sobre a calidade, propiedades e características diferenciais dos produtos de calidade de Galicia, promocionando o seu coñecemento tanto no mercado interior como no exterior, destacando os aspectos históricos, tradicionais e culturais, a súa vinculación co territorio, as innovacións e novas elaboracións e, en xeral, para recomendar o consumo de produtos alimentarios de calidade diferenciada.

TÍTULO VI

Control oficial

CAPÍTULO I

Control oficial da calidade dos alimentos

Artigo 67. *Control oficial*

1. Son obxectivos do control oficial a garantía da calidade alimentaria, a persecución da fraude alimentaria, a garantía da lealdade nas transaccións comerciais alimentarias e a protección dos dereitos e intereses económicos dos operadores e operadoras alimentarias e das persoas consumidoras finais, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

2. Este título aplicarase a todas as actuacións de control que, en materia de calidade e conformidade dos produtos alimentarios, se realicen nas etapas de produción, transformación, transporte e comercialización dos ditos produtos e das materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias que se desenvolvan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Exclúense do ámbito de aplicación deste título os aspectos en que interveña calquera compoñente regulado por normas sanitarias, veterinarias, de benestar animal ou relativas á seguridade física das persoas ou animais, en particular as cuestións relacionadas coa saúde, o control microbiolóxico, a inspección veterinaria, o control de puntos críticos, o control de residuos en animais, en carnes e en vexetais, ou coa normativa sobre substancias perigosas e medio ambiente, así como calquera control realizado por outros órganos sectoriais específicos no ámbito das súas competencias.

Artigo 68. *Organismos delegados de control*

1. As autoridades competentes poderán delegar determinadas funcións de control oficial nun ou máis organismos delegados ou en persoas físicas, de conformidade coas condicións establecidas nos artigos 29 e 30, respectivamente, do Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios. A autoridade competente asegurarase de que o organismo delegado ou a persoa física en quen se deleguen tales funcións dispoñan das facultades necesarias para levalas a cabo eficazmente.

2. Os organismos delegados de control terán as seguintes obrigas:

a) Estar debidamente acreditados segundo a norma pertinente para as funcións delegadas das que se trate e manter actualizada a correspondente acreditación.

b) Cumprir as tarefas delegadas nos termos establecidos pola autoridade competente e informar a esta das actuacións realizadas.

c) Denunciar ante as autoridades competentes, de conformidade co indicado no artigo 85.5, as irregularidades detectadas na produción e comercialización que afecten gravemente á figura de protección da calidade diferenciada que corresponda e colaborar coas devanditas autoridades.

d) Informar á autoridade competente das súas actuacións en relación ás actividades de control oficial delegadas.

e) Manter actualizados os seus rexistros e a súa documentación, así como realizar as declaracións esixidas.

f) Calquera outra obriga establecida nesta ou outra norma.

CAPÍTULO II

Toma de mostras para o control da calidade físico-química

Artigo 69. *Realización da toma de mostras*

A toma de mostras para o control da calidade físico-química realizarase por triplicado, sen prexuízo do que establece esta lei para os produtos comercializados a distancia, e reflectirase nunha acta formalizada ante a persoa titular da empresa ou establecemento suxeito a inspección ou ante a persoa representante legal ou responsable, e na ausencia delas, ante calquera persoa pertencente á dita empresa ou establecemento. Cando as persoas mencionadas anteriormente se neguen a intervir na acta, esta será validada polo persoal inspector.

Artigo 70. *Representatividade das mostras*

As mostras serán representativas do produto obxecto de control. Cada mostra constará de tres exemplares pertencentes ao mesmo lote e produto, agás nos casos de produtos comercializados a distancia. Cando se trate de substancias a granel ou cando sexa preciso fraccionar ou mesturar o contido de diferentes envases, deberá homoxeneizarse o produto antes de proceder á toma da mostra a fin de garantir a súa representatividade.

Artigo 71. *Procedemento de toma de mostras*

O procedemento de toma de mostras axustarase ao establecido nas normas específicas para cada produto e, no seu defecto, ao disposto nesta lei e nas demais normas de aplicación. As cantidades que teñan que retirarse de cada exemplar serán suficientes en función das determinacións analíticas que se teñan que realizar.

Artigo 72. *Acondicionamento das mostras*

Os exemplares da mostra deben acondicionarse, precintarse de tal xeito que se garanta a súa inviolabilidade, identificarse e ser asinados polas persoas intervenientes, co obxecto de garantir a identidade das mostras co seu contido durante o tempo da súa conservación ata que se practiquen as correspondentes analíticas.

Artigo 73. *Depósito dos exemplares*

O depósito dos exemplares farase do seguinte xeito:

a) Se a empresa ou a persoa titular do establecemento onde se levante a acta foran fabricantes, envasadoras ou marquistas das mostras recollidas e acondicionadas do xeito descrito no artigo 71, un dos exemplares quedará no seu poder, baixo depósito xunto a unha copia da acta, coa obriga de conservar a dita mostra en perfecto estado para a súa posterior utilización na proba contraditoria se fose necesario.

A desaparición, destrución ou deterioro deste exemplar da mostra presumirase maliciosa, salvo proba en contrario. Os outros dous exemplares da mostra quedarán en poder da inspección, enviándose un ao laboratorio que vaia realizar a análise inicial.

b) Se o establecemento ou a empresa inspeccionada actuasen como meros distribuidores do produto investigado, quedará no seu poder unha copia da acta pero os tres exemplares da mostra serán retirados pola inspección, en cuxo caso, un dos exemplares porase a disposición da persoa fabricante, envasadora ou marquista interesada ou persoa debidamente autorizada que a represente para que a retire se desexa practicar a proba contraditoria.

Artigo 74. *Métodos de análise e laboratorios*

1. As probas periciais analíticas practicaranse en laboratorios oficiais para a realización dos controis oficiais.

2. Os métodos de análise, ensaio e diagnóstico de laboratorio deben cumprir a normativa da Unión Europea. No seu defecto, e en función da súa idoneidade para as súas necesidades específicas de análise, ensaio e diagnóstico, os laboratorios empregarán un dos seguintes métodos:

a) Os métodos dispoñibles que se axusten ás normas ou aos protocolos pertinentes internacionalmente recoñecidos, incluídos os aceptados polo Comité Europeo de Normalización (CEN).

b) Os métodos pertinentes desenvolvidos ou recomendados polos laboratorios de referencia da Unión Europea e validados conforme a protocolos científicos aceptados a escala internacional.

3. De non existir as normas ou protocolos pertinentes mencionados no apartado anterior, empregaranse os métodos que cumpran as normas pertinentes establecidas a escala nacional ou, de non existir estas normas, os métodos pertinentes desenvolvidos ou recomendados polos laboratorios de referencia nacionais e validados conforme a protocolos científicos aceptados a escala internacional, ou os métodos pertinentes desenvolvidos e validados con estudos de validación de métodos realizados polo laboratorio ou entre varios laboratorios conforme a protocolos científicos aceptados a escala internacional.

Artigo 75. *Análise contraditoria e dirimente*

1. O laboratorio que reciba o exemplar inicial da mostra, en función dela e da documentación que se acompañe, realizará a análise e emitirá o máis axiña posible os resultados analíticos correspondentes e, en caso de que se lle solicite, un informe técnico, pronunciándose de maneira clara e precisa sobre a cualificación que lle mereza a mostra analizada.

2. Cando do resultado da análise inicial se deduzan infraccións ás disposicións vixentes, incoarase o correspondente expediente sancionador de acordo co procedemento contido nesta disposición. Neste caso, e no suposto de que o operador ou operadora alimentaria denunciada non acepte os resultados, sen prexuízo de acreditar o que conveña ao seu dereito por calquera medio de proba, poderá solicitar da persoa instrutora do expediente a realización da análise contraditoria de acordo cunha das dúas posibilidades seguintes:

a) Designando no prazo de cinco días hábiles, contados a partir da notificación do acordo de iniciación, a persoa que faga a peritaxe de parte, para a súa realización no laboratorio que practicou a análise inicial, seguindo as mesmas técnicas empregadas por este e en presencia do técnico ou técnica que certificou a análise ou unha persoa designada por el. Para tal fin, a persoa instrutora do expediente ou o propio

laboratorio comunicará á persoa interesada a data e hora na que se practique a determinación analítica.

b) Xustificando ante a persoa instrutora, no prazo de oito días hábiles a partir da notificación do acordo de iniciación, que o seu exemplar da mostra correspondente foi presentado nun laboratorio oficial para que realice a análise contraditoria o técnico ou técnica que designe o laboratorio utilizando as mesmas técnicas empregadas na análise inicial. O resultado analítico, e de ser o caso, o informe técnico complementario, deberán remitirse á persoa instrutora do expediente no prazo máximo dun mes contado a partir da notificación do acordo de inicio e entenderase que transcorrido o prazo sen que se practicase a análise e sen que se comunicase a quen instrúe, o operador ou operadora denunciada decae no seu dereito. O transcurso do prazo máximo para resolver o procedemento sancionador e notificar a resolución queda suspendido desde a solicitude da análise contraditoria, que a persoa inculpada debe comunicar á administración, ata que a persoa instrutora reciba o resultado desta análise.

3. A renuncia expresa ou tácita a efectuar a análise contraditoria ou a non achega dos resultados analíticos da mostra que estea en poder da persoa interesada supón a aceptación dos resultados aos que se chegase na práctica da primeira análise.

4. Se existise desacordo entre os ditames das análise inicial e contraditoria, o órgano competente designará o laboratorio oficial que, segundo os antecedentes e utilizando o terceiro exemplar, realizará unha terceira análise que será dirimente e definitiva. Entenderase que concorre tal desacordo cando existan as diferencias previstas na letra b) do artigo 4 desta lei.

5. Os gastos que se deriven pola realización da análise contraditoria serán por conta de quen a promova.

Artigo 76. *Supostos especiais na práctica da proba pericial analítica*

1. No suposto de produtos alimentarios de difícil conservación no seu estado inicial ou de produtos perecedoiros en xeral, a proba pericial analítica poderá practicarse segundo unha das dúas modalidades seguintes:

a) A proba analítica inicial practicarase de oficio no laboratorio designado para o efecto polo organismo competente e notificarase á persoa interesada cando do resultado da análise se deduzan infraccións ás disposicións vixentes, para que, se o desexa, concorra á análise contraditoria no prazo que se sinale asistida da persoa que faga a peritaxe de parte.

b) Nos casos en que sexa necesaria unha actuación urxente, ou nos que por razóns técnicas fose conveniente, a proba pericial analítica practicarse de oficio no organismo competente, logo de notificación á persoa interesada para que concorra asistida da persoa que faga a peritaxe de parte, no prazo que se sinale, para realizar nun só acto a análise inicial e a contraditoria, e de ser preciso a arbitral, sobre as mostras achegadas pola Administración e a persoa interesada.

2. Tamén poderán realizarse análises ou probas periciais no mesmo lugar da inspección, cando a natureza do produto así o aconselle, se ben en tal suposto as practicará persoal debidamente titulado e autorizado polo órgano competente e se ofrecerá no mesmo acto a posibilidade de proba contraditoria conforme a calquera das alternativas previstas no suposto de produtos alimentarios de difícil conservación no seu estado inicial ou de produtos perecedoiros en xeral.

3. Todo o actuado elevarase á autoridade competente, que acordará a incoación do expediente sancionador se o estima procedente

Artigo 77. *Actuacións que non requiren da práctica de probas analíticas*

1. Cando a inspección investigue características de calidade de produtos presentados en fresco e sometidos a normalización e esta investigación non requira a práctica de probas analíticas, como é o caso, entre outros, das froitas, hortalizas e canais de especies animais, efectuaranse os seguintes trámites:

a) A persoa inspectora fará constar na acta os feitos e circunstancias pertinentes sobre a partida inspeccionada.

b) A persoa inspeccionada fará constar na acta a aceptación de tales extremos ou a súa discrepancia con eles. Neste suposto, tras a intervención da mercadoría, e no prazo de dous días hábiles contados a partir do día da inspección, solicitará a realización dunha nova inspección por outro inspector ou inspectora. Na inspección, a persoa interesada poderá designar unha persoa que faga a peritaxe de parte e a persoa inspectora que levantou a acta inicial tamén poderá concorrer á nova inspección. Os ditames emitidos por ambas partes faranse constar na acta desta última inspección, á que poderán achegarse probas documentais, fotografías, así como calquera outra documentación que se estime oportuna.

2. Todo o actuado elevarase á autoridade competente que acordará a incoación do expediente sancionador, se o estima procedente.

Artigo 78. *Mostras para o control de produtos comercializados por internet ou de outros medios de comunicación a distancia*

1. Para os produtos alimentarios ofertados para a súa comercialización a través de internet o por outros medios de comunicación a distancia, a inspección de calidade poderá encargar as mostras dos produtos obxecto do control oficial sen identificarse ante as persoas responsables da súa venda, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

2. Unha vez en posesión das mostras, a inspección de calidade estará facultada, de consideralo preciso, para fraccionar a mostra e obter tres exemplares que se empregarán para a práctica da análise inicial e, de ser o caso, contraditoria e

dirimente. A administración informará ao operador ou operadora da súa actuación, comunicándolle que se trata dunha toma de mostras realizada no marco dun control oficial, que estas van ser analizadas para os efectos da execución deste control e que ten dereito a solicitar un ditame contraditorio dun dos exemplares que a propia inspección custodia.

3. As disposicións relativas ao control de produtos comercializados a distancia poderán ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO III

Control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada

Artigo 79. *Autoridade competente e organismos delegados de control*

1. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria terá a condición de autoridade competente para os efectos do control oficial da produción ecolóxica, da artesanía alimentaria, dos produtos acollidos a algunha especialidade tradicional garantida e o dos produtos agroalimentarios amparados por denominacións xeográficas de calidade.

De acordo co anterior, a dita axencia é a encargada da verificación do cumprimento polos operadores dos requisitos para o outorgamento da certificación de conformidade que os faculta para producir baixo estas figuras de protección da calidade e da supervisión das tarefas delegadas de control ás que se refire o apartado 3 deste artigo.

2. A consellería competente en materia de pesca será a autoridade competente para o control oficial en relación coas denominacións xeográficas de calidade de produtos de orixe pesqueira, marisqueira ou de cultivo acuícola. Esta consellería poderá encomendar á Axencia Galega da Calidade Alimentaria a supervisión dos organismos delegados de control aos que se refire o apartado 3 deste artigo que operen no ámbito das ditas denominacións xeográficas de calidade.

3. De acordo co indicado no artigo 68, a autoridade competente poderá delegar tarefas de control específicas nun ou máis organismos de control ou en persoas físicas, sempre que se cumpra co establecido nos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) n.º 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

Artigo 80. *Control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada*

1. O control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada consistirá na verificación do cumprimento da súa normativa específica e afectará a todas as etapas de produción, transformación, distribución e comercialización dos produtos alimentarios e das materias e os elementos que interveñan na súa produción, así

como aos procesos e equipos tecnolóxicos de fabricación, elaboración e tratamento de alimentos, aos medios de conservación e de transporte e á etiquetaxe, presentación e publicidade dos alimentos. Tamén incluirá, de ser o caso, a supervisión das tarefas delegadas de control.

2. Este control consistirá na inspección de locais, instalacións e explotacións relacionados co produto amparado pola figura de protección da calidade diferenciada, na toma de mostras e a súa análise, así como na auditoría e o exame documental para verificar a planificación e execución dos sistemas de autocontrol e control interno e dos seus rexistros documentais.

3. O control oficial das figuras de protección da calidade exercerase nos termos esixidos polas normas da Unión Europea e consonte os principios de legalidade, proporcionalidade, seguridade, contradición, axilidade e simplificación administrativa.

Artigo 81. *Delegación de tarefas de control de figuras de protección da calidade diferenciada*

1. A consellería competente en razón da natureza do produto, por resolución da persoa titular, poderá delegar determinadas tarefas de control no correspondente consello regulador, de existir este para a figura de protección da calidade diferenciada de que se trate. Deste xeito, o consello regulador actuará como organismo delegado de control. Alternativamente, a consellería competente poderá delegar as ditas tarefas nun ou varios organismos delegados de control que actúen como organismos de certificación de produto alimentario ou en persoas físicas, consonte o establecido na normativa europea sobre os controis oficiais.

2. Os organismos delegados de control que actúen como entidades de certificación de produto de figuras de protección da calidade diferenciada reguladas pola normativa da Unión Europea, deberán estar acreditados de conformidade coa norma UNE-EN ISO/ IEC 17065:2012 ou norma que a substitúa.

3. De conformidade co establecido no Regulamento (UE) n.º 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal, e produtos fitosanitarios, só poderán delegarse tarefas específicas de control oficial nun organismo delegado de control sempre que este:

a) Posúa a experiencia, os equipos e a infraestrutura necesarios para realizar as tarefas que lle foron delegadas.

b) Conte con persoal suficiente coa cualificación e experiencia axeitada.

c) Sexa imparcial e non teña ningún conflito de intereses respecto ao exercicio das tarefas que lle foron delegadas.

d) Traballe e estea acreditado segundo as normas pertinentes para as tarefas delegadas.

e) Dispoña de competencias suficientes para exercer as función de control oficial que teñan sido delegadas nel.

4. Para outorgar a delegación será necesario que na autorización de delegación se describan con precisión as tarefas que o organismo delegado de control pode levar a cabo e as condicións en que pode realizalas, e que se establezan mecanismos de coordinación efectiva e eficaz entre a autoridade competente e o organismo en que delegase.

5. No exercicio das tarefas delegadas, o organismo delegado de control haberá de actuar consonte as normas da Unión Europea que resulten de aplicación, a presente lei, as súas disposicións de desenvolvemento e cantas condicións particulares e instrucións se impoñan no acto de delegación.

6. O organismo delegado de control comunicará á autoridade competente con regularidade e tamén sempre que esta última o solicite, os resultados dos controis levados a cabo. Se os controis revelan ou fan sospeitar un incumprimento que poida afectar gravemente á figura de protección da calidade diferenciada, o organismo delegado de control informará de contado á autoridade competente, de conformidade co indicado no artigo 85.5 desta lei.

7. Os organismos delegados de control estarán sometidos á supervisión da consellería competente en razón da natureza do produto.

No caso de detectarse un incumprimento dos requisitos que deron lugar á delegación ou das obrigas derivadas desta ou no de calquera outro suposto que puxese en grave risco o exercicio das tarefas de control delegadas, aplicarase o disposto no artigo 59.

8. A resolución de delegación e a de revogación, de ser o caso, publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 82. *Obrigas das entidades de control e certificación*

1. As entidades de control e certificación teñen a obriga de estar inscritas no Rexistro de entidades de control e certificación de produtos alimentarios de Galicia ao que se refire o artigo 86 desta lei.

2. Se unha entidade de control e certificación propón a suspensión ou cancelación da certificación dunha persoa operadora, debe comunicarlle esta circunstancia á consellería competente en razón da natureza do produto e, de existir, ao órgano de xestión da figura de protección da calidade diferenciada correspondente, no prazo máis breve de tempo posible e, en todo caso, sen superar o de cinco días hábiles.

3. As entidades de control e certificación deben conservar e poñer ao dispor da consellería competente en razón da natureza do produto os datos e os expedientes das actuacións dos últimos cinco anos.

Artigo 83. *Manual de calidade e procedementos de control*

1. Os controis oficiais que realice a Axencia Galega da Calidade Alimentaria directamente sobre os operadores e os que realicen por delegación os consellos reguladores ou outros organismos con delegación de tarefas de control oficial levaranse a cabo de conformidade con procedementos documentados integrados nos seus sistemas de calidade.

2. O manual de calidade é o documento principal do sistema de calidade no que se reflicte a política de calidade e obxectivos xerais así como as formas de actuación con relación ás actividades que afectan ao control oficial. Sirve como marco de referencia permanente e del emanan o resto dos documentos do sistema de calidade.

3. Os procedementos de control son un conxunto de documentos integrados no manual de calidade que describen, coordinan e guían, con suficiente detalle, o desenvolvemento das actividades de control, quen as realiza, que métodos se empregan, quen as supervisa, cales son os diferentes controis que se realizan a cada un das persoas operadoras certificadas para cada produto e a cualificación das non conformidades.

Artigo 84. *Non conformidades*

Cando, como consecuencia da actividade de control aos operadores, a autoridade competente ou, de ser o caso, os consellos reguladores e outros organismos con delegación de tarefas de control oficial, detecten incumprimentos da normativa de aplicación ou unha aplicación deficiente do autocontrol, identificaranse non conformidades, que se notificarán ás persoas operadoras para que, no prazo establecido nos procedementos, estas tomen as medidas oportunas para solucionalas e trasladen un plan de accións correctivas.

Artigo 85. *Consecuencias dos incumprimentos*

1. As persoas operadoras que comercialicen produtos acollidos a unha figura de protección da calidade diferenciada, para poder facelo, deberán contar cun certificado de conformidade emitido pola autoridade competente ou, de ter esta realizado delegación de tarefas, polo consello regulador ou por outros organismos nos que se fixera delegación de tarefas.

2. A autoridade competente ou, de ser o caso, o consello regulador ou outro organismo ou organismos nos que se delegasen tarefas de control, poderán acordar a suspensión ou a cancelación do certificado de conformidade ao operador, en función da maior ou menor gravidade dos incumprimentos detectados.

3. Os consellos reguladores e outros organismos nos que se delegasen tarefas de control oficial deberán comunicar á autoridade competente as decisións relativas á suspensión ou á retirada do certificado de conformidade a un operador nun prazo máximo de cinco días dende o momento en que se produciu a decisión.

4. As suspensións e as cancelacións do certificado de conformidade ás que se refire este artigo circunscríbense ao procedemento de certificación e en ningún caso teñen carácter de sanción.

5. As non conformidades graves derivadas dun incumprimento deliberado das normas reguladoras dunha figura de protección da calidade diferenciada que, de acordo co recollido no Título VII desta lei, poidan ser constitutivas de infracción, poderán dar lugar a un expediente sancionador. De acordo con isto, os consellos reguladores ou outros organismos nos que se teñan delegado tarefas de control deberán comunicar á Axencia Galega da Calidade Alimentaria ou a dirección xeral con competencias en comercialización pesqueira, segundo corresponda, os incumprimentos desta natureza detectados durante a súa actividade de control, para o inicio, de ser o caso, da tramitación do correspondente expediente.

Artigo 86. *Rexistro de entidades de control e certificación de produtos alimentarios de Galicia*

1. Créase o Rexistro de entidades de control e certificación de produtos alimentarios de Galicia que se integra na división C do Rexistro Industrial de Galicia.

2. O rexistro terá carácter administrativo, público e único no ámbito da Comunidade Autónoma.

3. Inscribiranse no rexistro todas as entidades de control e certificación de produtos alimentarios suxeitos a un réxime de calidade de carácter público que operen na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Regulamentariamente establecerase o contido, a estrutura e o procedemento de inscrición no devandito rexistro.

TÍTULO VII

Inspección e réxime sancionador

CAPÍTULO I

Inspección

Artigo 87. *Obrigas das persoas operadoras alimentarias en relación coa inspección*

1. As persoas operadoras, por requirimento dos órganos administrativos competentes previstos no título I desta lei ou do seu persoal no exercicio da función inspectora, están obrigados a:

a) Permitir e facilitar as visitas de inspección, prestar a asistencia requirida e cooperar co persoal inspector no exercicio das súas competencias.

b) Subministrar toda clase de información sobre os sistemas de produción, transformación ou comercialización e máis sobre as instalacións, os produtos, os equipos ou os servizos e, en particular, sobre as autorizacións, os permisos e as licenzas necesarias para o exercicio da actividade, e permitir que o persoal inspector comprobe directamente os datos achegados.

c) Achegar a documentación que sirva de xustificación das transaccións efectuadas, tales como os contratos, as facturas, os albarás e os demais documentos esixidos legalmente, así como aqueles que sexan necesarios para determinar as responsabilidades pertinentes.

d) Facilitar a obtención dunha copia ou a reprodución da documentación requirida.

e) Permitir que se practique a oportuna toma de mostras ou que se efectúe calquera tipo de control ou ensaio sobre os produtos e bens en calquera fase de produción, elaboración, envasado, transporte, almacenamento ou comercialización.

f) Xustificar as verificacións e os controis efectuados sobre os produtos alimentarios.

2. As persoas operadoras alimentarias deben colaborar, cando corresponda, coas entidades que realicen actuacións de control e certificación.

Artigo 88. *Dereitos das persoas inspeccionadas*

As persoas inspeccionadas teñen dereito a recorrer a unha contraperitaxe das probas ou mostras tomadas na inspección, dentro do prazo e consonte o procedemento establecido no Capítulo II do Título VI desta lei.

Así mesmo, no momento da inspección, poderán esixir a acreditación do persoal inspector, obter unha copia da acta e efectuar alegacións no mesmo acto, recibindo sempre un tratamento respectuoso do persoal que realiza a inspección.

Artigo 89. *Función inspectora*

1. A administración autonómica desenvolverá actuacións de control e de inspección sobre os produtos alimentarios e as materias e os elementos para a produción e a comercialización alimentarias, co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios.

2. As actuacións de inspección terán como obxectivo preferente o control:

a) Da calidade, idoneidade, etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios e das materias primas e os elementos empregados para a súa produción e comercialización.

b) Da lealdade das transaccións comerciais en materia da produción e a comercialización alimentarias, e contribuír a manter a unidade de mercado.

c) Da identidade e a actividade dos operadores.

d) Do adecuado uso das denominacións xeográficas de calidade e doutras figuras de protección da calidade diferenciada.

e) Da documentación relativa aos procesos de elaboración e comercialización de produtos alimentarios.

3. A actuación inspectora levarase a cabo:

a) En desenvolvemento de plans anuais de inspección.

b) En desenvolvemento de estratexias para fomentar a calidade dentro do sector alimentario.

c) Con motivo de denuncia, reclamación ou queixa.

d) Por petición razoada de outros órganos administrativos.

e) Como consecuencia de orde superior xerárquica debidamente motivada.

f) Por iniciativa propia do persoal inspector cando medie causa xustificada.

Artigo 90. *Do ámbito da función inspectora*

1. A consellería competente en materia de agricultura da Xunta de Galicia velará polo cumprimento da lexislación en materia de calidade e conformidade da produción e a comercialización alimentarias en todas as fases de produción, transformación e comercialización, sen prexuízo do que estableza a normativa específica en materia de disciplina de mercado e de defensa de consumidores e usuarios.

2. Estarán sometidos á inspección os produtos alimentarios, as materias e os elementos para a produción e a comercialización que se atopen en establecementos físicos ou se comercialicen a través do comercio electrónico. En particular, estarán sometidos a inspección:

a) Os terreos, locais, oficinas, instalacións e a súa contorna, medios de transporte, equipos e materiais, nas diferentes fases reflectidas no apartado 1 deste artigo.

b) Os produtos semiacabados e os produtos acabados dispostos para a venda.

c) As materias primas, ingredientes, auxiliares tecnolóxicos e demais produtos utilizados para a preparación e produción de produtos alimentarios.

d) Os materiais e obxectos destinados a entrar en contacto cos produtos alimentarios.

e) Os procedementos utilizados para a fabricación, elaboración ou tratamento de produtos alimentarios.

f) A etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.

g) Os medios de conservación.

Artigo 91. *Funcións da inspección*

As funcións da inspección consisten en controlar e inspeccionar a calidade e a conformidade dos produtos alimentarios e, en particular, no seguinte:

a) Verificar os produtos acabados, as materias primas, os ingredientes, os auxiliares tecnolóxicos, os produtos intermedios e outros produtos que poidan utilizarse como compoñente.

b) Comprobar as condicións nas que se levan acabo cada unha das fases de produción, transformación e comercialización e que teñan incidencia na calidade e conformidade dos produtos.

c) Controlar e inspeccionar a designación, a denominación, a presentación e máis as inscricións de calquera natureza dos produtos, os envases, as embalaxes, os documentos de acompañamento dos transportes, as facturas, os documentos comerciais, a publicidade, os rexistros, a contabilidade, a documentación e os sistemas de garantía da rastrexabilidade.

d) Establecer os correspondentes programas de previsión que definan o carácter, a frecuencia e os criterios das accións de control que deberán levarse a cabo nun período determinado.

e) Detectar e comprobar riscos de fraude, adulteración, falsificación e prácticas non autorizadas, prohibidas, antirregulamentarias ou clandestinas dos produtos alimentarios, así como as condutas que poidan afectar negativamente ou prexudiquen os intereses económicos do sector alimentario de Galicia ou das persoas consumidoras.

f) Localizar os produtos alimentarios e as materias e os elementos para a produción e a comercialización alimentarias non conformes e impedir o seu acceso aos circuítos de comercialización.

g) Avaliar a sistemática de control da rastrexabilidade e os medios e os sistemas de control interno utilizados polas persoas operadoras alimentarias para asegurar a

execución correcta da súa actividade en cumprimento da regulamentación aplicable en materia de calidade e conformidade dos produtos.

h) Prestar apoio aos órganos encargados da tramitación das accións correctivas ou punitivas derivadas das presuntas infraccións detectadas nas accións de control.

Artigo 92. *Actuación da inspección*

1. A actuación inspectora consistirá nunha ou en varias das seguintes operacións:

a) Visitas e revisións presenciais das instalacións, oficinas, terreos ou transportes onde se atopen os produtos e documentación obxecto de control.

b) Realización de aforos e balances, tanto de produtos acabados, como de materias primas.

c) Toma de mostras e análise.

d) Exame do material escrito e documental relacionado coa calidade e conformidade dos produtos alimentarios.

e) Exame dos sistemas de rastrexabilidade e control interno.

f) Comprobación dos procesos produtivos, da maquinaria utilizada e das materias primas empregadas.

g) Calquera outra operación que se considere pertinente para a comprobación dos feitos susceptibles de motivar a realización da función inspectora.

Para realizar as operacións anteriores, poderán acceder libremente a todas as instalacións da persoa operadora, incluídos os vehículos de transporte.

2. O persoal inspector poderá acceder directamente á documentación industrial, mercantil e contable e aos rexistros informáticos das empresas que inspeccionen cando o consideren necesario no decurso das súas actuacións.

3. Así mesmo, o persoal inspector poderá facer copias ou extractos do material escrito, informático e documental sometido ao seu exame.

4. As operacións mencionadas nos apartados anteriores poderanse completar no caso necesario:

a) Coas manifestacións da persoa responsable da empresa inspeccionada e das persoas que traballan por conta da devandita empresa.

b) Coa lectura dos valores rexistrados polos instrumentos de medida utilizados pola empresa.

c) Cos controis realizados polo inspector ou inspectora cos seus propios instrumentos e das medicións efectuadas cos instrumentos instalados pola empresa.

5. Unha vez realizadas todas as pescudas que coiden oportunas, o persoal inspector estenderá unha acta, na que se fará unha relación detallada das condutas e dos feitos que sirvan de base para o correspondente procedemento sancionador, de ser o caso.

6. A actuación inspectora axustarase ás prescricións establecidas legal e regulamentariamente e, en todo caso, de conformidade con procedementos documentados.

Artigo 93. *Persoal inspector*

1. No exercicio das súas funcións, o persoal da administración pública que realiza funcións inspectoras ten a consideración de axente da autoridade e poderá solicitar a colaboración de calquera administración pública, das organizacións profesionais e das organizacións de consumidores. Así mesmo, poderá solicitar a axuda que precise das forzas e corpos de seguridade.

Terá esa mesma consideración o persoal dos consellos reguladores que estea habilitado pola consellería competente verbo da natureza do produto protexido pola denominación e realice funcións de inspección e control.

2. O persoal inspector está obrigado de modo estrito a cumprir o deber de segredo profesional. O incumprimento deste deber poderá dar lugar a responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo doutras responsabilidades que procedan.

3. As funcións inspectoras serán realizadas polo persoal que con esa consideración conste na relación de postos da consellería competente, así como por aqueles que, en circunstancias excepcionais debidamente motivadas, determine a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura entre o persoal expresamente habilitado da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, sen prexuízo do establecido no apartado 1 deste artigo relativo ao persoal inspector dos consellos reguladores.

4. A administración autonómica deberá velar polo mantemento da formación continuada do persoal inspector e para que a dotación de recursos da inspección sexa a adecuada á función que ten que realizar.

5. Regularase por orde da persoa titular da consellería competente en materia de agricultura o sistema de acreditación do persoal inspector de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria.

Asemade, a habilitación do persoal inspector dos consellos reguladores será regulada por orde da persoa titular da consellería competente en función da natureza do produto do que se trate.

Artigo 94. *Valor probatorio das actas de inspección*

De conformidade co disposto no artigo 77.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os feitos constatados polo persoal inspector que se formalicen na acta terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.

Artigo 95. *Colaboración nas funcións inspectoras*

1. No exercicio das funcións de inspección alimentaria poderá solicitarse o apoio, auxilio e colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade competentes, que manterán sempre deberes de segredo profesional.

2. Mediante convenios ou outros instrumentos de cooperación fixaranse formas de colaboración entre a inspección alimentaria e as Forzas e Corpos de Seguridade e estableceranse protocolos de coordinación, formación e de desenvolvemento de actuacións conxuntas para a comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de calidade alimentaria.

3. Os feitos comprobados directamente polos funcionarios que exerzan a condición de autoridade contidos en comunicacións que se formulen en execución do establecido nos convenios ou instrumentos indicados no parágrafo anterior, tras a súa valoración e cualificación polos servizos de inspección alimentaria, poderán ser aducidos como proba nos procedementos iniciados por esta e serán tidos por certos, agás proba en contrario das persoas interesadas.

CAPÍTULO II

Medidas cautelares e preventivas

Artigo 96. *Adopción*

1. Naqueles supostos nos que existan claros indicios de infracción en materia de calidade e conformidade da produción e a comercialización alimentarias, a persoa inspectora, nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar motivadamente as medidas cautelares ou preventivas que coide oportunas, sen prexuízo das que poidan acordar os órganos competentes para incoar, instruír ou resolver o procedemento.

2. As medidas cautelares que adopte a persoa inspectora faranse constar na acta correspondente, así como os motivos da súa adopción.

3. De adoptarse as medidas cautelares antes da iniciación do procedemento sancionador, no acto de notificación destas fixarase un prazo máximo de audiencia á persoa interesada de tres días hábiles.

As medidas cautelares deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes á súa adopción.

En todo caso, as devanditas medidas quedarán sen efecto de non iniciarse o procedemento no citado prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca delas.

4. En calquera caso, as medidas cautelares deberán ser proporcionadas á irregularidade detectada e manterse o tempo estritamente necesario para a realización das dilixencias oportunas ou, no suposto de que a non conformidade sexa corrixible, polo tempo necesario para a eliminación do feito que motivou a actuación, o que deberá ser verificado polo persoal que realiza funcións inspectoras.

Estas medidas poderán ser alzadas ou modificadas, de oficio ou por instancia de parte, durante a tramitación do procedemento, e extinguiranse coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

5. En particular, as medidas cautelares poderanse adoptar nos seguintes supostos:

a) Cando se vulneren de forma xeneralizada os lexítimos intereses económicos e sociais do sector alimentario.

b) Cando se usen de xeito inadecuado os nomes protexidos polas denominacións xeográficas e outras figuras de protección da calidade diferenciada ou outras indicacións falsas que non correspondan ao produto ou induzan a erro ou confusión.

c) Cando exista fraude, adulteración ou prácticas non permitidas nos produtos alimentarios ou nas materias e os elementos para a produción e a comercialización.

d) Se se comproba que se transportan ou comercializan produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias sen o preceptivo documento de acompañamento ou que este contén indicacións falsas, erróneas ou incompletas.

e) Cando existan indicios de risco para a saúde e a seguridade das persoas. Neste caso daráselles coñecemento inmediato ás autoridades sanitarias.

Artigo 97. *Tipos de medidas cautelares*

1. As medidas cautelares consistirán nunha ou en varias das seguintes actuacións:

a) A inmobilización de produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias.

b) O control previo dos produtos que se pretenden comercializar.

c) A paralización dos vehículos nos que se transportan produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias.

d) A retirada do mercado de produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias.

e) A suspensión temporal do funcionamento dunha área, un elemento ou unha actividade do establecemento inspeccionado.

f) A suspensión provisional da comercialización, a compra ou a adquisición de produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias.

2. A autoridade competente para iniciar o procedemento sancionador poderá acordar, sen carácter de sanción, a clausura ou peche temporal de empresas, instalacións, locais, ou medios de transporte que non conten con autorización ou coa inscrición nos rexistros preceptivos, ou que non teñan realizado as preceptivas comunicacións ou declaracións responsables, ata que se solucionen os defectos ou se cumpran os requisitos esixidos para elas.

3. Sen prexuízo do establecido nos puntos 1 e 2 deste artigo, para operadores inscritos en rexistros de denominacións xeográficas ou outras figuras de protección da calidade diferenciada, a medida cautelar poderá consistir tamén na suspensión temporal do dereito ao uso da denominación, da marca ou do elemento identificador do que se trate.

4. Cando a presunta infracción detectada fose imputable a unha entidade de control e certificación, poderase acordar a suspensión cautelar da citada entidade e establecerase o sistema de control aplicable en tanto se substancia o procedemento sancionador.

5. As medidas cautelares poderán ser obxecto de recurso de alzada e posterior recurso contencioso-administrativo.

6. Os gastos xerados pola adopción das medidas cautelares serán por conta da persoa responsable da infracción ou da titular de dereitos sobre a mercadoría.

Artigo 98. *Destino dos produtos sometidos á inmobilización cautelar*

1. Se o órgano competente para iniciar o procedemento sancionador confirma a inmobilización cautelar que prevé o artigo anterior, este comunicaralle no acordo de incoación á persoa responsable ou á titular de dereitos sobre as mercadorías inmobilizadas que dispón dun prazo de quince días para optar por algunha das seguintes operacións, en función dos supostos que motivaron a adopción da medida cautelar:

a) Regularizar e corrixir a non conformidade das mercadorías, coa súa adaptación á normativa mediante a aplicación de prácticas ou tratamentos autorizados.

b) Regularizar e corrixir a non conformidade das mercadorías, coa adaptación da súa etiquetaxe e presentación á normativa aplicable.

c) Destinar as mercadorías a outros sectores diferentes do alimentario, en particular para uso industrial, con exclusión da alimentación humana ou animal, segundo corresponda.

d) Reexpedir ou retornar as mercadorías ao seu lugar de orixe.

e) Destruír as mercadorías ou mantelas en depósito, en tanto non se resolva o procedemento sancionador.

2. Con anterioridade á confirmación da inmobilización cautelar, a persoa responsable ou a titular de dereitos sobre as mercadorías inmobilizadas poderase dirixir ao órgano competente para iniciar o procedemento, co obxecto de que lle faciliten as opcións ás que pode optar respecto delas.

O órgano competente, mediante resolución motivada, comunicará as opcións que procedan de entre as especificadas no apartado 1 deste artigo.

3. A execución das opcións ás que fan referencia os apartados 1 e 2 deste artigo deberá ser verificada polo persoal inspector da consellería competente en materia de agricultura.

4. Na resolución motivada á que fai referencia o apartado anterior ou no acordo de incoación, de ser o caso, o órgano competente decidirá subsidiariamente o destino das mercadorías inmobilizadas para o suposto de que a persoa responsable ou a titular destas non opte, no prazo outorgado para o efecto, por ningunha das especificadas singularmente.

5. O órgano competente poderá ordenar o levantamento da medida cautelar de constatarse que as mercadorías inmobilizadas foron regularizadas ou que se lles deu un dos destinos especificados singularmente, sen prexuízo da sanción que puidese, de ser o caso, corresponder.

6. Os gastos xerados por estas operacións serán por conta do responsable ou titular de dereitos sobre as mercadorías

Artigo 99. *Medidas cautelares respecto de produtos perecedoiros*

No caso de produtos alimentarios de difícil conservación no seu estado inicial ou de produtos perecedoiros, a xefatura territorial correspondente da consellería competente de acordo co establecido no artigo 103.2 desta lei poderá ordenar a venda en poxa pública do produto retido. O importe da venda depositarase nunha conta á disposición da devandita xefatura territorial. Cando na resolución se indicase a inexistencia de infracción, devolveráselle o produto ao interesado ou o seu valor no caso deter sido poxado.

Artigo 100. *Multas coercitivas*

No suposto de que a persoa operadora alimentaria non realice as actividades ordenadas pola inspección ou non aplique as medidas cautelares que se lle impoñan, o órgano competente para confirmar a medida cautelar poderá impor multas coercitivas de ata 3.000 euros cunha periodicidade de tres meses ata o cumprimento total das obrigas impostas.

Artigo 101. *Requirimento de rectificación e paralización provisional de canais*

De acordo coa normativa comunitaria, nos casos nos que se produza un erro na categoría, conformación ou estado de engrasamento na clasificación de canais, o persoal inspector poderá requirir ao axente económico para que rectifique o dito erro no marcado da canal e nos documentos de acompañamento outorgándolle un prazo para iso.

O persoal inspector poderá paralizar provisionalmente a comercialización destas canais ata que se realice a dita rectificación. No caso de non rectificar o dito erro, o órgano competente iniciará o correspondente procedemento sancionador.

CAPÍTULO III

Normas comúns en materia sancionadora

Artigo 102. *Atribución da potestade sancionadora*

1. Corresponde á administración da Comunidade Autónoma de Galicia a potestade sancionadora en materia da calidade e conformidade da produción e comercialización alimentarias, a cal será exercida polos órganos administrativos que a teñan atribuída.

2. O órgano competente para resolver, logo da tramitación do correspondente procedemento, sancionará as infraccións en materia de calidade e conformidade da produción e comercialización alimentarias detectadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 103. *Principios xerais*

1. Constituirá infracción administrativa o incumprimento do disposto na lexislación alimentaria de aplicación que recolle a normativa de calidade alimentaria de obrigado cumprimento ditada polas administracións competentes en cada sector e a normativa xeral aplicable en materia de calidade alimentaria, así como o incumprimento do disposto nesta lei, na normativa comunitaria e nas disposicións de desenvolvemento en materia de calidade diferenciada.

As infraccións administrativas cualificaranse como leves, graves ou moi graves.

2. O exercicio da potestade sancionadora en execución do disposto nesta lei corresponderá á consellería competente en materia de agricultura, que a exercerá

mediante os órganos administrativos que a teñan atribuída consonte esta lei e cos principios establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como co resto de disposicións que sexan aplicables. Exceptúase desta previsión a potestade sancionadora relativa ás infraccións en materia de denominacións xeográficas de calidade do ámbito dos produtos alimentarios de orixe mariña, que corresponderá á consellería competente en materia de pesca.

3. Cando os órganos competentes en materia de control da calidade alimentaria, no exercicio das súas funcións de control oficial aprecien que puidesen existir riscos para a saúde das persoas, a sanidade animal ou vexetal, incluído o material de reprodución vexetal, o medio ambiente ou un incumprimento da lexislación en materia de consumo, trasladarán a parte correspondente das actuacións ás autoridades competentes.

Artigo 104. *Concorrencia de infraccións*

Cando concorran dúas ou máis infraccións imputables polos mesmos feitos a un mesmo suxeito, e algunha delas sexa medio necesario para cometer outra, impoñerase como sanción conxunta a correspondente á infracción máis grave.

Artigo 105. *Vinculación coa orde xurisdicional penal*

O réxime de infraccións e sancións establecido nesta lei enténdese sen prexuízo de que os feitos poidan ser constitutivos de ilícito penal; nestes casos dispoñerase a suspensión do procedemento sancionador, no caso de estar iniciado, e darase traslado das actuacións á xurisdición competente.

Artigo 106. *Responsabilidade polas infraccións*

1. Serán responsables das infraccións administrativas reguladas neste título as persoas físicas e xurídicas que, por acción ou omisión, incorran nos supostos tipificados como infraccións administrativas nesta lei, sen prexuízo da responsabilidade esixible en vía penal, civil ou doutra orde na que poidan incorrer.

2. Cando a responsable fose unha persoa xurídica, serán responsables os/as administradores/as, xestores/as, responsables, promotores/as, membros, socios/as ou liquidadores/as das devanditas entidades que incumpran as obrigas impostas pola lei que leven o deber de previr a infracción cometida por aqueles.

3. Cando non fose posible determinar o grao de participación das distintas persoas que interviñesen na comisión da infracción, a responsabilidade será solidaria.

4. Das infraccións en produtos envasados serán responsables as firmas ou razóns sociais que figuren na etiqueta, ben nominalmente ou ben mediante calquera indicación que permita a súa identificación certa. Exceptúanse os casos en que se demostre falsificación ou mala conservación do produto polo posuidor, sempre que se especifiquen na etiquetaxe as condicións de conservación. Tamén se exceptúan os

casos nos que se demostre que o operador que figura na etiqueta actuou coa dilixencia debida e se comprobe a responsabilidade doutro operador distinto.

Así mesmo, será responsable solidaria a persoa elaboradora, fabricante ou envasadora e a distribuidora que non figure na etiqueta se se proba que coñecía a infracción cometida e que prestou o seu consentimento. No caso de que se falsificasen ou se utilizasen de maneira fraudulenta as etiquetas e contraetiquetas, a responsabilidade corresponderá á persoa falsificadora e ás persoas que comercialicen os produtos obxecto da falsificación.

5. Das infraccións en produtos a granel ou envasados sen etiqueta, ou cando na etiqueta non figure ningunha firma ou razón social, será responsable a persoa posuidora, agás cando se poida identificar de maneira certa a responsabilidade dunha posuidora anterior, sen prexuízo da responsabilidade que corresponda á actual posuidora, incluída a distribuidora.

6. Das infraccións cometidas polas entidades de entidades de control e certificación serán responsables subsidiariamente os administradores ou titulares destas que non realizasen os actos necesarios que fosen da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas infrinxidas, consentiren o incumprimento por quen deles dependan ou adoptaren acordos que fixesen posibles tales infraccións.

7. Así mesmo, serán responsables subsidiariamente os técnicos e técnicas responsables da elaboración dos produtos alimentarios ou do seu control, respecto das infraccións directamente relacionadas coa súa actividade profesional.

CAPÍTULO IV

Infraccións en materia de calidade alimentaria

Artigo 107. *Infraccións leves*

1. Constitúen infraccións leves en materia de calidade alimentaria estándar as seguintes:

a) Non presentar o certificado acreditativo dos rexistros administrativos obrigatorios ou a non exhibición da documentación nos locais na forma establecida regulamentariamente.

b) Non estar inscrita unha industria agraria no Rexistro Industrial de Galicia.

c) Non comunicar ou inscribir as modificacións dos datos xa declarados das explotacións e industrias agrarias e alimentarias, particularmente as relativas ás ampliacións ou reducións substanciais, traslado, cambio de titularidade, cambio de domicilio social ou peche.

d) Non presentar dentro dos prazos marcados as declaracións establecidas na normativa alimentaria ou a súa presentación defectuosa, sempre e cando estes

defectos non afecten á natureza, á calidade, ás características, á composición ou á procedencia ou á orixe do produto, sen prexuízo do establecido na letra h) do artigo 108.1.

e) A falta de habilitación ou autorización para levar os rexistros cando este trámite sexa preceptivo.

f) Ausencia de validación ou autenticación cando este trámite sexa obrigatorio nos documentos de acompañamento ou documentos comerciais.

g) Calquera inexactitude ou erro en rexistros, documentos ou declaracións establecidas na normativa alimentaria cando a diferenza entre a cantidade consignada e a correcta non pase nun 15 por cento desta última e iso non afecte á natureza, á calidade, ás características, á composición, á procedencia ou á orixe dos produtos.

h) Non ter actualizados os rexistros, cando non transcorrese máis dun mes desde a data en que houbo de practicarse o primeiro asento non reflectido, sempre que os asentos non rexistrados poidan xustificarse mediante outra documentación.

i) Calquera aplicación de tratamentos, prácticas ou procesos de forma diferente á establecida, sempre que non afecten a composición, definición, identidade, natureza, características ou calidade dos produtos alimentarios ou as materias ou elementos para a produción alimentaria e que non entrañen riscos para a saúde.

j) Non ter identificados os depósitos, silos, colectores e calquera clase de envase de produtos a granel ou a súa identificación de forma non clara ou sen marcado indeleble e inequívoco e, de ser o caso, non indicar o volume nominal ou outras indicacións contempladas na normativa de aplicación.

k) Non dispoñer dun sistema de rexistro e tratamento das reclamacións e de retirada de produtos non conformes.

l) A discrepancia entre as características reais do produto alimentario ou a materia ou elemento para a produción e comercialización alimentarias e as que ofreza o operador alimentario, cando se refiran a parámetros ou elementos cuxo contido estivese limitado pola regulamentación de aplicación e o seu exceso ou defecto non afecte á propia natureza, identidade, definición regulamentaria, calidade, designación ou denominación do produto, ou cando as diferenzas non superen o dobre da tolerancia admitida regulamentariamente para o parámetro ou elemento de que se trate.

m) Calquera inexactitude, erro ou omisión de datos ou informacións na etiquetaxe, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rexistros, rotulación, presentación e embalaxe dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias, cando estas inexactitudes, erros ou omisións non se refiren a indicacións obrigatorias ou non afecten a súa natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe.

n) Incumprir as medidas cautelares, sempre que se trate dun incumprimento meramente formal, non tipificado como grave.

o) A subministración incompleta de información ou documentación necesarias para as funcións de inspección e control administrativo.

p) Non denunciar á autoridade competente calquera forma de fraude, alteración, adulteración, abuso ou neglixencia que prexudique ou poña en perigo a calidade dos produtos, a protección do consumidor ou os intereses xerais, económicos ou sociais do sector alimentario.

q) En xeral, o incumprimento das instrucións que sobre a súa actividade emanen das administracións competentes en materia de defensa da calidade da produción alimentaria e dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidas nas normas relacionadas coa produción e comercialización alimentarias, incluído o transporte, sempre que se trate de infraccións meramente formais non previstas nos artigos seguintes.

2. En materia de calidade diferenciada considerararanse infraccións leves, ademais das anteriores:

a) Non comunicar ao órgano de xestión e ou ao órgano de control da figura de protección da calidade diferenciada calquera variación nos datos facilitados ao comezo da actividade cando non transcorrese máis dun mes desde o prazo fixado na normativa de aplicación.

b) Calquera inexactitude ou erro en rexistros, documentos ou declaracións cando a diferenza entre a cantidade consignada e a correcta non supere nun 5 por cento a esta última e iso non afecte á natureza, á calidade, ás características, á composición, á procedencia ou á orixe dos produtos.

c) O incumprimento das obrigas adicionais ás xerais de calquera operador que establezan as normas reguladoras das denominacións xeográficas ou outras figuras de protección da calidade diferenciada, en materia de declaracións, libros de rexistro, documentos de acompañamento e outros documentos de control que non afecten ao control ou á natureza, á calidade, ás características, á composición, á procedencia ou á orixe dos produtos.

d) Non cumprir cos acordos e decisións que a consellería competente ou, de ser o caso, o consello regulador, adopten no exercicio das funcións que teñan atribuídas de xestión da figura de protección da calidade diferenciada correspondente.

e) A expresión en forma distinta á indicada nas disposicións que regulen a figura de protección da calidade diferenciada, de indicacións obrigatorias ou facultativas na etiquetaxe ou na presentación dos produtos, así como a reprodución de forma distinta á indicada dos símbolos identificativos da Unión Europea ou calquera outro símbolo asociado a unha figura de protección da calidade diferenciada, sempre e cando esta

expresión en forma distinta non afecte a súa natureza, á identidade, á calidade, ás características, á composición, á procedencia ou á orixe do produto.

f) Non facilitar a información que a consellería competente ou, de ser o caso, o consello regulador correspondente requira no exercicio da súa función de xestión, en especial no referente ás etiquetas cando se teñan establecido requisitos mínimos que deban cumprir estas.

3. En materia de control de clasificación de canais consideraranse infraccións leves, ademais das anteriores:

a) Levar a cabo a preparación da canal dun xeito diferente a calquera das permitidas segundo a normativa específica.

b) Utilizar, na preparación das canais, presentacións diferentes ás permitidas pola normativa específica.

c) Non informar ao provedor dos animais e, de ser o caso, á persoa titular da explotación gandeira se así o solicita, do resultado da clasificación coas mencións legalmente establecidas, ou facelo incompleta ou incorrectamente.

d) A concorrencia de erros reiterados á hora de determinar o peso ou a clasificación da canal, entendéndose como tal cando afecten a todas as canais inspeccionadas.

e) Nos casos nos que sexa preciso dispor de persoal clasificador, que o dito persoal teña caducada a súa autorización conforme á normativa vixente.

No caso da clasificación automatizada, non ter actualizados os métodos dos equipos de clasificación conforme á normativa vixente.

4. As entidades de control e certificación incorrerán nunha infracción leve nos seguintes casos:

a) Non comunicar á autoridade competente, dentro dos prazos establecidos regulamentariamente, a información pertinente relativa ás súas actuacións, organización e operadores suxeitos ao seu control.

b) A demora inxustificada, por tempo igual ou inferior a un mes, na realización das comprobacións solicitadas pola autoridade competente.

c) Emitir informes acerca das súas actuacións ou ensaios cuxo contido non estea baseado en observacións directas e circunstanciadas, recollidas por escrito e subscritas por unha persoa adecuadamente identificada.

d) Apartarse de forma inxustificada do establecido nos seus propios procedementos de actuación.

Artigo 108. *Infraccións graves*

1. Constitúen infraccións graves en materia de calidade alimentaria estándar as seguintes:

a) O exercicio de actividades relacionadas con calquera das etapas da produción, transformación ou comercialización de produtos alimentarios ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias sen estar autorizados e, de ser o caso, debidamente rexistrados, ou cando as actividades non estean contempladas na mencionada autorización ou esta fose cancelada, así como o incumprimento das cláusulas da autorización.

Así mesmo, a falta de inscrición dos produtos ou materias e elementos para a produción e a comercialización alimentarias na forma que para cada un deles se estableceu.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 107.1.b) desta lei.

b) A falta de autorización para empregar indicacións na etiquetaxe, rexistros, rotulación, presentación e embalaxes ou cando as indicacións que consten non fosen as autorizadas, nos supostos nos que a dita autorización sexa preceptiva.

c) A validación ou autenticación dos documentos de acompañamento ou documentos comerciais sen ter a autorización do órgano competente.

d) A tenza ou venda de produtos a granel sen ter a autorización para iso, así como a de substancias non autorizadas pola lexislación específica de aplicación ou para as que se carece de autorización para a súa posesión ou venda.

e) A falta de rexistros, libros de rexistro comerciais, talonarios matrices de facturas de venda ou outros documentos establecidos polas disposicións vixentes, ou a falta de lexibilidade ou comprensibilidade da información que constase na dita documentación.

f) Non ter realizada unha anotación nos rexistros cando transcorrese máis dun mes desde a data en que regulamentariamente houbo de practicarse ou cando, sen ter transcorrido este período de tempo, os asentos non rexistrados non poidan xustificarse mediante outra documentación.

g) Calquera inexactitude ou erro nos rexistros, documentos ou declaracións establecidas na normativa alimentaria cando a diferenza entre a cantidade consignada e a correcta supere nun 15 por cento a esta última ou cando, sen superala, afecte á natureza, calidade, características, composición, procedencia ou orixe dos produtos.

h) Non presentar as declaracións esixidas pola normativa alimentaria ou a súa presentación defectuosa, cando estes defectos afecten á natureza, á calidade, ás características, á composición ou á procedencia ou orixe dos produtos consignados,

así como presentar fóra de prazo as declaracións relacionadas coa execución de prácticas de elaboración e tratamento de determinados produtos.

i) Non ter a disposición, sen causa xustificada, a documentación dos rexistros, cando fose requirida para o seu control en actos de inspección.

j) A modificación da verdadeira identidade dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias mediante a falsificación dos datos ou documentos que servisen para identificalos.

k) Non conservar durante o período regulamentariamente establecido os rexistros, os documentos de acompañamento de produtos expedidos e recibidos e calquera outra documentación que sexa preceptiva segundo a actividade exercida polo operador.

l) A posesión de maquinaria ou equipos para a realización de prácticas non permitidas para a actividade que se desenvolve nas dependencias da empresa.

m) A aplicación de calquera tratamento, práctica ou proceso que non estean autorizados pola normativa vixente ou de maneira diferente á establecida, a utilización de materias primas que non reúnan os requisitos mínimos de calidade establecidos na normativa vixente ou a adición ou subtracción de substancias ou elementos, cando calquera destas operacións afecten á composición, definición, identidade, natureza, características ou calidade dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias, e sempre que o produto final non se considere unha falsificación.

n) Inducir a confusión ou engano no que concirne a produtos alimentarios ou materias primas ou ingredientes ou calquera outra substancia para a elaboración e a comercialización alimentarias, así como expedilos, ou comercializalos, mesmo no caso de que o engano sexa coñecido polas persoas receptoras, compradoras ou consumidoras.

o) O depósito de produtos non identificados en calquera instalación ou medio de transporte.

p) Non ter ou non levar un sistema de autocontrol e de rastrexabilidade interna ou non dispoñer dalgún dos elementos regulamentarios no sistema de aseguranza da rastrexabilidade, como a identidade dos subministradores e receptores de produtos, así como a identificación, os rexistros e a documentación de acompañamento dos produtos, ou non ter sistemas e procedementos de autocontrol e rastrexabilidade suficientes, comprensibles e actualizados.

q) A imposibilidade de correlacionar os produtos que hai nas instalacións coas características principais destes produtos que constan nos rexistros e documentación de acompañamento ou, de ser o caso, documentación comercial, así como que non consten as entradas e saídas dos produtos, nin as manipulacións, tratamentos e prácticas que sufriron.

r) As defraudacións nas características dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias, particularmente as relativas á identidade, natureza, especie, composición, contido, designación, definición regulamentaria, calidade, riqueza, peso, volume ou cantidade, exceso de humidade, contido en principios útiles, aptitude para o uso ou calquera outra discrepancia que exista entre as características reais do produto alimentario ou a materia ou elemento para a produción e a comercialización alimentarias de que se trate e as que ofreza a persoa operadora alimentaria, que non estean comprendidas no suposto do artigo 107.1.i).

s) A imposibilidade de demostrar a exactitude e veracidade das informacións que consten na etiquetaxe, documentos de acompañamento ou documentos comerciais, así como dos produtos utilizados na súa produción ou transformación.

t) A comercialización de produtos ou materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias sen a etiquetaxe correspondente, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rotulación, presentación, embalaxes, envases ou recipientes que sexan preceptivos, ou ben que a información que conteñan induza a engano ou erro ás persoas receptoras ou consumidoras.

u) Calquera inexactitude, erro ou omisión de datos ou informacións na etiquetaxe, documentos de acompañamento, documentos comerciais, rexistros, rotulación, presentación e embalaxes, se esas inexactitudes, erros ou omisións se refiren a indicacións obrigatorias e afectan á natureza, identidade, calidade, características, composición, procedencia ou orixe dos produtos.

v) A omisión na etiquetaxe do nome ou a razón social do operador responsable da información alimentaria.

w) A utilización na etiquetaxe, envases, embalaxes, presentación, oferta, publicidade dos produtos alimentarios ou as materias e elementos para a produción e comercialización alimentarias de indicacións, razóns sociais, nomes ou denominacións comerciais, expresións, signos, marcas, símbolos, emblemas, denominacións, designacións, cualificacións, clases de produto, indicacións de orixe ou procedencia, indicacións sobre o sistema de produción ou elaboración que:

1.º Non correspondan ao produto e/ou que, pola súa similitude fonética, gráfica ou ortográfica, poidan inducir a confusión, aínda que vaian precedidos polos termos «tipo», «estilo», «xénero», «imitación», «sucedáneo» ou outros análogos.

2.º Non correspondan á verdadeira identidade da persoa operadora.

3.º Non correspondan ao verdadeiro lugar de produción, fabricación, elaboración, envasado, comercialización ou distribución.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 109.1.g).

x) Non introducir nas etiquetas e presentación dos produtos alimentarios os elementos suficientes para diferenciar claramente a súa cualificación e procedencia, para evitar a confusión nas persoas consumidoras, derivada da utilización dunha mesma marca, nome comercial ou razón social na comercialización de produtos incluídos nunha determinada denominación xeográfica ou outra figura de protección da calidade diferenciada e noutros que non o están.

y) A negativa ou resistencia a subministrar datos ou a facilitar a información requirida polos órganos competentes ou os seus axentes para o cumprimento das funcións de información, vixilancia, investigación, inspección, tramitación e execución nas materias a que se refire esta lei, así como subministrar información inexacta ou documentación falsa, e entre elas as accións seguintes:

1.º Non xustificar as verificacións ou controis efectuados sobre os produtos postos en circulación.

2.º Non achegar a documentación, datos e información solicitada polo persoal que realiza funcións inspectoras no momento da realización da inspección ou non achegar a documentación requirida no prazo sinalado.

z) A dilación inxustificada para permitir o acceso ás instalacións da persoa operadora aos axentes da inspección para a realización dos controis ou actuacións oficiais.

aa) A desconsideración e o trato irrespectuoso ao persoal que realiza o control oficial.

bb) A manipulación, comercialización, compra, adquisición ou disposición en calquera forma, sen contar coa autorización do órgano competente, de mercadorías intervidas cautelarmente, así como mobilizar os vehículos paralizados cautelarmente ou poñer en funcionamento unha área, un elemento ou unha actividade do establecemento cautelarmente suspendido, sempre e cando calquera de todas estas actuacións non entrañe riscos sanitarios nin afecte a produtos falsificados.

2. Constitúen infraccións graves en materia de calidade diferenciada, ademais das anteriores, as seguintes:

a) A expedición, comercialización ou circulación de produtos amparados por unha figura de protección da calidade diferenciada ou as súas materias primas sen estar provistos das contraetiquetas, precintos numerados ou calquera outro medio de control establecido para o réxime de calidade correspondente.

b) Calquera inexactitude ou erro en rexistros e documentos de acompañamento e declaracións cando a diferencia entre a cantidade consignada e a correcta supere nun cinco por cento a esta última.

c) O incumprimento das normas específicas da figura de protección da calidade diferenciada ou dos acordos da autoridade competente ou, de ser o caso, dos

consellos reguladores, sobre prácticas de produción, elaboración, transformación, conservación, transporte, acondicionamento, etiquetaxe, envasado, presentación e características dos produtos amparados.

d) Non introducir nas etiquetas e presentación dos produtos elementos suficientes para diferenciar de maneira sinxela e clara a súa cualificación e procedencia, e para evitar, en todo caso, a confusión das persoas consumidoras.

e) A indebida tenza, negociación ou utilización dos documentos, etiquetas, contraetiquetas, precintas e outros elementos de identificación propios da figura de protección da calidade diferenciada, sempre que isto non sexa constitutivo de delito ou falta.

3. En materia de control da clasificación de canais considerаranse infraccións graves, as seguintes:

a) Non levar a cabo a clasificación de canais nos casos en que esta sexa obrigatoria.

b) Nos casos nos que sexa preciso dispor de persoal clasificador, que o dito persoal non estea autorizado conforme á normativa vixente. No caso da clasificación automatizada, non dispoñer de equipos de clasificación autorizados conforme á normativa vixente.

Todo o anterior enténdese sen prexuízo do establecido no art. 107.3.e).

c) Non marcar a canal ou non facelo segundo a normativa vixente, marcala sen indicar todas as mencións obrigatorias ou empregando unha marcaxe que poida supoñer confusión ou erro para as persoas operadoras ou consumidoras.

d) Non realizar os rexistros establecidos na normativa específica de clasificación de canais ou non conservar os rexistros sobre a clasificación de canais o tempo establecido na normativa específica ou non comunicar os rexistros e datos cando sexan preceptivos.

e) Mobilizar, sen ter realizado as modificacións pertinentes, as canais paralizadas preventivamente nos casos nos que o organismo responsable do control sobre o terreo solicite ao axente económico que rectifique o dito erro no marcado da canal e nos documentos correspondentes.

4. As entidades de control e certificación incorrerán nunha infracción grave nos seguintes casos:

a) Exercer a actividade delegada de control e certificación cando se deixou de cumprir cos requisitos esixidos para iso.

b) A expedición de certificados ou informes cuxo contido non se axuste á realidade dos feitos.

c) A realización de controis, inspeccións, ensaios ou probas de forma incompleta ou con resultados inexactos por unha insuficiente constatación dos feitos ou pola deficiente aplicación de normas técnicas.

d) O atraso superior a un mes na presentación ante a autoridade competente da información ou documentación á que estivesen obrigados por disposición legal.

Artigo 109. *Infraccións moi graves*

1. Constitúen infraccións moi graves en materia de calidade alimentaria estándar as seguintes:

a) As infraccións graves que, en todo ou en parte, sexan concorrentes con infraccións graves á normativa sanitaria ou que servisen para facilitar ou encubrir estas.

b) As infraccións graves que supoñan a extensión da alteración, adulteración, falsificación ou fraude a realizar por terceiros a quen se facilita a substancia, medios ou procedementos para realizalos, encubrilos ou enmascaralos.

c) A negativa á actuación dos servizos públicos de inspección, como non permitir o acceso aos locais, instalacións ou medios de transporte, ou non permitir que se tomen mostras ou realicen outro tipo de controis sobre os produtos.

d) Os insultos, as coaccións, ameazas, inxurias, represalias, agresións ou calquera outra forma de presión ao persoal da administración e dos consellos reguladores que realiza funcións de inspección e ás persoas instrutoras dos expedientes sancionadores.

e) Subministrar a industrias alimentarias, a título oneroso ou gratuíto, produtos alimentarios ou materias primas, ingredientes ou substancias non permitidas ou prohibidas para a elaboración dos produtos para os cales están autorizadas as ditas industrias.

f) A falsificación de produtos ou a comercialización de produtos falsificados, sempre que non sexan constitutivas de infracción penal.

g) A utilización, cando non se teña dereito a iso, de indicacións, nomes comerciais, marcas, símbolos ou emblemas que conteñan os nomes protexidos por unha denominación xeográfica ou outras figuras de protección da calidade diferenciada, aínda que vaian acompañados dos termos «tipo», «estilo», «xénero», «imitación», «sucedáneo» ou outros análogos.

h) A manipulación, comercialización, compra, adquisición ou disposición en calquera forma, sen contar coa autorización do órgano competente, de mercadorías intervidas cautelarmente, así como mobilizar os vehículos paralizados cautelarmente ou poñer en funcionamento unha área, un elemento ou unha actividade do

establecemento suspendida cautelarmente, sempre e cando estas actuacións entrañen riscos sanitarios ou afecte a produtos falsificados.

2. En materia de calidade diferenciada consideraranse infraccións moi graves, ademais das anteriores:

a) O uso dos termos ou nomes protexidos en produtos aos que expresamente lles fora negado.

b) A produción, transformación ou elaboración dos produtos amparados por unha denominación xeográfica ou outras figuras de protección da calidade diferenciada con materias primas non permitidas na súa normativa específica.

c) A falsificación de contraetiquetas, precintas ou doutros elementos identificadores da figura de protección da calidade diferenciada, sempre que isto non sexa constitutivo de delito ou falta.

3. En materia de control da clasificación de canais considerarase infracción moi grave alterar o resultado da clasificación das canais destinadas á intervención de mercado.

4. As entidades de control e certificación incorrerán nunha infracción moi grave no caso de achegar á autoridade competente datos falsos ou no caso de non subministrar no prazo outorgado, cando fose requirida para iso, as declaracións, información ou documentación á que estivesen obrigadas.

CAPÍTULO V

Sancións

Artigo 110. *Sancións*

As sancións para impoñer pola autoridade competente no ámbito de aplicación desta lei serán:

a) As infraccións leves serán sancionadas con apercibimento ou multa de ata 4.000 euros.

b) As infraccións graves serán sancionadas con multa entre 4.001 e 150.000 euros.

c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa entre 150.001 e 3.000.000 de euros.

A sanción que se impoña en ningún caso poderá ser inferior na súa contía ao beneficio ilícito obtido pola comisión das infraccións.

Artigo 111. *Sancións accesorias*

1. Nas infraccións graves ou moi graves, o órgano competente para resolver poderá impoñer algunha das sancións accesorias seguintes:

a) O comiso de mercadorías, produtos, envases, etiquetas e demais obxectos relacionados coa infracción. Son por conta do infractor os gastos que orixinen as operacións de intervención, depósito, comiso e destrución da mercadoría.

b) Clausura temporal, parcial ou total, da empresa ou a explotación sancionada por un prazo máximo de cinco anos.

c) Cando as infraccións graves sexan cometidas por persoas operadoras acollidas a unha figura de protección da calidade diferenciada e afecten a esta, poderá impoñerse a perda temporal do dereito de uso daquela por un prazo máximo de tres anos. Se se tratase de infraccións moi graves, poderá impoñerse a perda temporal por un prazo máximo de cinco anos ou a perda definitiva de tal dereito de uso.

A perda do dereito de uso da figura de protección da calidade diferenciada supón a perda do dereito para utilizar etiquetas ou outros documentos daquela, así como a do dereito para comercializar produtos con referencia á figura na etiquetaxe ou na publicidade.

d) Suspensión temporal das funcións das entidades de control e certificación por un período máximo de dez anos.

e) Cancelación da inscrición das entidades de control e certificación no Rexistro de entidades de control e certificación de Galicia.

2. Nos casos de infraccións moi graves en materia de calidade alimentaria estándar e diferenciada, o órgano competente poderá impoñer, alén das previstas no apartado anterior, calquera das sancións accesorias establecidas na lexislación básica de defensa da calidade alimentaria, así como a posibilidade de inhabilitación para obter subvencións ou axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia por un período máximo de cinco anos.

Así mesmo, o órgano competente poderá acordar, cando estime que existen razóns de interese público e a través do procedemento que regulamentariamente se determine, a publicación no diario oficial correspondente e nos medios de comunicación social que consideren oportunos das sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves, así como os nomes e apelidos ou razón social das persoas físicas ou xurídicas responsables, unha vez que as ditas sancións adquirisen o carácter de firmes.

Artigo 112. *Graduación das sancións*

1. Para a determinación concreta da sanción que se impoña, entre as asignadas a cada tipo de infracción, tomaranse en consideración os seguintes criterios:

a) A existencia de intencionalidade ou o grao de culpabilidade.

b) A concorrencia de varias infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.

c) A natureza dos prexuízos causados; en particular, o efecto prexudicial que a infracción puidese producir sobre os intereses económicos das persoas consumidoras, os prezos, o consumo ou, de ser o caso, o prestixio das figuras de protección da calidade diferenciada.

d) O incumprimento dos apercibimentos previos.

e) A reincidencia, por comisión no termo de tres anos de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarou por resolución firme.

f) O volume de vendas ou de produción relacionado co feito infractor e a posición da empresa infractora no sector, así como o valor das mercadorías ou produtos afectados pola infracción.

g) O recoñecemento e a corrección das infraccións antes de que se resolva o correspondente procedemento sancionador.

2. A imposición das sancións pecuniarias farase de xeito que a comisión das infraccións non resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.

3. Non obstante, a contía da sanción poderá minorarse motivadamente, en atención ás circunstancias específicas do caso, cando a sanción resulte excesivamente onerosa.

4. As sancións establecidas nesta lei serán compatibles coa perda ou a retirada dos dereitos económicos regulados na normativa comunitaria, estatal ou autonómica, cuxo procedemento de reintegro se rexerá pola lexislación aplicable.

Artigo 113. *Medidas non sancionadoras*

Non terá carácter sancionador a clausura ou peche de empresas, instalacións, locais ou medios de transporte que non conten coas autorizacións ou rexistros preceptivos para o seu funcionamento.

Artigo 114. *Multas coercitivas*

1. Cando a persoa infractora non cumpra cunha obriga imposta como sanción accesoria, ou o faga dunha forma incompleta, o órgano competente para resolver o procedemento sancionador poderá impoñer multas coercitivas a fin de que se cumpra integramente a obriga establecida, cunha periodicidade de tres meses, ata o cumprimento total da sanción accesoria a que se refire, e o seu importe non poderá ser superior a 6.000 euros por cada unha delas.

2. As multas coercitivas serán independentes e compatibles coas que procedan como sanción pola infracción cometida.

3. As multas coercitivas serán esixibles polo procedemento de constrinximento

CAPÍTULO VI.

Procedemento sancionador e órganos competentes

Artigo 115. *Procedemento sancionador*

1. O procedemento sancionador será o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, coas particularidades recollidas na normativa específica de aplicación e, en todo caso, nos apartados seguintes.

2. O prazo máximo para resolver o procedemento sancionador e notificar a resolución polas infraccións establecidas nesta lei será de dezaoito meses. A falta de resolución no devandito prazo producirá a caducidade do procedemento. Poderá reabrirse este sempre que a infracción non prescribise, conservándose a toma de mostras, as análises efectuadas, así como os actos, documentos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non caducar o procedemento anterior; e sen que iso afecte ao prazo de caducidade do apartado 3.

3. Caducará a acción para perseguir infraccións cando, coñecida pola Administración a existencia dunha infracción e rematadas as dilixencias dirixidas ao esclarecemento dos feitos, transcorrese máis dun ano sen que a autoridade competente tivese ordenado incoar ningún procedemento en relación coa infracción. Para estes efectos, cando exista toma de mostras, as actuacións da inspección entenderanse rematadas despois da comunicación dos datos analíticos ao órgano competente para informar as actuacións.

4. As infraccións moi graves prescribirán aos seis anos, as graves aos catro anos, e as leves aos dous anos, contados desde o día en que a infracción se cometese.

Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, este prazo computarase desde que estes se manifesten.

5. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos seis anos, as impostas por infraccións graves aos catro anos e as impostas por infraccións leves aos dous anos, contados desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Artigo 116. *Órganos competentes en materia sancionadora*

1. O procedemento sancionador iniciarao á persoa titular da xefatura territorial correspondente da consellería competente de acordo co establecido no artigo 103.2.

En particular, desde o punto de vista territorial, o órgano competente para incoar os expedientes sancionadores será a persoa titular da xefatura territorial onde o operador teña o seu domicilio ou razón social, agás no suposto de que teña o seu domicilio fóra da comunidade autónoma; neste caso a incoación realizaraa a persoa titular da xefatura territorial do ámbito xeográfico onde se tivese detectado a infracción.

2. Serán competentes para a imposición de sancións os seguintes órganos:

a) A persoa titular da Xefatura Territorial correspondente, no caso de infraccións leves.

b) A persoa titular da dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no caso de infraccións graves, excepto no caso das infraccións graves relativas a incumprimentos relacionados con figuras de protección da calidade diferenciada do ámbito dos produtos mariños, para as que será competente a persoa titular da dirección xeral con competencias en comercialización pesqueira.

c) A persoa titular da consellería competente en materia de agricultura ou de pesca, segundo cal sexa o obxecto do procedemento sancionador, no caso de infraccións moi graves.

Disposición adicional primeira. *Colaboración interadministrativa*

Os organismos e departamentos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan competencias en materia de agricultura e calidade alimentaria, de pesca, de consumo, saúde pública, de medio ambiente e de turismo deben establecer protocolos de coordinación cos obxectivos de garantir o desenvolvemento correcto desta lei, de incrementar a efectividade dos controis esixidos pola lexislación e de avanzar cara á simplificación administrativa.

Disposición adicional segunda. *Constitución dos órganos colexiados creados na lei*

No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei aprobaranse mediante decreto os regulamentos de desenvolvemento do Consello Alimentario de Galicia e da Mesa da Calidade Diferenciada de Galicia.

Disposición transitoria primeira. *Procedementos anteriores*

Os procedementos incoados antes da entrada en vigor desta lei séguense tramitando consonte o establecido pola normativa anterior.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos consellos reguladores ao novo marco legal*

1. No prazo de seis meses seguintes á entrada en vigor desta lei, aprobarase o desenvolvemento regulamentario previsto no Capítulo II do Título IV.

2. Os consellos reguladores existentes no momento da entrada en vigor desta lei deberán adecuarse ao disposto nela e no seu desenvolvemento regulamentario no prazo de tres anos dende a aprobación do dito desenvolvemento. Transcorrido este prazo sen que o consello regulador se adapte ás disposicións desta normativa, entenderase automaticamente revogada a autorización e procederase á disolución e á liquidación do consello regulador.

Non obstante o establecido no artigo 48, para estes consellos reguladores o requisito para a súa adaptación ao contemplado nesta lei será a presentación dos correspondentes estatutos e a acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos na letra c) do apartado 1 do dito artigo.

Así mesmo, para aqueles consellos reguladores do ámbito agroalimentario existentes no momento da entrada en vigor desta lei que no ano inmediatamente anterior tiveran un valor da produción certificada inferior ao importe establecido no artigo 48.2 desta lei, e durante ese período de tres anos, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria poderá prestaralles o apoio e o asesoramento necesario para o cumprimento dos requisitos aos que se refire o artigo 48 e para o cumprimento das funcións e obrigas que se lles asignan nos artigos 51 e 52, en orde a facilitar a súa transición á nova regulación que establece esta lei.

3. Sen prexuízo do período transitorio establecido no apartado precedente, calquera dos consellos reguladores legalmente constituídos no momento da entrada en vigor desta lei poderá presentar ante a consellería competente a solicitude da súa disolución e liquidación.

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei. En particular, queda derrogada a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario*

Facúltase ao Consello de Goberno para pronunciar cuantos actos e disposicións regulamentarias sexan necesarios para o desenvolvemento desta lei, sen prexuízo das habilitacións expresas de desenvolvemento e execución que esta lei establece a favor do departamento competente en materia de agricultura.

Disposición derradeira segunda. *Actualizacións, importes, sancións e penalizacións*

Facúltase ao Goberno para actualizar, mediante un decreto, o importe das sancións e penalizacións establecidas por esta lei.

Disposición derradeira terceira. *Remisións regulamentarias relativas á artesanía alimentaria*

As remisións regulamentarias realizadas no Capítulo V do Título III considéraranse feitas ao Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria ou norma que o substitúa.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.